



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 141

Sesión plenaria
4 de decembro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGBCyOOHH7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 33261 (10/PNP-002517)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios persoais e orzamentarios necesarios ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, coa cobertura das vacantes de persoal investigador existentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 338, do 19.07.2018

4.2 54429 (10/PNP-004029)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de Galicia respecto do cambio climático e a deterioración ambiental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

4.3 56220 (10/PNP-004156)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas da comunidade hospitalaria referidas ás deficiencias existentes en distintas especialidades e o futuro do servizo de cociña do Hospital Comarcal de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 02.10.2019

4.4 56785 (10/PNP-004192)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis

Sobre a reiteración polo Goberno galego diante do Goberno central da demanda de retirada da limitación das taxas de reposición de prazas para o sistema sanitario público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

4.5 57625 (10/PNP-004274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta aos pacientes da sanidade pública da súa intervención cirúrxica nun centro concertado, en cumprimento da Lei de garantías de prestacións sanitarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 551, do 22.10.2019



4.6 58485 (10/PNP-004353)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias que presentan as instalacións e a carencia de material didáctico axeitado no Centro Superior de Música de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

4.7 58855 (10/PNP-004375)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que se deben levar a cabo en relación co drama da emigración

Publicación da iniciativa con correccións, BOPG nº 564, do 19.11.2019

4.8 58957 (10/PNP-004382)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e trece deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria de novas poxas de enerxías renovables para o aumento da potencia eólica instalada en Galicia, así como da produción dese tipo de enerxías

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 564, do 19.11.2019

Punto 5. Interpelacións**5.1 44596 (10/INT-001471)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas pola Consellería do Mar para mellorar a seguridade nas costas tras o naufraxio do cerqueiro *Sin Querer Dos* o día 19 de decembro de 2018, así como os datos referidos ao dispositivo mobilizado por Salvamento Marítimo nese sinistro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

5.2 54378 (10/INT-001810)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co cambio climático

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

5.3 58810 (10/INT-002016)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Solla Fernández, Eva**

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención pediátrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 564, do 19.11.2019



Punto 6. Preguntas para resposta oral o presidente da Xunta

6.1 59375 (10/POPX-000178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as rectificacións que vai realizar o Goberno galego na súa política sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

6.2 59376 (10/POPX-000179)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as razóns do Goberno galego para non situar entre as súas prioridades a protección do patrimonio natural de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

6.3 59377 (10/POPX-000180)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa industria naval

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 58005 (10/POP-006881)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á existencia dunha nova declaración de impacto ambiental á empresa responsable da construción do parque eólico da serra do Iribio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

7.2 57695 (10/POP-006837)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do horizonte temporal establecido entre os anos 2015 e 2017 para o remate da actuación denominada VAP Costa Norte, treitos A Coruña e resto dos treitos, prevista no Programa de vías de altas prestacións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 23.10.2019



7.3 58549 (10/POP-006929)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Quinteiro Araújo, Paula e catro deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir o futuro da empresa Unifon, en Ourense, co cadro de persoal actual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

7.4 59342 (10/PUP-000279)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o desenvolvemento dun plan de futuro que permita garantir os postos de traballo, os dereitos laborais e a actividade nos estaleiros e empresas auxiliares do sector naval da ría de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

7.5 59346 (10/PUP-000280)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e sete deputados/as máis**

Sobre o mantemento polo Goberno central dalgún contacto coa Xunta de Galicia para presentar algunha solución á problemática existente na factoría de Alcoa, en San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

7.6 55108 (10/POP-006535)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre o mantemento polo Goberno galego, na actualidade, do compromiso de creación do Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando, en Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 528, do 11.09.2019

7.7 56764 (10/POP-006724)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre os datos do Goberno galego respecto do grao de cumprimento da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, no referido ao apartado correspondente aos tempos máximos de acceso a elas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

7.8 57971 (10/POP-006878)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da perda progresiva de servizos que se vén producindo no Hospital de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019



7.9 59366 (10/PUP-000281)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e tres deputados/as máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para recortar servizos sanitarios no Hospital Comarcal de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

7.10 55358 (10/POP-006571)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e sete deputados/as máis

Sobre o balance do Goberno galego respecto da posta en marcha do proxecto Red May, de apoio e mantemento comunitario de persoas maiores no contorno rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as rectificacións que vai realizar o Goberno galego na súa política sanitaria. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. do Grupo Común da Esquerda, sobre as razóns do Goberno galego para non situar entre as súas prioridades a protección do patrimonio natural de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (GCE)*. (Páx. 20.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 21.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (GCE)*. (Páx. 23.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 24.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa industria naval. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 26.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 27.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 28.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 30.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre a reiteración polo Goberno galego diante do Goberno central da demanda de retirada da limitación das taxas de reposición de prazas para o sistema sanitario público. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 32.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 33.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 36.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 38.), *Sra. Solla Fernández (GCE)* (Páx. 39.) e *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 41.)

O señor Núñez Centeno (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 43.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta aos pacientes da sanidade pública da súa intervención cirúrxica nun centro concertado, en cumprimento da Lei de garantías de prestacións sanitarias. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 45.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 46.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 49.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 51.) e *Sra. Solla Fernández (GCE)*. (Páx. 52.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 54.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 56.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias que presentan as instalacións e a carencia de material didáctico axeitado no Centro Superior de Música de Vigo. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 57.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 60.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 61.), *Sra. Cuña Bóveda (GCE)* (Páx. 62.) e *Sra. Antón Vilasánchez (P)*. (Páx. 64.)

Nova intervención do señor Álvarez Martínez (S). (Páx. 65.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que se deben levar a cabo en relación co drama da emigración. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Solla Fernández) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 66.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 67.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Chao Pérez (GCE)* (Páx. 70.) e *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 72.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 73.) e Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 75.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 77.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria de novas poxas de enerxías renovables para o aumento da potencia eólica instalada en Galicia, así como da produción deste tipo de enerxías. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Solla Fernández) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 79.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 82.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Casal Vidal (M) (Páx. 86.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 87.), Sr. Sánchez García (GCE). (Páx. 91.) e Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 93.)

A señora Nóvoa Iglesias (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 95.)

A señora Blanco Rodríguez (S) pide a palabra por alusións e o señor presidente (Calvo Pouso), ante a natureza das alusións referidas, considera que non procede tal intervención. (Páx. 97.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. David Estévez Rodríguez, sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios persoais e orzamentarios necesarios ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, coa cobertura das vacantes de persoal investigador existentes: *rexeitado por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 97.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de Galicia respecto do cambio climático e da deterioración ambiental: *rexeitado por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 98.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas da comunidade hospitalaria referidas ás deficiencias existentes en distintas especialidades e ao futuro do servizo de cociña do Hospital Comarcal de Verín: *rexeitado por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 98.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre a reiteración polo Goberno galego diante do Goberno central da demanda de retirada da limitación das taxas de reposición



de prazas para o sistema sanitario público: *aprobada por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta aos pacientes da sanidade pública da súa intervención cirúrxica nun centro concertado, en cumprimento da Lei de garantías de prestacións sanitarias: *rexeitado por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias que presentan as instalacións e a carencia de material didáctico axeitado no Centro Superior de Música de Vigo: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

A señora Prado Cores (BNG) solicita a palabra e intervén para comunicar que acepta a votación separada dun punto da proposición non de lei do seu grupo que se vai votar a continuación. (Páx. 100.)

Votación do punto primeiro do parágrafo que comeza por «Deben ser eixos destas políticas...» do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que se deben levar a cabo en relación co drama da emigración: *rexeitado por 20 votos a favor, 38 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 100.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás o parágrafo votado por separado, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que se deben levar a cabo en relación co drama da emigración: *rexeitado por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria de novas poxas de enerxías renovables para o aumento da potencia eólica instalada en Galicia, así como da produción dese tipo de enerxías: *aprobada por 38 votos a favor, 16 votos en contra e 18 abstencións.* (Páx. 101.)

Interpelación de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Consellería do Mar para mellorar a seguridade nas costas tras o naufraxio do cerqueiro *Sin Querer Dos* o día 19 de decembro de 2018, así como os datos referidos ao dispositivo mobilizado por Salvamento Marítimo nese sinistro. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 101.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 104.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 108.)



A señora Prado Cores (BNG) pide a palabra apelando ao artigo 76.3 do Regulamento da Cámara. O señor presidente (Calvo Pouso) non considera pertinente a demanda da señora deputada. E ante a reiteración sucesiva da petición, o señor presidente (Calvo Pouso) acaba chamándoa á orde. (Páx. 110.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e media da tarde.

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre a política do Goberno galego en relación co cambio climático. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 111.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 114.)

Réplica da autora: Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 119.)

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre a política do Goberno galego en materia de atención pediátrica. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Solla Fernández (GCE). (Páx. 120.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 123.)

Réplica da autora: Sra. Solla Fernández (GCE). (Páx. 127.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 129.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á existencia dunha nova declaración de impacto ambiental á empresa responsable da construción do parque eólico da serra do Iribio. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 131.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 132.)

Réplica da autora: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 133.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 134.)

Pregunta de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do horizonte temporal establecido entre os anos 2015 e 2017 para o remate da actuación denominada VAP Costa Norte, treitos A Coruña e resto dos treitos, prevista no Programa de vías de altas prestacións. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Pérez Seco (S). (Páx. 135.)

Contestación da Xunta: Sra. Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 136.)

Réplica do autor: Sr. Pérez Seco (S). (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: Sra. Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 138.)



Pregunta de D^a Paula Quinteiro Araújo e catro deputados/as máis, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir o futuro da empresa Unitono, en Ourense, co cadro de persoal actual. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (GCE)*. (Páx. 139.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 140.)

Réplica da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (GCE)*. (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 142.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o desenvolvemento dun plan de futuro que permita garantir os postos de traballo, os dereitos laborais e a actividade nos estaleiros e empresas auxiliares do sector naval da ría de Vigo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 144.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 145.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 146.)

Pregunta de D. Daniel Vega Pérez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o mantemento polo Goberno central dalgún contacto coa Xunta de Galicia para presentar algunha solución á problemática existente na factoría de Alcoa, en San Cibrao. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vega Pérez (P)*. (Páx. 147.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 148.)

Réplica do autor: *Sr. Vega Pérez (P)*. (Páx. 149.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 150.)

Pregunta de D^a María de la Concepción Burgo López e don D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o mantemento polo Goberno galego, na actualidade, do compromiso de creación do Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando, en Lugo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 151.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 152.)

Réplica da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 153.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 154.)

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os datos do Goberno galego respecto do grao de cumprimento da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, no referido ao apartado correspondente aos tempos máximos de acceso a elas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 155.)



Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 157.)

Réplica do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 158.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 159.)

Cambio no desenvolvemento da orde do día

O señor presidente comunica a acumulación de dúas preguntas para o seu debate conxunto. (Páx. 160.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quinteiro e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da perda progresiva de servizos que se vén producindo no Hospital de Verín. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D^a Paula Vázquez Verao e tres deputados/as máis, do G. P. Mixto, sobre as razóns da Xunta de Galicia para recortar servizos sanitarios no Hospital Comarcal de Verín. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 160.) e *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 161.).

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 163.)

Réplica dos autores: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 164.) e *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 165.).

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 166.)

Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance do Goberno galego respecto da posta en marcha do proxecto Red May, de apoio e mantemento comunitario de persoas maiores no contorno rural. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 168.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 169.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 170.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 170.)

Remata a sesión ás sete e trinta e tres minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Bos días.

Reiniciamos a sesión.

Comezamos polo punto 6, de preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as rectificacións que vai realizar o Goberno galego na súa política sanitaria

O señor PRESIDENTE: Para formular a pregunta ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MODELO: Moitas grazas.

Bo día.

Señor Feijóo, poucas áreas hai tan afectadas pola súa década de recortes como a sanidade, ata o extremo de que está poñendo en risco a saúde dos galegos e das galegas. E isto non é retórica, porque aí temos os dramáticos casos da Estrada ou de Dozón para constatar como os recortes matan. Se baixara do coche oficial, se pisara menos moqueta e máis rúa, comprobaría a gravidade da súa desfeita sanitaria, que se ceba especialmente coa atención primaria e cos hospitais comarcais. E isto está facendo que se incremente a alarma social. Só nunha semana tivemos dúas xornadas de folga en atención primaria, manifestacións en Catoira e Soutomaior e unha impresionante e multitudinaria mobilización en Verín contra o peche do paridoiro e da supresión das gardas pediátricas.

E permítame que me deteña neste último caso, que ten en pé de guerra —e con razón— a toda unha comarca. A decisión da Xunta —a súa decisión— implica que as mulleres de Verín e da comarca terán que percorrer unha hora ou unha hora e media para poder dar a luz. Significa que, se unha nena ou un neno necesita atención urxente, terá que viaxar durante 60 ou 90 minutos para poder ser visto por un pediatra.

E eu o que lle pregunto é se lle gustaría que esa muller fora a súa compañeira, se lle gustaría que ese neno fora o seu fillo, que espertara de noite con 40 de febre e que o tivera que sacar da cama en pixama e conducir durante 60 ou 90 minutos para que o puidera ver un pediatra. ¿Estaría realmente vostede tranquilo? (*Aplausos.*) Eu, desde logo, non o estaría, señor Feijóo, non o estaría. (*Aplausos.*) Síntome moitísimo máis segura sabendo que para poder dar a luz non terei que percorrer 100 quilómetros. E o que non quero para min tampouco o quero para as mulleres do meu país en ningunha parte. (*Aplausos.*)

E o colmo do descaro son as xustificacións do Partido Popular para dicirnos por que se pechan servizos sanitarios en Verín. Disque pechan porque é máis importante a seguridade que a comodidade; ou sexa, que agora ter servizos sanitarios próximos é un capricho das mulleres, de nais e pais comodóns. Se a Xunta considera que os servizos que está prestando



no Hospital de Verín hai que melloralos, mellórenos, pero non se esconda detrás dos profesionais para xustificar as súas decisións políticas, (*Aplausos.*) para xustificar o de sempre: recortes e máis recortes na sanidade pública. (*Aplausos.*)

E o colmo é que aleguen que hai poucos nacementos no rural. É que, se pechan hospitais, cada vez o que vai haber son menos nacementos. Non sei se estas son as súas medidas estrela para fixar poboación no medio rural ou para seguir co impulso demográfico. Recortando os servizos sanitarios, ¿cre que vai avanzar o rural deste país, señor Feijóo?

Nós o que lle pedimos é que rectifique, que acabe con este despropósito sanitario, señor Feijóo, que recupere os servizos que se eliminaron no Hospital de Verín, que dote xa para o ano que vén un fondo extraordinario de atención primaria con máis de 200 millóns de euros, ou que convoque todas as prazas que están vacantes no Sergas. En definitiva, o que lle estamos pedindo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...é que deixe atrás os recortes e o desmantelamento da sanidade pública e que aposte por defender os dereitos dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Moitas grazas, señora Pontón.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, esta década da sanidade pública en Galicia será recordada como a década do maior investimento na renovación de hospitais, a década de finalización dos centros de saúde que precisamos, a década con máis servizos sanitarios na carteira de servizos do Servizo Galego de Saúde, a década con menos listas de espera e con máis consultas. A década, en definitiva, dun impulso sen antecedentes da sanidade pública do país.

Señoría, permítame que lle lea esta frase: «Cambiamos unha incomodidade» —que eu recoñezo e entendo as queixas das mulleres— «por unha cuestión de seguridade». A frase non é miña, é do xefe do Servizo de Xinecoloxía da Área Sanitaria de Ourense. E ante a pregunta que lle fai unha profesional sobre se entende as críticas políticas, responde: «Non, non as entendo. Cando os políticos saen a criticar esta decisión ninguén se apoia en informes técnicos. Criticar sen facer unha análise técnica da situación non é xusto.» Señoría, este non é un militante do Partido Popular, isto non o di o Partido Popular. Isto dío o xefe de todos os xinecólogos e os obstetras da Área Sanitaria de Ourense. Polo tanto, señoría, eu podía finalizar a resposta a esa pregunta que vostede acaba de referir —máis que pregunta, acusación constante e continua—, pero por respecto aos profesionais, e sobre todo por respecto ás pacientes da Área Sanitaria de Verín, continúo.

Señoría, esta decisión é unha decisión exclusivamente sanitaria, exclusivamente. Toda a atención ás mulleres parto e posparto que había en Verín seguirá. O único que se decide, con criterio médico, é que o acto do parto se traslade, por motivos de seguridade, a uns



paridoiros con máis frecuentación e con máis actividade. E así o din non os políticos senón —permítame que agora cite— o xefe de toda a pediatria da provincia de Ourense. Existe unha evidencia científica que relaciona morbilidade e volume de actividade e de procedementos. Cando hai menos, o risco pode aparecer máis facilmente. Vemos que en Verín hai unha tendencia decrecente de natalidade moi chamativa, sumándose a unha maior complexidade de embarazos. Efectivamente, en Verín naceron no anterior ano 89 nenos, e no que levamos de ano a previsión é a de que non cheguen a 60.

Señoría, esta é unha decisión pero non unha decisión dos xefes de xinecología e obstetras, nin sequera unha decisión dos pediatras. Esta é unha decisión de todos os médicos de pediatria, de xinecología e obstetricia da Área Sanitaria de Ourense, que son 44. Aquí están as súas firmas e o seu documento nacional de identidade. ¿Cre que todos estes médicos son políticos do Partido Popular e que o obxectivo é amolar as mulleres? (*Murmurios.*), ¿ou será velar pola seguridade das mulleres e dos seus fillos? (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, ¿como pode vostede falar aquí... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...en nome dos pediatras, das pediatras, das xinecólogas da Área Sanitaria de Ourense e vir aquí con este plantexamento político e olvidando o plantexamento sanitario? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, comprendo e lamento as incomodidades, por suposto, das mulleres, sen ningunha dúbida. Pero a miña conciencia non me permite tomar decisións en contra dos xinecólogos, das xinecólogas, das obstetras e das pediatras da provincia de Ourense.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): A súa conciencia ao mellor permítello, a miña non, señoría. E por iso o noso compromiso é seguir mellorando o Hospital de Verín, seguir ampliando o Hospital de Verín, facendo unhas urxencias novas para o Hospital de Verín, facendo unha carteira de servizos máis intensa para os pacientes do Hospital de Verín. E non conte comigo, señoría...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...para facer este tipo de política, política en contra da seguridade das mulleres e política en contra dos bebés que nazen en Galicia. Non conte co Goberno para facer iso, señoría. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Para a réplica ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, por moito que lle moleste ou que se esconda detrás dos profesionais, imos vir aquí a este Parlamento a defender a sanidade pública e os dereitos das mulleres, que é o que está atacando o Partido Popular coas súas decisións políticas. *(Aplausos.)* Se isto non é unha decisión política, suprima o conselleiro de Sanidade, porque non temos que pagarlle un salario tan xeneroso se non toma ningunha decisión. *(Aplausos.)* Suprima o conselleiro de Sanidade se quen deciden son os médicos. *(Aplausos.)* Ou escoite os médicos de atención primaria, que levan xa tres xornadas de folga neste ano. Non se esconda detrás dos profesionais e dea a cara polas súas decisións. Porque, ademais de estar xogando coa saúde das mulleres..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: ...é vostede un covarde politicamente, ¡un covarde politicamente! *(Murmurios.)* Non se esconda detrás dos profesionais. *(Aplausos.)*

Mire, eu estou convencida de que, se vostede e o conselleiro viviran en Verín e foran mulleres, non tomarían unha decisión tan alegre de pechar o paridoiro. Estou absolutamente convencida de que non o farían.

E, mire, fala vostede de que todos os profesionais están de acordo con esta decisión e de que hai informes científicos. ¡Non hai nin un só informe científico que diga que hai que pechar un paridoiro porque haxa menos de cen partos! ¿Ou acaso estivo durante dez anos poñendo en perigo a vida das mulleres de Verín? Pero ¿que clase de falacia é esta, señor Feijóo? *(Aplausos.)*

E, mire, voulle citar o que di o xefe de Xinecoloxía do Hospital de Verín, Javier Castrillo —imaxino que vostede cre que é un bo profesional—. ¿Sabe o que di este xefe de Xinecoloxía?: «Os datos perinatais no Hospital de Verín son francamente bos, moi bos. Temos rexistrados uns 3.000 partos. Non houbo nin unha soa morte fetal intraparto, nin unha. E complicacións graves en obstetricia, practicamente ningunha; é dicir, non se deron casos dun neonato que tivera que ser atendido por unha patoloxía grave por un mal manexo do parto.»

Houbo 3.000 partos e uns resultados excelentes en Verín. E vostedes o que fan é pechar ese paridoiro e tamén suprimir as urxencias pediátricas. Pero, señor Feijóo, se non eran necesarias esas urxencias, ¿por que convocaron as prazas hai uns meses? ¿E por que quedaron vacantes? Porque teñen un problema de xestión gravísimo porque están precarizando os traballos dos profesionais. *(Aplausos.)* Polo tanto, non xustifiquen a súa impericia facendo algo tan grave como o que vostede acaba de facer aquí: primeiro, atacar as e os profesionais...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...do Hospital de Verín, coma se eles non tiveran pericia —claro que teñen pericia, quen non a ten é o seu goberno—; e, segundo, señor Feijóo, é vostede quen



está poñendo en risco e en cuestión os dereitos das mulleres e dos nenos e nenas do rural ,e non llo imos permitir. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Escoite, señor Feijóo, e rectifique, porque imaxino que, se ata o Partido Popular de Ourense está reclamando que se abra o paridoiro, será porque isto é un problema. Deixe de esconderse e asuma as súas responsabilidades, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pontón.

(Murmurios.)

¡Silencio, silencio!

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señoría.

¿Sabe vostede que, dos 23 pediatras da área sanitaria hospitalaria de Ourense, 19 dos que nos propuxeron esta decisión son mulleres? ¿Sabe vostede que, dos 21 xinecólogos que nos propuxeron interromper os partos en Verín —dos 21—, 15 son xinecólogas? ¿En nome de que mulleres fala vostede? ¿Fala vostede en nome das deputadas do BNG? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Eu falo en nome das mulleres pediatras e xinecólogas de Ourense que propuxeron adoptar esta medida. Esa é unha gran diferenza, señoría. Eu sigo os criterios dos médicos, vostede segue simplemente o criterio de apañar un conxunto de votos.

Volvo reiterar... *(Murmurios.)* Non rían, este é un tema moi serio. Este é un tema moi serio como para tomar a broma o criterio de toda a pediatría e de toda a xinecología da Área Sanitaria de Ourense con base nunha decisión dun xinecólogo que vostede me lembra. ¿E o resto, señoría? ¿E o que di hoxe, por exemplo, o presidente de todos os médicos de Ourense?: «*Hay que olvidarse ya de utilizar la sanidad pública para la propaganda política.*» *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, vostede vénme falar de propaganda política, eu veño falar aquí de sanidade pública. *(Aplausos.)* Esa é a gran diferenza, señoría, entre un goberno responsable e unha oposición irresponsable. Con todos os disparates que dixeron vostedes sobre a hepatitis C, que me dixeron que eu era un psicópata porque estaba matando a xente por non dar medicamentos da hepatitis C *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*, ¿vostede non vai rectificar este tipo de calumnias, de insidias, cara a un goberno e cara a un galego simplemente por ser presidente da Xunta de Galicia? Iso é o que dixo o seu grupo. Non quero lembrar o que dixeron o resto dos deputados da Cámara, non van rectificar.



Pero, mire, señoría, ¿a quen quere enganar? ¿Vostede cre que as mulleres que viven en 65 concellos de Galicia que están a máis de 70 quilómetros do seu hospital están desatendidas? ¿É que acaso non sabe que na provincia de Lugo hai 15 concellos onde están a máis da distancia da que ten Verín respecto de Ourense; na provincia da Coruña, 17 concellos...; (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! ¡Señora Prado, silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...na provincia de Pontevedra, 12 concellos; e na provincia de Ourense, 21 concellos que están máis lonxe do que está a área sanitaria de Verín respecto do hospital onde van parir? (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Señora Prado, señora Prado, silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Que ocorre, señoría? ¿Por que lles mente ás mulleres de forma continuada e constante e lles toma o pelo simplemente por unha cuestión política e partidaria?

Mire, señoría, fala de desmantelar o Hospital de Verín, (*Murmurios.*) cando o Hospital de Verín incrementou un 33 % as consultas dende que este goberno tomou posesión, e un 10 % as intervencións cirúrxicas. E, señoría, os nacementos baixaron máis dun 40 %. Esa é a realidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O problema non é un problema de sanidade ou non sanidade, é un problema de seguridade sanitaria ou non seguridade sanitaria. E como imos seguir, señoría, protexendo as mulleres, e como imos seguir dando todo tipo de prestacións e servizos para preparar o parto e o posparto, non se preocupe que sabemos o que temos que facer.

Por exemplo, Verín vai incrementar por tres a súa área de urxencias. (*Murmurios.*) Si, señorías, ¿de que se rin? ¿É que as urxencias teñen menos importancia que un parto que pode ser programado? ¿É isto do que se rin, señorías?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Rinse realmente do criterio de todos os obstetras, dos xinecólogos e dos pediatras da cidade de Ourense? (*Murmurios.*) Miren, señorías, un pouco de respecto, un pouco de respecto polo criterio clínico, un pouco de respecto polas sociedades científicas, un pouco de respecto polos profesionais sanitarios.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Deixen de facer demagogia e por unha vez tomen en serio a sanidade pública de Galicia. Esa é a proposta. Tomen en serio as mulleres que van parir e os bebés que van nacer. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E en nome desas mulleres e en nome deses bebés, nós imos seguir cos criterios técnicos e cos criterios da pediatría, da xinecoloxía e obstetricia de Ourense. Alá vostedes e a súa conciencia, señora Pontón. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. do Grupo Común da Esquerda, sobre as razóns do Goberno galego para non situar entre as súas prioridades a protección do patrimonio natural de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Señor Feijóo, as políticas ambientais nunca estiveron entre as súas prioridades. A súa prioridade, por riba da defensa do territorio, foi sempre o negocio privado duns poucos. Eles dirixen e vostede actúa ao seu ditado. A preservación ambiental é un estorbo para vostedes e para os negocios daqueles para quen traballan. Utilizar as institucións públicas —que deberían traballar polo interese xeral— para traballar polos intereses dos poderosos é a corrupción da política, a máis grave das corrupcións. É o seu xeito de actuar e temos exemplos que atravesan a súa década negra. Dous ben recentes: o parque eólico do Iribio e o pelotazo que pretenden perpetrar no concello de Mos.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia acaba de darlle unha segunda labazada xurídica en menos dun mes paralizando provisionalmente o parque eólico da serra do Iribio e desestimando o seu recurso contra esa paralización. Cada día os tribunais son máis contundentes, máis demoledores, mostrando as graves irregularidades que existiron na tramitación. Pretendían vostedes executar un proxecto amparado cunha declaración de impacto ambiental do ano 2005 totalmente obsoleta e que non garantía a preservación dos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos da zona. Permitiron durante catro meses obras, sen as autorizacións pertinentes —a pesar das advertencias e denuncias dos colectivos sociais e as denuncias que dende o Parlamento de Galicia se fixeron—, en plena zona de Rede Natura e en área de especial interese paisaxístico, un lugar dunha beleza e duns valores incalculables. E fixéronlle un traxe administrativo á medida da empresa, da empresa amiga. Non poden dicir, ademais, que non sabían o que estaban facendo. Os colectivos sociais levaban meses denunciando e advertindo, e neste mesmo Parlamento denunciámolo insistentemente. E vostedes permitiron reiteradamente o incumprimento da lei para impulsar unhas obras que xa produciron danos moi dificilmente reversibles. Non sei quen se vai responsabilizar deses danos nunha zona de tal valor. Vostedes son responsables da destrución, e todo para beneficiar a unha empresa. Desgraciadamente non é un feito illado, forma parte do seu modelo de espolio eólico, como antes se espoliou en Galicia o lignito ou os ríos, con grandes impactos ambientais a cambio de case nada.

Outro exemplo é a operación especulativa en Mos. Vostede e a alcaldesa Nidia Arévalo pretenden perpetrar un enorme pelotazo urbanístico: recualificar 940.000 metros cadrados de



terreo rústico —a maior parte deles forestais—. O Concello expropiará, dos veciños e veciñas de Mos, comunidades de montes veciñais que funcionan correctamente para entregarllos en man ao seu amigo Mouriño, para que, entre outras cousas, faga en 140.000 metros cadrados un centro comercial que, segundo os promotores, din que é para garantir a viabilidade económica da súa actuación. É dicir, expropiar barato os veciños e veciñas para que o señor Mouriño faga negocio, e sen importar nada os impactos ambientais que se advirten nesta actuación, recualificando tanto solo urbanizable como o que se pretendía aprobar no plan xeral que se aprobou hai dous anos.

¿Cando vai rematar con ese modelo de espolio do capitalismo de ladrillo a prol dos amiguetes? ¿Cando vai defender un modelo que pase polo respecto e a preservación dos valores ambientais de Galicia?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor presidente, de non facelo así, supón renunciar ao futuro de Galicia. ¿Cando pensa facer vostede políticas para o interese xeral de galegos e galegas?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, bromas á parte, este goberno o que ten demostrado, con leis, con resolucións, con decretos, con plans e con cuestións concretas, é que nos preocupa, nos ocupa e nos vai seguir preocupando e ocupando tanto o patrimonio natural como a calidade ambiental. E iso non é incompatible cos proxectos industriais nin cos proxectos enerxéticos, salvo que vostedes o que pretendan sexa simplemente seguir empobrecendo Galicia. Nós non.

A protección ambiental e o desenvolvemento industrial non son nin deben ser conceptos excluíntes. O 12 % do territorio de Galicia está protexido, o 12 % do territorio galego forma parte da rede de espazos protexidos. Este goberno aprobou a Lei de protección e benestar dos animais de compañía no ano 2017, a Lei de patrimonio natural no ano 2019, o Plan director de ríos de Galicia, o Decreto de creación da Rede Galega de Reservas da Biosfera, o Plan director da Rede Natura en 2014 —actualizando o de 2000— e aprobamos o Plan reitor de usos e xestión do Parque das Illas Atlánticas, e así sucesivamente ata a totalidade dos parques entre o ano 2019 e o ano 2020.

En materia de calidade ambiental aprobamos o Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia ata o 2020 e un paquete europeo de economía circular. Aprobamos o Plan de residuos industriais de Galicia, entre o ano 2016 e o ano 2022. Incrementamos un 21 % a rede de puntos limpos e neste momento en Galicia acabamos co modelo de vertedoiro. Polo tanto, señoría, puxemos en marcha campañas de sensibilización e eliminamos mil —digo mil— puntos de vertido incontrolado en Galicia, ¡mil!



Ampliamos Sogama e incrementamos a súa capacidade de reciclaxe nun 81 %. Estamos cuadruplicando a porcentaxe de reciclaxe en Galicia. O vertido técnico cero, no ano 2020. E o Parlamento Europeo exíxelles aos países membros chegar ao vertido técnico cero no ano 2035; polo tanto, quince anos antes. Mañá imos aprobar no Consello da Xunta a nova Lei de residuos.

Señoría, creo que é unha amálgama de propostas concretas e de leis específicas.

Fálame vostede dun parque eólico. Omito, evidentemente, que este parque eólico está autorizado polo Goberno Bipartito. Este parque eólico ten autorización do ano 2007, unha declaración de impacto ambiental do ano 2005, (*Murmurios.*) e nós exixímoslle un proxecto sectorial aprobado no ano 2009 que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia di que é correcto. E en xaneiro do 2018 o promotor, unha vez que ten o expediente administrativo completo, solicita unha autorización. ¿Sabe para que? Non para incrementar os muíños, senón para diminuílos. É dicir, aquilo que non tiña discusión e non tiña alegacións porque era bo —un parque eólico con 12 muíños— agora resulta que é malo porque ten 8 no mesmo sitio. ¿Esa é a proposta da esquerda no país? (*Murmurios.*) A esquerda autoriza un parque eólico nun lugar con 12 muíños, o Partido Popular autoriza nese mesmo lugar un parque eólico con 8 muíños, ¿e agora resulta que o problema é o pelotazo do Partido Popular? (*Aplausos.*) ¡Home, señoría, un pouco de respecto polos datos! Non crea que somos parvos. Sabemos incluso restar.

Mire, señoría, o Tribunal Superior, ante un recurso —estamos nun Estado de dereito—, considera que hai que suspender ata entrar no fondo. E a Xunta de Galicia considerando os antecedentes cre que non hai que suspender. E o tribunal o que di é que si que hai que suspender, pero non entra no fondo, señoría.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non manipule tamén vostede o que di o Tribunal Superior. Manipula os feitos, manipula as decisións políticas e manipula o auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Realmente a vostedes si que lles interesan os modelos económicos dos amigos.

Onte tiven ocasión de cear cos representantes dos centros galegos. ¡Que pena que non estivera vostede na miña mesa para escoitar a Hermandad Gallega de Caracas! ¡Iso si que é un modelo económico, señoría! (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Iso si que é un modelo económico! (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non rían, señorías.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Aquí hai parlamentarias e parlamentarios do seu grupo que están de acordo co modelo económico de extorsión do chavismo venezolano. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿E vén vostede falar aquí dun goberno que cumpre as leis, que dita leis, que garante a protección medioambiental do país e que segue escrupulosamente todas as leis dos parques eólicos?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, eu non teño máis amigos que os galegos e as galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para a réplica ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Feijóo, vostede falou de Venezuela. Eu preguntáballe máis ben por México. Non minta nin manipule vostede. Vostede é un experto na mentira e na manipulación. Vostede di que isto o autorizou o Bipartito. Non engane a cidadanía. *(Murmurios.)* O auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anula a decisión do Consello da Xunta do 27 de xullo de 2019 que presidía vostede. Deixe de enganar. *(Aplausos.)* Vostedes deixaron facer obras durante catro meses, que produciron danos irreparables, sen as autorizacións pertinentes, sen licenzas municipais e sen ter aprobado sequera durante case un mes o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal. Vostedes puxeron trabas e obstaculizaron a acción dos colectivos sociais que dende hai un ano se mobilizaron en contra desta aberración de actuar en Rede Natura, e ocultaron durante oito meses toda información para tapar o proceso de autorización como modificación non substancial que evitaba a exposición pública e que evitaba facer unha nova declaración de impacto ambiental. Cunha nova declaración de impacto ambiental, señor Feijóo, este parque nunca se faría. E por iso nunca se vai facer. Pero o dano xa está feito, porque vostedes trataron por todos os medios, incumprindo a lei, de beneficiar unha empresa amiga próxima ao Partido Popular, señor Feijóo. *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Esa é a realidade. Esa é a realidade.

Vostedes sabíano e seguiron para adiante. Agora o dano está feito, e vostede é verdade que non se vai responsabilizar do ano que xa está feito nun lugar que se debería de preservar. Vostede repetiu moitas das leis que se aprobaron. ¿De que nos valen esas leis se vostedes mesmos as incumpren, se aprobaron un plan director de Rede Natura que dicía que non se podía instalar eólicos en Rede Natura e que vostedes o sortearon torticeiramente para implantar un parque eólico en Rede Natura? ¿De que valen os plans xerais, as leis do solo, cando está a xestión en mans do Partido Popular, que despois nunca cumpre nada? Hai dous anos que aprobaron un plan xeral de ordenación municipal en Mos e agora, para facerlle un negocio multimillonario ao señor Mouriño, cambian todo, expropian os veciños e é o Concello



o que expropia, disque por un interese xeral e un interese público, para que fagan en 140.000 metros cadrados un centro comercial sen estudar os impactos no comercio, sen estudar os impactos ambientais na mobilidade, e todo para favorecer o pelotazo do señor Mouriño. Esa é a realidade, señor Feijóo. O resto é a súa publicidade, propaganda e manipulación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

(*Murmurios.*)

¡Silencio, por favor!

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Vexo, señoría, que non quere ler, ou que le con dificultade ou interpreta parcialmente o que din os tribunais. Evidentemente que o tribunal se manifesta sobre unha das decisións da Xunta de Galicia, que foi autorizar este parque eólico distinto do que estaba autorizado anteriormente. Antes eran doce e agora son oito. Esta é a cuestión. Pero, realmente, ¿vostede a quen representa aquí?, ¿a quen representa aquí? ¿Di que nós temos interese por unha empresa, cando o parque eólico o autoriza o Bipartito? ¿Esta é unha broma a medias ou é unha comedia? Vostede andaba no BNG daquela. Non sei onde parará agora. E resulta que, cando vostedes estaban no BNG, isto podía facerse. Iso si, con máis muíños e con máis invasión do lugar. E agora con nós, con menos muíños e menos afección do lugar, non se pode facer. Mire, déixese de lerias. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Déixese de lerias e fale en serio.

Pásalle o que lle pasaba ao anterior portavoz do seu grupo, que lle pasaban mal os papeis. E o problema é que vostede vai acabar como acabou o anterior portavoz do grupo, fóra dos grupúsculos que conforman este disparate que vostede trae á Cámara hoxe.

Mire, señoría, se hai algo mal feito neste expediente, será responsabilidade do BNG e do Partido Socialista Obreiro Español. Dende logo, de nós, ningunha, señoría, ¡ningunha! (*Aplausos.*) ¡Ningún ápice de responsabilidade!

Mire, señoría, nós imos seguir traballando. Sobre a Estratexia de economía circular, somos a terceira comunidade autónoma que a ten aprobada. A Estratexia de cambio climático e enerxía 2050 somos a terceira comunidade que a ten aprobada. E o plan operativo para poñer en marcha máis de 120 medidas cun importe global de 270 millóns de euros é a nosa aportación aos problemas e aos compromisos medioambientais.

Galicia diminuíu as súas emisións ambientais de CO₂, España increméntaas. Galicia reduciunas un 5 % e España increméntaas un 13 %. E vostedes queren seguir pechando as in-



dustrias de Galicia. Sigán vostedes por aí. Pero nin sequera están de acordo coas industrias renovables. Non a Reganosa, non a Meirama, non ás Pontes e non aos parques eólicos, esa é a política industrial da Esquerda en Común. Ese é o disparate industrial e enerxético que vostedes queren traer a este país.

Mire, señoría, ¡cantas cousas tiven que escoitar de vostede e dos seus amigos sobre Corcoesto! —que se tiñamos compromisos coa empresa canadense para explotar o ouro naquela zona da Costa da Morte, de Bergantiños, que se tiñamos intereses económicos...—. E resulta que lle denegamos os permisos, que lle denegamos a autorización. Demandáronnos, gañamos a sentenza no Tribunal Superior e agora estamos pendentes dunha arbitraxe internacional. ¡Canta calumnia, canta insidia, señoría! Pero ¿non se dá conta de que non teño ningún compromiso con ningunha empresa salvo cos galegos e as galegas, e especialmente cos traballadores? (*Aplausos.*) ¿Non se decata dese asunto, señoría?

Mire, señoría, dúas leis aprobaremos este mes, a que lle dixen e mais a Lei de ordenación do territorio —dúas no mes de decembro—, e un decreto de masas frondosas autóctonas —iso é o que imos aprobar mañá no Consello da Xunta— para poñer en valor a capacidade do bosque galego.

Mire, señoría, eu estou acostumado a que vostedes, nunha sesión de control, me falen da desindustrialización do país e que na segunda pregunta me pregunten por que non hai industria no país. Primeiro dinme que a industria está con dificultades e agora dinme que a enerxía eólica e a industria eólica non procede no país. A protección do patrimonio natural non está rifada co desenvolvemento industrial.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Cando aprendan isto, non se preocupen, señorías, que o imos ver cada tarde de gloria no Congreso dos Deputados e cada venres no Consello de Ministros, que todo o que dicimos aquí o vou consultar na hemeroteca deste Parlamento. ¡Que contradición, señorías!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, nós queremos unha Galicia máis verde. ¿Sabem o que propoñen vostedes? Unha Galicia máis pobre. ¡Si, señorías, si! Vostedes cren que é posible a riqueza natural coa pobreza cidadá. Nós cremos que é posible a riqueza natural e a riqueza dos galegos.

Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa industria naval

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Caballero Míguez.



O señor CABALLERO MÍGUEZ: Moitas grazas.

Señor Feijóo, cada día que pasa vostede é un problema máis grande para os galegos e para as galegas. Non quere recoñecer nin implicarse na solución dos problemas do país. Este goberno que vostede lidera é xa un lastre do que Galicia necesita desprenderse. As súas intervencións nesta Cámara amosan a súa indolencia, a súa falla de conexión coa realidade deste país, a súa falla de implicación cos problemas reais nunha Galicia onde hai crise industrial, na que hai crise no medio rural, nunha Galicia na que hai crise sanitaria. Vostede xa non ten credibilidade para darlles resposta aos problemas do país. Non ten credibilidade en materia sanitaria, como acaba de plasmar hoxe. Recortes, privatizacións, precarizacións, falla de persoal... Toda Galicia recoñece o seu desastre en política sanitaria, ata os seus cargos do Partido Popular en Ourense, que o desacreditan de forma continua, que votan en contra de todo o que vostede di hoxe aquí. ¿Por que non vai vostede a Verín a explicarlle á cidadanía os seus recortes no hospital público que ten menos carteira de servizos? ¿Por que non o cre xa o Partido Popular en Ourense tampouco, señor Feijóo?

Pero é que non ten credibilidade en materia sanitaria nin ten credibilidade nos eidos fundamentais das políticas públicas. Vostede non ten credibilidade para poder desenvolver unha política industrial neste país, con once anos de inacción, de fracaso, dun círculo vicioso de falla de acción na política industrial, que se fai, ademais, implementando un problema no investimento exterior, con problemas no sector exterior, con problemas de perda de capacidade industrial, de peso no valor engadido bruto, de caída do emprego industrial.

Non ten credibilidade. E o naval amosa a súa falla de compromiso, un sector naval no que vostede debería de recoñecer a realidade do país. ¿Que fixo vostede no naval, señor Feijóo? ¿Onde estaba vostede cando Morenés bloqueaba a construción das fragatas en Ferrol? ¿Que dicía vostede entón? ¿Onde quedou o seu compromiso solemne, retransmitido en directo pola TVG, de que Pemex sería a solución dos estaleiros privados para Galicia coa construción de 20 buques? ¿Que é o que vostede arranxou con Peña Nieto, a quen foi visitar aínda neste mes de maio deste mesmo ano, cando xa estaba de saída do seu goberno? ¿Que arranxou vostede para a xestión de Barreras? ¿A quen puxo de xestor? ¿Como valora a xestión?

¿Por que non quere recoñecer, señor Feijóo, que vostede estivo ausente dos problemas da política naval, de que tivo que chegar un goberno socialista a España para poder garantir o investimento de 4.325 millóns de euros para os estaleiros públicos de Ferrol porque vostede calaba cando Morenés non o desenvolvía e nesta Cámara xa dixo que non daba contas? (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: E ¿por que non explica vostede tamén o seu fracaso en Barreras, o fracaso que evidencia todo ese cúmulo de promesas incumpridas, acordos opacos, directivos de Pemex fugados da corrupción en México, con investigacións en Pemex e mala xestión do seu aliado en Barreras? Dende que o buque non se fai, hai 800 traballadores que perderon o emprego na industria auxiliar. E vostede non convocou os principais accionistas, os principais actores, aquí en Compostela para vostede liderar. E o seu conselleiro dicía onte que non tiña información, que non coñecía o alcance real da situación de Barreras.



Eu véñolle preguntar a vostede, e entendo que vostede non ten respostas porque o seu conselleiro dicía onte que estaba *out*. Señor Feijóo, cando Pemex entrou en Barreras vostedes dicían que a entrada de Pemex en Barreras era un éxito da Xunta, de Feijóo, o éxito de Galicia. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: O fracaso de Pemex en Barreras é o fracaso do seu goberno, é o fracaso de Feijóo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Como poden comprobar, o conselleiro de Economía non está *out*, está aquí. Por certo, un gran conselleiro de Economía, Industria e Emprego, do que me sinto moi orgulloso. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, recoñezo que escoitar un dirixente do Partido Socialista falar do naval prodúceme sorpresa. Galicia aínda lembra a decisión do Partido Socialista de desmantelar os estaleiros públicos de Ferrol como moeda de cambio ante a Unión Europea. Cando vostedes chegaron ao Goberno, alí traballaban 16.000 persoas. Hoxe non hai traballo nin para 2.000. Escoitar dirixentes socialistas falar do naval é sonrojante. O seu comisario español de competencia, o señor Almunia, presidente do Partido Socialista e candidato á presidencia do Goberno de España, pois nada máis e nada menos que lle dá a razón a unha denuncia holandesa que se quere cagar todos os estaleiros de Galicia. ¡O *tax lease*, señoría!

O lehendakari, o presidente do principado, o secretario xeral de UXT, o secretario xeral de Comisións Obreiras, o ministro de Industria, do PP, e mais eu presentámonos no despacho do señor Almunia, compañeiro do señor Caballero. Resultado: ganamos. ¡Menos mal, señoría! Polo tanto, fala o Partido Socialista de sector naval, e ¡que ben quedaría se estivese caladiño, señor Caballero! (*Risos.*) (*Murmurios.*)

Pero, mire, nós fixemos exactamente o contrario do Partido Socialista: intentar manter o sector naval no país. Na época máis complicada gañamos o *tax lease* e hoxe os estaleiros galegos son os segundos estaleiros con máis carga de traballo de Europa, despois de Holanda. (*Aplausos.*) Ese é o resultado das políticas do Partido Popular, señoría.

Acabamos de propoñer solucións co *tax lease*. Buscamos, onde non había, carga de traballo. Aínda recordo o debate na televisión galega do antecesor seu, que dicía que isto de Pemex era mentira, que non había ningún tipo de contrato, que non se ía facer ningún barco aquí. Recordo, perfectamente, como boicotearon eses contratos, como presentaron unha queixa na embaixada mexicana simplemente porque estábamos en campaña electoral e lles molestaba que conseguíramos un contrato para Barreras, que estaba quebrado, e un contrato



para Navantia, que non tiña un só barco nas gradas. Recordo perfectamente como boicotearon —utilizando todos os mecanismos— o país e o sector naval.

Señor Caballero, non mire para abaixo, estou dicindo a verdade dos feitos. Si, señorías, si, boicoteárono constante e continuamente.

Mire, señoría, investimos máis de 50 millóns de euros para formación no naval e estamos innovando no naval. Abrimos unha liña de crédito de máis de 36 millóns de euros para a industria auxiliar do naval, que está aberta sen límite ata finais do ano 2020.

E agora fáleme vostede de Barreras. A primeira cousa que conseguimos é que Barreras hoxe estea vivo, porque cando chegamos ao Goberno estaba morto. Esa é a primeira cuestión que se conseguiu. ¿Cal é a nosa proposta en Barreras? Eu coméntolle a miña. Sería bo que vostede me comentase a súa. ¿A quen vén representar aquí? ¿A Cesce?, ¿ao Ministerio de Industria?, ¿ao armador norteamericano? ¿A quen vén representar aquí? ¿Sabe a quen represento eu? Aos traballadores de Barreras, aos traballadores das auxiliares de Barreras, e ao futuro dese estaleiro? *(Aplausos.)* Esa é a miña responsabilidade e esa é a miña representación.

Señoría, se hai solución para Barreras, ten que pasar por unha ecuación de equilibrio, na que non soamente o propietario armador dun barco solucione o seu problema. Non, non, o problema que temos é un problema de falta de acordo entre os accionistas. E hai que dar solución aos traballadores do estaleiro, aos traballadores das auxiliares —aos que lles deben moito diñeiro— e aos contratos que ten asinados Barreras e cos que agora parece ser que vostedes, o Partido Socialista, non queren seguir. Esa é a proposta da Xunta.

¿Non se reúne a Xunta? ¡Pero se onte estivemos reunidos con Cesce, co Ministerio de Industria e cos armadores, e hoxe volvemos estar reunidos con Cesce, co Ministerio de Industria, con Pymar e cos armadores!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Pásanlle mal as chuletas do Ministerio, señor Caballero? É que realmente nin sequera o informan. Non me estraña, señoría. Porque resulta que vostede ten máis información das propostas do Ministerio da que ten o Goberno galego. ¿A quen serve vostede, señor Caballero? Fágolle esa pregunta porque empezamos a estar xa en épocas para concretar exactamente a responsabilidade de cada un. ¿Vostede serve ao Ministerio de Industria e a Cesce ou vostede serve ás plantillas de Barreras e das auxiliares?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor presidente.

Para a réplica, ten a palabra o señor Caballero Míguez.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor Feijóo, a súa insolencia é directamente proporcional á súa ineficacia *(Murmurios.)* Vostede atrevese a dicirlle a quen representa un partido político



da oposición que debe estar caladiño. *(Aplausos.)* ¡Vai vostede aviado, señor Feijóo! Vai escoitar o líder da oposición... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...e Galicia enfronte de vostede de forma continua. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Porque, mire, nós servimos a Galicia, nós podemos ver á cara ás galegas e aos galegos, porque nós imos coa verdade por diante. *(Murmurios.)* E vostede, señor Feijóo, é o que se agacha e o que mente de forma continua. Porque vostede non defende os traballadores. ¿Como se atreve a falar aquí dos traballadores? ¿Cando se reuniu vostede co comité de empresa de Barreras? ¿Por que engana, se o están esperando? Porque eu estiven a semana pasada cos traballadores de Barreras, en contacto cos distintos sindicatos e representantes. E vostede non ten a coraxe de poder dar a cara, nin en Verín, diante dos problemas do hospital e diante dos membros do Partido Popular en Ourense que lle recriminan a realidade, nin en Barreras, onde non ten política. *(Aplausos.)*

Claro que sabemos, señor Feijóo, que vostede está presente en reunións, en reunións nas que vostede é un convidado de pedra, porque non ten ningunha acción para a política industrial de Galicia e porque o seu conselleiro —a quen eu respecto no ámbito persoal— dixo onte con claridade xustamente o contrario que vostede: que non coñece o alcance real, que non sabe o que está pasando, que non sabe que facer. Se esa é a realidade do conselleiro de Economía, a súa credibilidade é nula, señor Feijóo.

Pero vostede xa está acostumado a mentir de forma continua diante dos galegos e das galegas. Recoñeza aquí hoxe e aplauda un goberno socialista que vai investir 4.325 millóns de euros no estaleiro en Ferrol para poder desenvolver o naval. O investimento máis grande, despois do AVE, que chega a Galicia de mans dun goberno socialista. Recoñezao, señor Feijóo, e deixe vostede de enganar de forma continua. Está acostumado a mentir de forma continua. Hai uns días dicíanos que se o Partido Popular pactase cos extremistas vostede se daría de baixa no Partido Popular. Onte entraron na Mesa do Congreso. ¿Xa se deu de baixa do Partido Popular? *(Balbordo.)* ¿Xa se deu de baixa, señor Feijóo? *(Balbordo.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Entendo que non lle guste, pero, mire, señor Feijóo, soamente lle temos que dicir unha cousa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Señor Vega, silencio!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Vostede e o seu goberno, señor Feijóo, por moito que non lles guste, non soamente querían que entrase na Mesa, senón que querían facelo cunha coalición das tres dereitas. *(Aplausos.)* *(Fortes murmurios.)* O que pasa é que empezan a pelexar con Vox.



Casado e Abascal empezan a guerra polo liderado da dereita e están nerviosos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, señor Pazos!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Están nerviosos porque, cando haxa eleccións, a metade da bancada do PP ten o risco de non volver estar, de que vaia cambiar a representación. E por iso os de aí gritan máis, porque xa saben a realidade. (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Mire, señor Feijóo, o seu suspenso en política naval é palmario. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: A súa incompetencia e falla de compromiso son históricas. E soamente, señor Feijóo, queda por saber unha cousa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Señor Tellado!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Soamente queda por saber, señor Feijóo, só falta saber, señor Feijóo, quen vai saír antes, se vai saír antes Pemex de Barreras ou vostede da Xunta de Galicia.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Caballero.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non, non é fácil, empezamos a ver xa unhas diferenzas substanciais. Non é fácil, señoría, falar con vostede de algo en serio, porque vostede aquí vén co problema da sanidade e co problema industrial, co problema de Vox e co problema do Congreso. ¡Pero se a vostede non lle importa nada isto!

Di que cando vou saír. Non sei, o luns pasado pensamos que cambiara o portavoz do Partido Socialista na Cámara, dado que todos os deputados querían poñer un portavoz distinto a vostede. (*Risos.*) Incluso vostede firmaba. ¡Imaxine canto vai durar vostede no Parlamento do país! (*Aplausos.*)

Mire, eu volvo reiterar que todos os problemas que ten o estaleiro Barreras no ano 2019 temos porque Barreras foi salvada pola Xunta de Galicia no ano 2012 —unha pequena diferenza—. E agora pide vostede que a Xunta de Galicia interveña nun estaleiro privado, ¡privado!, dunha empresa pública —ao 51 %— mexicana. Trasladeille ao ministro Borrell que o Estado español debe contactar co Estado mexicano para concretar exactamente cal é o criterio e o cambio de



criterio do Estado mexicano. Busquei todas as posibilidades co embaixador de España en México para concretar cal é a proposta do novo Goberno mexicano. ¿A vostede interesoulle algo este asunto? Non, evidentemente, vostede dedícase a outra cousa.

Pero, mire, non falemos soamente dos estaleiros privados, que teñen dono, falemos dos estaleiros públicos, que tamén teñen dono. Agora resulta, señoría, que cando chegou o período electoral vostedes se comprometeron en Ferrol a manter a carga de traballo. Pero cando acabou o período electoral xa non hai un buque, nin un buque de aprovisionamento nin un buque loxístico. Navantia, sen carga de traballo ata o ano 2022 —Partido Socialista *dixit*—. Esta é a realidade, señoría, esta é a realidade. (*Murmurios.*)

Cando veñen por aquí din: Non, non, imos conseguir carga de traballo, imos empezar as actuacións en Navantia, imos investir non sei canto diñeiro. E agora resulta que non hai ningunha carga de traballo en Ferrol nos próximos dous ou tres anos. Consequimos *jackets* eólicos aquí. Empezaron a facer *jackets* eólicos na anterior lexislatura. Agora teñen un contrato. E ¿que acaban de facer? A este contrato que había para Ferrol acábanlle de desmantelar unha parte do contrato e lévano para o sur. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) As corvetas, para o sur e as fragatas para Ferrol. Resulta que, como non hai fragatas en Ferrol, non se fai ningunha corveta en Ferrol e unha parte dos *jackets* que tiñamos aquí lévana tamén para o sur. Esa é a responsabilidade do seu Goberno.

Falemos dos estaleiros que teñen dono, señoría. Vostede representa aquí un estaleiro público, e ese estaleiro público está deixando sen carga de traballo e mentindo a todos os traballadores. Pero vostede segue.

Mire, ¿cando van pagar? É que seguen debendo 600 millóns, señor Caballero. (*Fortes murmurios.*) ¿Cando nos van pagar? ¿Cando lles van pagar a Galicia as súas políticas públicas e as súas políticas industriais? Incumpren os prazos do AVE, queren pechar a central térmica das Pontes, deixan baleiro o estaleiro de Navantia, e vénme dar clase. ¿De que?

Mire, señoría, ¿sabe o que acaban de facer onte coa subasta de interrompibilidade no BOE? Un paso máis para pechar Alcoa. Había bloques de 40MW para as empresas electrointensivas, e desapareceron. Agora só hai bloques para pequenas empresas de 5MW. Antes Alcoa levaba 35 millóns de euros por interrompibilidade. Agora non vai chegar nin á metade. ¿Pero vostede vén falar aquí de temas industriais en serio?! Pechan a térmica, queren pechar Alcoa, deixan sen traballo Navantia e ¿vénme falar aquí dun estaleiro privado que ten dificultades? ¡Mire, señoría...!

E, por último, Vox. ¡Home, que raro que o señor Caballero nos dea un mitin, coma sempre, nas sesións de control e non fale de Vox! Mire, vostede trae un mitin prefabricado da casa que consiste no seguinte: primeiro, en Galicia gañou o Partido Socialista; segundo, o señor Feijóo está pactando con Vox; terceiro, o señor Caballero é un estadista. (*Risos.*) Esa é a realidade paralela do señor Caballero. ¿E a realidade dos galegos?: que en Galicia gañou o Partido Popular e que Vox non ten ningunha representación en Galicia. E, sobre que vostede é un estadista, fíxese na risa dos seus compañeiros. (*Risos.*) Non é que rían con vostede, rinse de vostede, señoría, de vostede. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)



Mire, señoría, está clarísimo, ¡clarísimo! Canto mellor lle vaia a Vox, mellor lle irá ao Partido Socialista. Acusábase de que o PP ía pactar con Vox na Mesa. Mire o resultado: o PSOE pacta con Vox para que estea na Mesa impedindo que estea Ciudadanos. Esa é a proposta do Partido Socialista Obreiro Español. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor presidente.

Seguimos coa orde do día.

Pasamos agora ao punto 4, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre a reiteración polo Goberno galego diante do Goberno central da demanda de retirada da limitación das taxas de reposición de prazas para o sistema sanitario público

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto, outra emenda do Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, outra do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 56785 (10/PNP-004192))

Emenda de adición.

Débese engadir o seguinte punto:

“Asemade, o Parlamento de Galicia insta a Xunta a publicar un informe desagregado e exhaustivo sobre o número de persoal do Sergas –diferenciando fixo e eventual– e as previsións de xubilación, negociar un Plan de Estabilidade Laboral co persoal do Sergas, incrementar orzamento sanitario en relación ao PIB ata, canto menos, a media da UE, potenciar a Atención Primaria e a prevención da saúde e rematar co modelo de colaboración público-privada no Sistema Sanitario Público.”)

(O G. P do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 56785 (10-PNP-4192).)

Emenda de adición.

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a orzar xa para o exercicio 2020 partidas suficientes para levar a cabo as ofertas de emprego público necesarias.”)



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-004192, doc. núm. 56785).

Emenda de modificación.

Débase modificar o seguinte contido na parte resolutiva da proposición non de lei: Onde di: "...reiterar a demanda...", debe dicir: "...demandar..."

Emenda de adición

Débense engadir dous parágrafos na parte resolutiva da proposición non de lei que quedarán redactados cos seguintes contidos:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

-Desenvolver as accións necesarias para reducir ao mínimo posible a eventualidade no sistema público de saúde, e a sistematizar as contratacións máis estables para profesionais que cubran baixas e substitucións, limitando a contratación por días e horas ás circunstancias inevitables.

-Comprometer o desenvolvemento dun plan de contratación extraordinario, que convoque todas as prazas de profesionais do sistema público de saúde non convocadas nos últimos sete anos a causa da limitación da taxa de reposición, a iniciar canto se faga efectiva a súa eliminación."

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm.56785 [10/PNP-004192].

Emenda de adición.

Engadir un novo punto co seguinte texto:

"Presentar no Parlamento galego, no prazo dun mes, un informe que contemple:

-Accións realizadas pola Xunta de Galiza tendentes a eliminar a taxa de reposición: solicitudes de inclusión na Comisión Interterritorial de Sanidade, peticións de retirada realizada ao Goberno español, con data de realización das mesmas.

-Impacto no emprego da sanidade pública galega da aplicación da taxa de reposición."

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.



Traemos hoxe a debate unha proposta da que xa temos falado neste hemiciclo en distintas ocasións. Presentamos esta iniciativa para reiterar a solicitude ao Goberno do Estado da retirada das limitacións da taxa de reposición de prazas para o sistema sanitario público. Eu supoño que será apoiada sen fisuras por todos os grupos da Cámara, para axudar a solucionar os problemas de cobertura de prazas no Servizo Galego de Saúde, dos que tantas veces temos falado aquí neste hemiciclo, neste Parlamento.

A taxa de reposición, señorías, consiste no establecemento dun tope na reposición das persoas empregadas públicas. Calcúlase aplicando a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que deixan de prestar servizos nun determinado exercicio orzamentario e o número de empregados fixos que se incorporasen por calquera causa no referido exercicio.

Fagamos un pouco de historia do ocorrido coa taxa de reposición nestes pasados anos. A partir do ano 2008, o goberno socialista do Estado foi recortando as ofertas de emprego de xeito cada vez máis drástico, co obxectivo de reducir o gasto de persoal público e como medida de austeridade. Curiosamente, neses anos nos que se negaba a existencia da crise —cando se afirmaba en setembro de 2007 que España participaba na *champions league* das economías mundiais—, seis meses antes das eleccións xerais tomábanse medidas para reducir o gasto en emprego público. Nesa mesma rolda de prensa da *champions league*, o presidente Zapatero afirmaba que a economía española estaba preparada como nunca o estivera diante dunha posible recesión, apoiada na súa fortaleza e no dinamismo do investimento, na solvencia das empresas, a eficiencia do sistema financeiro ou na acumulación das dispoñibilidades das familias. ¡Exemplo inesquecible de clarividencia e previsión de futuro!

No ano 2009, a taxa de reposición estableceuse nun 30 % para o ano seguinte. Nos orzamentos para o ano 2011 foi limitada ao 10 %. E recorden, señorías, foi cun goberno socialista en España —que parece esquecerse esta situación con certa facilidade—. Nun discurso nas Cortes españolas, que o diario *El País* bautizou como «Os dous minutos que cambiaron España», o presidente Zapatero engadía o recortazo que todos vostedes recordan: conxelación de pensións, baixada dos soldos dos empregados públicos, retirada do cheque bebé, freo ao investimento público e infraestruturas e diminución do gasto farmacéutico, despois de conversas con Obama, co presidente de China e con líderes europeos, que chamaron á orde o noso presidente do Goberno. Todo iso para baixar o déficit que no ano 2012 excedía o once por cento do PIB e semella que no remate do ano 2011 continuaba nesas mesmas cifras.

O goberno popular, o goberno de Mariano Rajoy, mantivo as medidas de austeridade e, entre elas, a taxa de reposición no dez por cento ata o ano 2014. No ano 2015, despois da mellora dos indicadores económicos, elevouse ata o cincuenta por cento e no 2016 chegou ao cen por cento en sectores prioritarios e mantívose no cincuenta por cento para os demais empregados públicos. No ano 2017, mantense a taxa de reposición do cen por cento para a sanidade, pero engádense os denominados procesos de estabilización do emprego temporal, que son acompañados por unha taxa adicional.

Evidentemente, esta situación afectou o emprego na sanidade pública, sobre todo no incremento da eventualidade. Como exemplo da resposta en distintas comunidades autónomas, en Extremadura non se convocaron OPE sanitarias dende o ano 2011 ata o ano 2017; en Astu-



rias, dende o ano 2008 —en enfermaría ou fisioterapia dende o ano 2002 ata o ano 2015—; en Valencia, dende o ano 2007 ata o ano 2016, e en Cataluña, dende o ano 2010 ata este mesmo ano 2019 non se celebrara ningún exame para novas prazas. Creo que todos coñecemos a que se dedicaron os políticos cataláns nestes últimos anos.

En maio de 2018, pouco antes da moción de censura, o Grupo Parlamentario de Unidas Podemos-En Comú Podem-En Marea presentou unha proposición non de lei no Congreso dos Deputados na que se solicitaba do Goberno —naquel momento do Partido Popular— a eliminación da taxa de reposición sen ningún tipo de excepcións e a convocatoria dunha oferta pública de emprego extraordinaria. Na intervención nese debate, o deputado, o señor González García —como dicimos, de Unidos Podemos— non fixo nin a primeira referencia á sanidade pública, mais si falou das oficinas da Tesourería da Seguridade Social, do Ministerio de Educación ou dos investigadores do CSIC, do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial ou do Instituto Carlos III. Foi aprobada con modificacións cunha transacción entre grupos.

En algo si son consecuentes, señorías dos grupos de Podemos ou Común da Esquerda. No pacto orzamentario asinado pola súa formación co goberno socialista de Pedro Sánchez tampouco aparecía máis referencia á taxa de reposición que para ciencia e innovación ou para os empregados municipais, cun máximo do cen por cento. Nin se falaba de sanidade pública nin de eliminación da taxa para recuperar parte dos postos perdidos durante a crise. Eses orzamentos —afortunadamente para todos— non foron aprobados, o que provocou a convocatoria de novas eleccións xerais.

Nos programas electorais socialistas dos dous procesos deste ano 2019 non se cita para nada a taxa de reposición na sanidade pública. No primeiro fala de aumentala en determinados postos de técnicos e científicos e no máis recente xa non se cita a taxa de reposición en ningún caso. No recente acordo de goberno entre o Partido Socialista e Podemos figura unicamente unha referencia descafeinada a protexer a sanidade pública; catro palabras nun documento de dous folios no que se dedica moito máis espazo a temas moito menos importantes que a sanidade pública. Penso que o desinterese dos grupos da esquerda na sanidade pública queda demostrado nestes documentos.

Neste Parlamento, o Grupo Popular xa apoiou no ano 2017 unha iniciativa do Partido Socialista nos seguintes termos: «Instar o Goberno de España a eliminar do ordenamento legal as restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións das taxas de reposición de prazas no sistema nacional de saúde cando estas afecten a postos de traballo estables». Non é certa, señor Torrado, a súa afirmación repetida neste Parlamento de que o Partido Popular soamente reclamaba a eliminación da taxa de reposición dende que goberna o señor Sánchez. Mais ben semella que vostedes —e inclusive Podemos— esqueceron as súas reclamacións sobre este asunto no momento en que chegaron ao poder —ou diante das posibilidades de facelo, de pisar moqueta, no caso dos comúns—.

Novamente este tema volveu a debate na Comisión 5ª, por iniciativa do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, e foi novamente aprobada por unanimidade co seguinte texto: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a instar o Goberno español á eliminación, como norma básica, da taxa de reposición de efectivos na Lei estatal de orzamentos do ano 2019,



correspondendo a cada comunidade autónoma a competencia de determinar o número de prazas para incluír na oferta anual de emprego público».

Como dicía, semella que socialistas e Podemos esqueceron en Madrid as súas demandas de eliminación da limitación das taxas de reposición. Na acta do Consejo Interterritorial de Recursos Humanos figura a nova petición do Goberno galego de eliminación da dita taxa, —é de marzo do ano 2019, deste ano—. Na resposta dos representantes do Goberno central sorprende, en primeiro termo, a do director xeral de Ordenación Profesional, do Ministerio de Sanidade, que, segundo a propia acta, di: «*Concluye que sería deseable que las medidas instauradas en la Comunidad Autónoma de Galicia fuesen generalizadas pero, desafortunadamente, no han sido implementadas en todas las comunidades*». Parece que Galicia e a Consellería de Sanidade non o fai tan mal, segundo opina o propio Ministerio.

A vogal asesora do Ministerio de Política Territorial e Función Pública responde á petición de eliminación da limitación da taxa: «*Respecto a la propuesta de eliminación de la tasa de reposición, se tomará en consideración y será objeto de análisis sobre todo por su carácter presupuestario*». Mais a vogal asesora do Ministerio de Hacienda enfría os ánimos para engadir que «*primero se debe realizar un análisis de los efectos que van a provocar en el sistema las ofertas de plazas por estabilización y, después, realizar un nuevo estudio de las necesidades de cada ámbito*». Resumindo, non parece haber moita présa nin moita disposición por parte dos representantes dos distintos ministerios na eliminación da taxa de reposición que reclamaba o seu propio partido hai pouco máis dun ano.

Por ese motivo, o Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia presenta a seguinte iniciativa: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reiterar a demanda ao Goberno de España da retirada da limitación das taxas de reposición de prazas para o sistema sanitario público».

Espero o apoio de todos os grupos e, pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Núñez Centeno.

Quero darlles a benvida aos alumnos do IES As Mariñas, de Betanzos, que acaban de entrar no plenario. Son alumnos dos ciclos de Administración e Finanzas, de Xestión Administrativa. Despois virán os doutros ciclos tamén do mesmo instituto. Benvidos e grazas por facernos unha visita.

Agora ten a palabra en nome do Grupo Parlamentario Mixto a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Benvidos e benvidas ao Parlamento.

Señor Núñez Centeno, non ten que esperar moito; imos apoiar a súa iniciativa. Pero queriamos facerlle a consideración de que con esta proposta o PP está recoñecendo o fracaso das políticas da chamada austeridade que el mesmo aplicou, que —hai que lembrar— continuaron mesmo despois de dar por pechada a crise económica e fixeron evidente xa no noso país —isto é constatable— a súa repercusión no sistema sanitario público. Entón imos facer un



pouco de historia tamén.

Efectivamente, este sistema de limitación das taxas de reposición comezou en 2010, si. É o ano no que tamén se produce a primeira das reformas laborais da crise. A situación empeora en 2011, co pacto de gran coalición en relación coa reforma do artigo 135 da Constitución, que blinda o principio da estabilidade financeira e o control do déficit público —e detéñome aquí porque isto é o nó gordiano e aínda non está revertido—. Pero o ano 2012 é que foi o ano máis nefasto —estaba Rajoy e o PP no Goberno—: última reforma laboral, Real decreto lei para a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde, eliminación do principio de universalidade da prestación sanitaria, Lei de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Son as políticas da chamada austeridade. É dicir, Rajoy e o Goberno do PP continuaron e reforzaron estas políticas, que xa se constatou que sumiron na crise a maioría social. Unha década despois da crise aumentou a desigualdade e aínda non se conseguiu volver aos niveis de benestar da cidadanía anteriores á crise.

¿Que fixo ademais a Xunta no noso país? Pois abrazou os recortes dende o principio e controlou o déficit con excesivo celo, e isto significou unha brutal deterioración laboral no sistema sanitario público. As últimas ofertas públicas de emprego non corríxen o enorme déficit de profesionais e por iso están aí as nosas emendas. Por suposto, nós estamos de acordo en solicitarlle ao Goberno a retirada da limitación das taxas de reposición, pero é que non é só unha cuestión de reposición de prazas, senón que ademais se deben tomar outras medidas que a Xunta non dá abordado: comprometerse a incrementar o investimento sanitario, garantir a estabilidade laboral, potenciar a atención primaria, desenvolver plans máis ambiciosos e integrais de saúde e atender as persoas maiores.

Dicía que todas estas políticas da chamada austeridade levaron o Estado español a estar máis dun punto de PIB por debaixo do investimento sanitario da Unión Europea, e isto pasa tamén no noso país. ¿E que pasou? Pois que a política económica deste recorte de recursos sociais e dereitos non a fixeron pola vía do incremento de ingresos senón ao contrario: reduciron impostos fundamentalmente ás grandes fortunas. E iso tamén o vemos aquí. ¿Que significou para a sanidade? Aumento exponencial das listas de espera, deterioración da calidade da atención primaria e das actividades de promoción da saúde, sobreexplotación e frustración do persoal e aumento da precariedade laboral —é tremenda esa contratación precaria, esas chamadas e esa excesiva temporalidade na sanidade, con esas chamadas ás tres para traballar ás tres—. Así pois, non é só unha cuestión de reclamar ao Goberno do Estado —está ben, nós ímolo apoiar—; hai que tamén desenvolver as súas competencias e deixar de deteriorar a sanidade pública galega. Porque ademais estamos nun contexto en que este desmantelamento sanitario coincide cun aumento das necesidades por ese avellentamento poboacional que sinalamos.

Si houbo un capítulo que aumentou durante a crise: o gasto en concertos coa sanidade privada. Así, para resumir, e xa non utilizo o tempo completo.

Imos apoiar —por suposto— que se solicite ao Goberno do Estado unha vez máis a retirada da limitación das taxas de reposición, pero sabendo que a postura do Partido Popular é moi combativa cando hai un goberno diferente no Estado e sabendo tamén que é insuficiente



porque vostedes tamén teñen que facer os deberes como Goberno galego: a atención primaria en pé de guerra, o Hospital de Verín en pé de guerra, hospitais comarcais en alerta. Sen máis, apoio á iniciativa pero cero hipocrisía. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día. E moi bo día a todos os mozos e mozas que nos acompañan desde a tribuna.

Eu quería empezar por pedirlle ao voceiro do Partido Popular que logo na súa quenda de réplica me aclare unhas cuestións. Unha é sobre se a partir de agora as afirmacións do presidente da Xunta aquí en sede parlamentaria sentan xurisprudencia. Dígoo por saber, no caso de que as sinaturas dos profesionais e as demandas dos profesionais vaian ser a partir de agora a folla de ruta do Partido Popular, se valen todas ou se vai ser que as que aplauden as decisións do Partido Popular, *bien*; e as de todos os miles de profesionais con sinaturas, con demandas na dirección contraria, mal. *(Aplausos.)* É por saber onde nos imos situar. *(Aplausos.)*

E tamén me gustaría —e isto xa non é en clave de brincadeira— que nos aclare unha cuestión que dixo o presidente: que os partos poden ser programados. Que nos aclare se esa vai ser a folla de ruta que van seguir, porque xa os datos dan que hai un exceso de cesáreas feitas no sistema público. ¡Porque realmente me preocupou —e moito— que dixera que os partos poden ser programados! *(Aplausos.)* Preocupoume, e moito. Por tanto, sería bo que vaian aclarando *(Murmurios.)* cal é... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora PRADO CORES: ...sería bo que vaian aclarando se esa vai ser a folla de ruta.

A taxa de reposición non é máis que a aplicación práctica do seguimento cego das políticas neoliberais, dese capitalismo salvaxe. É a aplicación práctica, igual que foi a modificación do artigo 135 da Constitución —aquel que fixo que se puidera modificar a Constitución da noite para a mañá e do domingo para o luns—, que obriga a pagar antes a bancos e demais que a atender necesidades básicas da poboación. Ou é a aplicación práctica das directivas de estabilidade orzamentaria, que teñen como obxectivo o adelgazamento dos servizos públicos, a redución do Estado, do público, en beneficio do privado. E dígoo para situarnos: non é unha cuestión técnica, é unha decisión política.

E, efectivamente, a taxa de reposición implementada, posta e aprobada no ano 2011, é logo non só mantida polo Partido Popular senón que foi máis alá. Porque teño que lembrarlle que, en marzo do ano 2018, o Partido Popular asinou un acordo coas organizacións sindicais estatais, e mantivérona e impuxérona como norma básica de obrigado cumprimento. Co cal, estamos ante dúas cuestións. A primeira: unha taxa de reposición que fixo que no sistema público en xeral e na sanidade, que nos ocupa en particular, nos anos 2010, 2011, 2012, 2013



e 2014, só se repuxesen o 10 % das prazas que se foran eliminando por xubilacións ou demais; no ano 2015, o 50 %; e a partir do 2016, o 100 %. Pero con mentira, con trampa, porque só se poden repoñer as que se producen a partir dese ano. Todas as eliminadas en todos eses anos anteriores non se poden repoñer. Co cal, dende logo, é sorprendente que, a pesar diso, o Partido Popular intente manter o relato de que hai máis profesionais no ano 2019 que no ano 2010 ou no ano 2009, cando en todos estes anos só se repuxo o 10 % dos efectivos que se foron perdendo. ¡A multiplicación dos pans e dos peixes! Non sabemos exactamente como o poden facer.

É unha evidencia que estes dez anos de goberno do Partido Popular supuxeron retroceso nas condicións laborais, perda de dereitos, precarización e, polo tanto, deterioración da sanidade pública.

O BNG vai votar a favor desta iniciativa, evidentemente; vímoloo demandando dende o minuto cero, en que se aprobou. E, efectivamente, o 28 de novembro do ano 2018 —practicamente hai un ano—, aprobábase neste Parlamento a iniciativa presentada polo BNG que demandaba a eliminación da taxa de reposición porque, entre outras cousas, era lesiva e invadía competencias. Porque as competencias en materia de sanidade son do Goberno galego, e resulta que o Partido Popular permite esa invasión permanente e continua e que desde Madrid se nos pretenda dicir como temos que gobernar os nosos servizos públicos...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...como temos que gobernar a nosa sanidade.

Polo tanto, imos votar a favor desta iniciativa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: E presentamos unha emenda onde o que pedimos é —e remato, presidente— que se faga un informe e se nos explique aquí cales son todas esas xestións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...que fixo o Partido Popular para rematar coa taxa de reposición...;

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...que accións, que actuacións e en que momento mandaron eses escritos pedindo esa eliminación. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Polo Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Bo día.



Grazas, presidente.

Señor Centeno, eu téñolle aprecio persoal e non entendo moi ben por que traen vostedes estas iniciativas aquí. Creo que este tipo de iniciativas o único que fan é deteriorar o debate parlamentario. No anterior punto, na sesión de control ao presidente, o presidente da Xunta facía referencia a unha frase que non era súa e que trasladaba que había que deixar de utilizar a sanidade pública para propaganda política. Esta iniciativa é unha iniciativa de propaganda política no momento en que se está dilucidando se se conforma ou non goberno central, señor Centeno. E facémolle fraco favor á sanidade pública utilizando o «ti máis» nos debates.

Fixese, nós estamos en contra da taxa de reposición. Estivemos en contra da taxa de reposición de Zapatero, de Rajoy e tamén de Pedro Sánchez. Evidentemente, o groso dos anos nos que se aplicou foi con gobernos do Partido Popular, co señor Rajoy. E se vostede o lembra, nós, desde que entramos neste Parlamento —e xa llo temos trasladado noutras ocasións—, manifestámonos en contra da arquitectura do déficit que implicaba recortar nos servizos públicos e aplicar non só a taxa de reposición, senón limitacións con base nunha débeda que por aquel entón, no ano 2012, cualificamos en moitas ocasións parcialmente como odiosa, señor Centeno. Estamos cansas de debater esta cuestión. Pero o problema non é só este elemento; nós dixemos desde o principio que non se podía cumprir á custa do sufrimento das persoas, porque recortar persoal sanitario implicaba recortar dereitos e servizos e problemas como o que estamos a ver hoxe, cando despois das xubilacións temos dificultades para cubrir algunhas especialidades e profesións sanitarias dentro do sistema sanitario público. Dixémolo naquel entón e dicímolo agora, e niso estamos de acordo. O que pasa é que non se pode facer unha utilización partidaria deste elemento e non poñer orzamentos para sacar esas prazas a concurso público.

Vostedes —estamos no medio dun debate orzamentario— néganse a poñer partidas que signifiquen, se nalgún momento esa taxa de reposición se elimina, unha garantía de oferta pública de emprego e a eliminación da precariedade que existe neste momento no sistema público.

A min gustaríame que fixésemos un pouco de memoria porque no ano 2013 —era conseleira a señora Farjas— decidiuse que se aplicaran por parte do Goberno da Xunta de Galicia as xubilacións forzosas no Sergas. Estas xubilacións forzosas que se aplicaron aos profesionais médicos significaron que moitos se tivesen que ir cando tiñan 65 anos, cando podían aínda ampliar a súa idade de xubilación, e non se xustificaban cun elemento que trasladaba por aquel entón o Partido Popular, que era que había que deixar entrar os novos. Non foi certo; o que se fixo foi amortizar prazas e perder a posibilidade de que agora non tivésemos a situación que temos. É evidente que non ía ser suficiente só con alongar esa idade de xubilación, pero trasladaríamos un elemento que, dalgunha maneira, nos permitiría hoxe ter máis pediatras, máis anestesistas e máis profesionais dalgunhas categorías que agora teñen dificultades. Vostedes comezaron a xubilar de maneira automática no ano 2013 todos os profesionais médicos que cumprían 65 anos —ata entón estábanse concedendo practicamente case todas as prórrogas ata os 70 anos—, e iso significou que dende inicios de 2013 ata finais de 2015 marcharon con 65 anos 459 facultativos e facultativas; e daqueles pos veñen estes lodos.



Hoxe vostedes utilizan este elemento de maneira partidaria cando, evidentemente, vostedes noutros anos non só non estaban en desacordo coa aplicación da taxa de reposición, senón que obrigaron forzosamente a xubilar profesionais. Nós dicimos que, ao final, cada medida vai sumando na deterioración do Sistema sanitario público e, evidentemente, esa aplicación das taxas de reposición, sumada á xubilación forzosa, que non veu obrigada de ningún lugar, que foi decisión da Consellería de Sanidade, do señor Núñez Feijóo por aquel entón coa señora Farjas, foron deteriorando de maneira progresiva o Sistema sanitario público.

E hoxe temos un problemón que non só está a asumir este goberno, senón que o asumirá o seguinte e o seguinte do seguinte, porque o problema de falta de persoal debido a vinte anos de falta de planificación e a dez anos de recortes sanitarios estámolo a pagar agora e non ten unha solución rápida ou a curto prazo.

Polo tanto —e vou rematar, que non me queda tempo—, hai que contalo todo, señor Centeno, hai que contalo todo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...e o goberno que entre ten un papelón, ¡ten un papelón!

Polo tanto, taxas de reposición, por suposto que fóra...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...pero orzamentos sanitarios, tamén, porque non habería orzamento neste exercicio para convocar as OPE se se eliminase esa taxa de reposición. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Benvido á petición da nosa reposición. Nunca é tarde, se é bo, iso está ben. Nós celebramos as posicións que consideramos correctas, e nós consideramos que é correcto solicitar que se elimine a taxa de reposición. Benvido; é a primeira vez que o Partido Popular rexistra unha iniciativa neste sentido neste Parlamento e, polo tanto, celebrámolo. Xa sabe que lle fago sempre, señor Núñez Centeno, a mesma apreciación. Van seis veces que se presenta en distintos formatos, como iniciativas, como emendas... Nas seis veces anteriores o Partido Socialista votou a favor. O Partido Popular leva dúas; a segunda hai unhas poucas semanas. Agora —eu discrepo da señora Solla— eu creo que está claro por que presentan a iniciativa: agora xa van ir 7-3 —parece un partido do Real Madrid isto, van 6-2 e agora xa van ir 7-3—. Aínda así, benvido; é a primeira vez que presentan esta iniciativa. Non ten que ver con que governe Pedro Sánchez en Madrid; seguro que non é por iso.



Vostede mencionou que este goberno solicitou esa eliminación da taxa de reposición, pero menciona sistematicamente aquel acordo de marzo de 2017 neste Parlamento. Con todo, leu a acta do Consello Interterritorial deste ano. A ver se me pode ler cando a solicitaron en 2017, a acta daquel consello interterritorial, ou un escrito que presentaran ou algo. Porque vostede afirma sempre no nome do seu grupo que o fixeron. E como nós queremos ser o máis fieis posible ao relato, seguramente nos pode ler aquela acta onde a solicitaron ou aquel escrito e así será todo máis fácil. Á parte da literalidade que lle puxo ao asunto ao dicir que se enfriou ou non sei que, estaba ben.

Permítanme tres apreciacións que explican tamén en realidade parte da nosa emenda. A primeira, a distribución do efecto da taxa de reposición. Como se explicou aquí, a taxa de reposición supón o número, o volume de profesionais que se poden substituír conforme as baixas ou basicamente, sobre todo, as xubilacións. Iniciou e estivo a metade da intervención falando de Zapatero —eu, cando gobernaba Zapatero, ao que lle teño moita consideración, estaba acabando os meus estudos aínda, pero téñolle moita consideración a aquel presidente—. E, de repente, fixo así un especie de *loop* temporal e pasou a este último ano xa, pero polo medio, olvidouse de que en todo ese tempo gobernaba o Partido Popular. Seguramente foi un erro porque vostede ten moi boa consideración do goberno do Partido Popular, pero permítame facer unha apreciación: de todas as xubilacións que houbo no Sistema sanitario galego dende que se implantou a taxa de reposición —se vostede quere facer unha distribución de cal é a responsabilidade de cada un—, practicamente o 90 % —o 86 % se non me sae mal o cálculo; é dicir, case cinco mil —, son responsabilidade dos gobernos do Partido Popular, xa que quere vostede distribuír responsabilidades. Nós, desde o noso grupo, estamos a favor da eliminación da taxa de reposición. Polo tanto, se quere distribuír responsabilidades, esa é unha.

Segunda cuestión, a eventualidade. Non é culpa da taxa de reposición que a Xunta estea condenada por contratos fraudulentos. Aparece literal nunha sentenza: «contratación fraudulenta». Non é culpa da taxa de reposición que a Xunta estea condenada por saturación de profesionais. Non é culpa da taxa de reposición que a Xunta estea condenada a contratar de maneira estrutural profesionais, porque os contrata de maneira eventual. Non é culpa dela que teñan que indemnizar recentemente con 15.000 euros un pediatra por saturar a súa consulta e non cubrir algunhas outras baixas. De todo iso non ten culpa a taxa de reposición. É culpa de que vostedes o espazo que teñen para contratar non o utilizan, ou utilízano con eventualidade; non é culpa da taxa de reposición. Todo o que está dentro dos orzamentos se pode cubrir correctamente e vostedes non o fan, e aí está o problema. Porque está ben eliminar a taxa de reposición, pero, ¿para que a queren eliminar se aínda non son quen de contratar nin sequera aquilo que teñen permitido contratar? Porque ese é o problema. Anuncian OPE de emprego público pero non as convocan realmente. Din: ¡Imos convocar...! Pero logo exames fanse moi poucos, e iso non ten que ver coa taxa de reposición, que —insistimos— está ben eliminar.

Vostedes teñen sentenzas xudiciais, e non unha, nin dúas nin tres; teñen moitas sentenzas xudiciais en contra por contratar fraudulentamente. ¡Fraudulentamente!, que o di unha sentenza: «contratación fraudulenta». Xa o dixó o conselleiro: «Éche o que hai». Esa é a resposta.



E, en terceiro lugar, está ben que se elimine a taxa de reposición pero, xa que a responsabilidade da decisión sobre a contratación en sanidade —porque a responsabilidade sobre a sanidade é autonómica— é, neste caso, da Xunta de Galicia, dicimos: que o Estado elimine a taxa de reposición, pero que a Xunta faga o seu labor. Por exemplo, toda esta eventualidade que a contrate, e xa, se se elimina, que asuma que cando se elimine se contrate de verdade. Porque non vaia ser que estean vostedes disparando para Madrid porque hai un goberno socialista e logo cando se elimine a taxa de reposición encontren outra escusa para non contratar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Polo tanto, entendemos que se o que queren é resolver o problema aprobarán as emendas, porque esta iniciativa reconece que hai un problema de sanidade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Agora entendemos que aprobarán as emendas porque o que queremos é resolver o problema.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: ¿Ou só queren dispararlle ao Partido Socialista? ¿Aprobaranas non?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Quero dar a benvida aos rapaces e rapazas de Betanzos, que nos acompañan.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio dos grupos. Eu entendín claramente que tres grupos ían apoiar a proposta. Do cuarto non o entendín, pero creo que si, que a vai apoiar.

Desde logo, señora Solla, para falar vostede de utilización partidaria da sanidade, hai que ter valor. E para que a formación dun goberno en Madrid decida que iniciativas se presentan no Parlamento de Galicia tamén hai que ter valor. Eu creo que están moi preocupados por pisar moqueta e por que o Goberno vaia para diante. Eu estaría encantado de que algún deputado do seu grupo participase nese goberno. Non sei se é así ou non, xa o veremos.

Ben, hoxe vimos aquí falar dunha necesidade para a sanidade pública galega, que se permita estabilizar moitas desas prazas que houbo que cubrir, daquela maneira, diante das dificultades económicas xeradas pola crise que provocou ter que poñer esa taxa de reposición —que repetimos que foi o Goberno socialista—. E esa solicitude foi reiterada en distintas ocasións



pola Consellería de Sanidade diante do Goberno central. Acusóusenos ao Partido Popular de votar só a favor cando gobernaba Pedro Sánchez. Xa demostramos que era mentira. E agora pediu o señor Torrado un documento. Pois, mire, hai un documento (*O señor Núñez Centeno mostra un documento ante a Cámara.*), unha carta remitida á ministra de Sanidade Dolores Monserrat —creo que a ministra Dolores Monserrat non era socialista, creo que era ministra do señor Rajoy, ministra do Partido Popular—. E di: «*Consellería de Sanidade e Xunta de Galicia. Propuestas al Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. Recursos Humanos y Formación. Punto 1. Estabilidad en el empleo —con el objetivo es reducir la temporalidad...—: “La Administración del Estado podría eliminar en la futura Ley de presupuestos del Estado para el 2017 la taxa de reposición o, cuando menos, modificar las reglas de cálculo de las vacantes que pueden ser ofertadas en las OPE, de tal modo que en el Sistema sanitario público de Galicia podamos ofertar todas las vacantes generadas en los últimos años. Galicia solicita eliminar la taxa de reposición. Diciembre de 2016, Consellería de Sanidade”*»». Á ministra Monserrat, do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Non imos aceptar a súa emenda, a emenda que falaba de retirar «reiterar», porque creo que queda evidentemente claro que se está a reiterar unha petición.

Con respecto á segunda parte da mesma, señor Torrado, estanse tomando as medidas para reducir a eventualidade. Desenvolveuse o contrato de continuidade. Cando se elimine a taxa de reposición, se vostedes son quen de convencer o Goberno de socialistas e Podemos, convocaranse todas as prazas que se consideren necesarias para as necesidades do sistema e reducir por baixo do 5 % a eventualidade.

Ademais, a sanidade galega non debe de estar tan deteriorada cando vostede a arraxaba nas emendas transversais co incremento do 1,13 %. Iso é sumar, restar, multiplicar e dividir. Faga a conta, señor Torrado. Eu son de ciencias, non sei se vostede é de letras. Sumando e restando sae o 1,13 %.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Creo, señora Prado, que queda tamén demostrado que o Partido Popular xa fixo no ano 2016 unha petición ao Goberno do Partido Popular.

Señora Solla, están orzadas todas as prazas necesarias convocadas na OPE e dentro das limitacións secundarias e a propia taxa de reposición, que hai que cumprir.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Remato, señor presidente. Non imos aceptar esas emendas. Queremos claridade na proposta que facemos de eliminación da taxa de reposición. Apoien a proposta e traballen diante dos seus deputados en Madrid para acadar resultados positivos. Galicia cumpriu e por iso tivo posibilidade de (...) (*O señor Núñez Centeno pronuncia palabras que non se perciben con claridade.*) e ten capacidade económica para facelo coas necesarias se se aproba a eliminación da dita taxa. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Núñez Centeno, xa rematou o seu tempo.



Entendín que non acepta as emendas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta aos pacientes da sanidade pública da súa intervención cirúrxica nun centro concertado, en cumprimento da Lei de garantías de prestacións sanitarias

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario Mixto e do Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 57625 (10/PNP-4274).

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

-Comprometerse a non realizar ningún peche de camas nin servizos mentres existan listas de espera, procedendo á apertura das plantas e alas inoperativas de xeito permanente, dotándoas co persoal necesario, para dar cumprimento aos prazos establecidos na Lei de Garantías de prestacións sanitarias sen ter que recorrer á privada.

-Facer públicas as listas non estruturais do Sergas.

-Dar cumprimento ás solicitudes de información ao abeiro do artigo 9 do Regulamento da Cámara en relación coas listas non estruturais do Sergas.

-Reverter as privatizacións sanitarias levadas a cabo nas áreas de Lugo e A Coruña.

-Publicar as listas de espera por servizos dos centros que teñen concertos co Sergas.)

(O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei, (10/PNP-004274)

Emenda núm. 1, de adición.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

«3. Establecer un calendario de actuación tendente a minimizar o recurso do Sergas a concertos coa sanidade privada e á finalización do concerto co Hospital Povisa no ano 2022.»



Emenda núm. 2, de adición.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

<<4. Incrementar os orzamentos do Sergas equiparando, canto menos, o investimento sanitario en relación co PIB coa media da UE.>>

Emenda núm. 3, de adición.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

<<5. Presentar nesta Cámara, no vindeiro período de sesións, un informe sobre rateos de persoal, especialistas de presenza segundo días laborais e fin de semana e festivos e segundo especialidade ofertadas de todos os centros sanitarios privados aos que o Sergas ten derivado pacientes da lista de agarda.>>)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 57625 [10/PNP-004274])

Emenda de adición

Engadir un novo punto 3 co seguinte texto: <<3. Facer públicas de inmediato a totalidade das listas de espera do Sergas, tanto estruturais como non estruturais, e dos chamados ‘buzóns’.>>)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Xa pasou de ser iso unha acta do ente territorial a ser unha carta que lle mandan a alguén. Agradeceríalle que me deixe unha copia, porque non a tivemos, e sempre é grato saber a preocupación do Goberno. Supoño que me facilitarán unha copia e que non haberá problema para poder ter todos esa información e poder compartila. Ademais, xa sabe que aquí temos falado moito da señora Dolores Monserrat, aquela que dicía, por certo, que non había problema de médicos na sanidade. ¡Un lince! Non había problemas de médicos na sanidade. ¡En fin!

Nós plantexamos agora unha situación que ten que ver tamén co problema de persoal no sistema sanitario. Ten que ver cunha das consecuencias graves dos problemas de persoal no sistema sanitario. Neste caso, especialmente, ten que ver coa atención hospitalaria, porque é aí onde se producen os problemas das listas de espera máis grandes.

Falamos a partir do informe que fai a Valedoría do Pobo anualmente, no que se avalían as queixas que se reciben respecto dos distintos servizos e as distintas áreas do Goberno da Xunta de Galicia. A área que máis queixas recibe —se non me fallan os datos, superando o 80 %— é a sanidade. Supoño que non lles dirá nada que máis do 80 % das queixas que recibe



a Valedoría do Pobo teñan que ver coa Consellería de Sanidade. E boa parte delas, non todas, teñen que ver coas listas de espera no sistema sanitario.

¿Por que as listas de espera? Fundamentalmente, por un problema de persoal: hai menos persoal, o sistema demora máis, enlentece máis a atención e, polo tanto, vanse demorando máis os días e veñen as tardanzas. Polo tanto, a xente ten a sensación de que está sendo atendida peor. Non peor en termos de calidade do trato —os profesionais son sempre moi ben valorados pola cidadanía, dos mellores que temos en España nas valoracións—, pero si na calidade que recibe e que percibe o paciente, o usuario ou a usuaria, porque entende que se está demorando a súa atención de maneira excesiva.

Neste sentido, nós temos denunciado moitas veces que existen dúas listas de espera: unha, a que se publica, e outra, a que non se publica. Por facer unha paréntese —aínda que moitos e moitas deste Pleno xa nos teñen escoitado moitas veces sobre isto, é importante porque tamén hai persoas asistindo ao debate e hai moita persoa nova que igual non o viron en primeira persoa pero si na súa casa—, moitos coñecerán que, cando hai un proceso hospitalario, no que hai unha consulta e ten que haber unha intervención cirúrxica, sexa maior ou menor, antes, non hai moito tempo, un acudía e dábanlle unha cita a «x» tempo vista —despois falaremos dos tempos—. E agora moitas veces —non sempre— pasa que vai pedir unha cita e que lle din: «Xa o chamaremos». «Xa o chamaremos» implica dúas cousas. Unha cousa é que un non ten capacidade de prever. Porque despois pódeno chamar e dicirlle: «Ten que vir mañá». Chaman dentro de catro meses e din «ten que vir mañá» e, ao mellor, mañá non é o mellor día, ou non é posible ás veces. Ás veces si, pero non é sempre posible. Pero pasa unha segunda cousa. Cando lle din a vostede «xa o chamaremos» e dentro de catro meses lle din «ten que vir mañá», o cómputo oficial de espera é un día, porque entre que o chamaron e lle deron a cita tardaron un día. A persoa di: Eu esperei catro meses. E o Goberno dille: Non, esperou vostede un día, e temos as mellores listas de espera do mundo mundial. Este é, basicamente, o debate numérico sobre as listas de espera. Polo tanto, as listas de espera oficiais teñen ese pequeno truco. ¡Pequeno!

¿Que ocorre? Que todos eses que non teñen unha cita programada están nunha cousa que se chama «listas de espera non estruturais». E están dentro dun caixón, apuntados, evidentemente, e están alí cos seus nomes, cos seus apelidos e co seu teléfono. Pero ninguén sabe cantos son e ninguén sabe canto tempo levan esperando. O Goberno si, pero non o di. Por tanto, temos un problema de falacia na publicación das listas de espera.

¿Que é o que ocorre ademais? Existe unha normativa a partir da chamada Lei de garantías e do decreto que a desenvolveu despois que afirma que a prioridade está en dar saída a todas esas demandas nuns prazos máximos —para unha intervención cirúrxica, por exemplo, son sesenta días—, e o sistema sanitario o que plantexa é que todo o mundo ten dereito a ser atendido nese tempo.

¿Que pasa cando a demora se produce e vai ir máis alá dos sesenta días? Que aos pacientes se lles ofrece a posibilidade de ser operados nun centro concertado; é dicir, nun centro privado ao que a Xunta lle paga un extra para que atenda a ese paciente ou a esa paciente. Os pacientes normalmente non teñen ganas de estar nos hospitais e, por tanto, tenden a acce-



der. Iso é o natural, porque, se a un lle din «aquí vas tardar e non sabemos dicirche canto» —e poden tardar moito—, e poden operarte dentro de dous días nun centro de aquí ao lado, pois a xente prefere ser operada. Pero hai algún truco nese proceso. O truco está, por exemplo, en que nunca lles din canto tempo van tardar. E tamén hai outro truco: que son instados a aceptar porque, se non, é posible que tarden moito máis. Traducido: a espera que van sufrir se non aceptan é máxima. Máxima é dicir que van ir ao final da cola, se é que hai un listado directo. E isto é basicamente estar conchabándose co sistema para promocionar a derivación cara a hospitais concertados. Polo tanto, como a derivación teoricamente é voluntaria porque o paciente elixe, non hai ningún problema. É libre, ¡dunha liberdade fantástica! Pódente operar dentro de dous días ou non sabemos cando te van operar nin che podemos dicir nada. É unha liberdade un pouco semicontrolada, digamos.

Polo tanto, a partir desta situación, que identifica igualmente a valedora do pobo e que o di de maneira explícita, o que plantexamos é incorporar ao sistema unha medida: cando algún paciente ou algunha paciente teña que ser intervindo e, por tanto, haxa que informalo, chegado o tempo máximo de espera, de que é necesario que saiba que pode demorar un pouco máis ou que pode ir a un centro concertado, que o paciente teña a liberdade plena de escoller. ¿Como se ten a liberdade plena? Sabendo o que pasa se acepta e sabendo o que pasa se non acepta. Porque moitos pacientes ás veces decidirán que queren manterse na sanidade pública, principalmente porque se fían máis. A confianza na sanidade pública é moito maior que na privada. Xa que se fían máis, queremos darlles a opción de que saiban canto poden demorar e que esa información sexa un compromiso —non vaia ser que lles digamos que van demorar un mes e despois os teñamos catro meses sen atender—. Pero, nese momento no que lles ofrecen esa derivación, que lles poidan dar unha data posible de operación se aceptan manterse no sistema público. Non parece unha decisión moi complicada. Se un é capaz de asumir que a demora vai ser longa é porque é capaz de ter unha previsión de canto vai ser esa demora. Informemos o paciente. Deámoslle a oportunidade real, libre, de escoller.

Isto ofréceo a valedora do pobo como unha posibilidade. Téñeno ofrecido moitos colectivos, e os grupos temos falado —nesta ocasión sen moito éxito porque, normalmente, o Partido Popular acepta que o sistema está perfecto tal e como está—.

Nós plantexamos esta mellora. En realidade é pequena no procedemento. Non é unha mellora que supoña custo directo, senón simplemente dar unha estimación que teña a maior aproximación posible ao que é a realidade e sirva como un compromiso. ¿Que poderíamos? A partir diso, poderíamos saber realmente cal é a opción preferida polos cidadáns, porque non se pode tomar como liberdade de elección a dun paciente hospitalizado que queira resolver o problema canto antes, porque iso supera calquera outra liberdade de elección. Polo tanto, nós plantexamos isto.

Ao fío diso, ¿que plantexamos? Plantexamos que hai un problema de persoal e, polo tanto, necesitamos aumentar o volume de contratación, que si terá que ver con ese debate da taxa de reposición. Pero hai moito espazo de contratación que a Xunta de Galicia non está usando —e debería—. Hai moito profesional contratado de luns a venres, despedido, e volta a contratalo o luns para despedilo o venres con tal de non pagarlle as fins de semana. Isto ocorre cos profesionais que nos atenden no Sistema de saúde público de Galicia e iso non ten que



ver con ningunha outra medida máis que cunha explotación laboral que se produce na Concellería de Sanidade.

Nós defendemos que iso debe ser mellorado, e, a partir diso, poderemos ter melloras nas listas de espera. Tradicionalmente, sempre o defendemos. Sabemos o que imos atopar sempre que se publique o volume de persoas esperando en listas de espera non estruturais. Ademais —como din os cidadáns—, temos a metade da media de España de persoas esperando por unha intervención que tarde menos de quince días. Pero temos máis do dobre de persoas que esperaron máis de seis meses. Isto é o que afirman as persoas cando se lles pregunta —que teñen as súas citas, que teñen os seus datos— a pesar de que a Xunta negue isto e de que o Partido Popular o negue constantemente. Preguntadas as persoas por canto esperaron, temos a metade da media de España esperando menos de quince días e temos o dobre esperando máis de seis meses. Nós temos defendido isto aquí con citas do propio sistema, oficialmente aquí presentadas e que sempre se cualificaban de anécdotas. ¡Está o sistema cheo de anécdotas! Está tan cheo de anécdotas que as anécdotas se convierten en norma. Polo tanto, defendemos que se necesita máis persoal para resolver ese problema.

Por certo, se tivéssemos máis servizos nos hospitais comarcais, ¡canto mellor resolveríamos este problema e sen saturar os profesionais dos hospitais das cidades! (*Aplausos.*) Isto sería fundamental. E non nos dediquemos a enfrontar profesionais, a enfrontar os profesionais uns cos outros para ver quen queda cun servizo ou con outro.

Dito isto, nós o que defendemos é, precisamente, máis persoal para reducir as listas de espera e esta proposta de medida que sexa dicirlles aos pacientes, aos usuarios, cal é a súa situación real e manter un compromiso de intervención para que así poidan libremente elixir se queren ser atendidos nun centro concertado ou manterse no sistema público. Porque, a partir diso, teríamos máis persoas —seguramente, cremos nós— defendendo quedarse no sistema público. Porque, polo de agora, certo é que, a pesar das palabras do Partido Popular, informe oficial de cantas persoas hai nunca se ofreceron a dar. Nunca os datos foron postos branco sobre negro.

Polo tanto, nós defendemos esta medida, que cremos que é importante e interesante, que é defendida tamén pola Valedoría do Pobo, e agardamos o apoio a ela.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Dámoslles a benvinda aos alumnos do IES As Mariñas, de Betanzos, pero, neste caso, aos alumnos dos ciclos de servizos administrativos. Benvidos a este Parlamento, que é o Parlamento de todos.

E ten a palabra, en representación do Grupo Parlamentario Mixto, a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Ben, o que está de fondo nesta iniciativa xa o dixo o propoñente. É a imposibilidade do sistema público para cubrir todas as necesidades sanitarias e unha política de buscar esa alternativa nos concertos coa sanidade privada.



Dende logo, imos apoiar esta proposición non de lei, pero as emendas que presentamos van no sentido de camiñar cara á minimización deste recurso á sanidade privada por parte do sistema público. É certamente real esta situación que traslada a iniciativa. A xente traslada as súas queixas —como di a iniciativa— sobre a dificultade de renunciar á oferta de ser intervidos nun centro concertado; problema que sitúa a iniciativa na ausencia de información.

Nós estamos de acordo en que é esencial coñecer os tempos de agarda no sistema público no caso de renunciar a ser derivado a un centro concertado. Pero a realidade é que non se limita só a iso, nin o problema de derivación a centros privados é inocuo para os pacientes. Porque, ao final, a Lei de garantías sanitarias é unha especie de chantaxe: ou acepta ir á privada ou non sabemos cando o poderemos atender nin nos comprometemos a atendelo nun prazo de tempo concreto, agora escolla. Isto é unha chantaxe.

Certamente melloraría coñecendo os tempos de agarda real desa espera no sistema público. Pero o que está de fondo —como digo— son as deficiencias da sanidade pública e a falta de medios humanos. Mentres, estase trasladando á cidadanía que a sanidade privada citará o paciente en poucos días fronte, pois, a incapacidade do sistema público de citalo antes. A realidade é que tampouco é tan simple porque non é a mesma calidade de atención sempre na sanidade privada que no sistema público. Moitas veces díselles aos pacientes que serán derivados e que se lles aplicarán os mesmos criterios exixibles a un centro público, pero isto non é así nin en técnicas cirúrxicas nin en especialistas con presenza nin en rateo de persoal nin en xornada máxima nin nos equipos de protección da saúde. A presenza vinte e catro horas ao día e trescentos sesenta e cinco días ao ano da sanidade pública é unha garantía de calidade que o sistema dos centros privados non pode ofrecer —sobre todo, en canto a persoal—. Se está mal na sanidade pública, que é dunha temporalidade e dunha precariedade tremenda, na sanidade privada —vímolo no debate de Povisa— pois aínda está peor. Incluso hai pacientes que nos teñen trasladado que o seu profesional de referencia na pública lles pide que non acepten ser derivados a un centro privado porque van ser mellor operados desa intervención no sistema público e, aínda que teñan que agardar, que reclamen e que intenten operarse canto antes na pública.

En canto ao compromiso de establecer eses sesenta días de tempo máximo para intervencións cirúrxicas non urxentes, ou corenta e cinco días para consultas de especialista, para primeiras probas diagnósticas e terapéuticas, pois xa está demostrado que é unha absoluta mentira. Como vostede mesmo dicía, a realidade oficial deses datos —que nunca se trasladan de xeito real e á realidade da xente que sofre estas agardas— é tremenda. Non son anécdotas, é que nos poden pasar un montón de tickets, como lles chama a xente, dos que lles dan para as probas. Teño este dunha paciente, por exemplo, que llo dan o 5 de febreiro de 2018. É un no que pon que xa a chamarán para unha primeira consulta de traumatoloxía —que neste caso pode ser para unha intervención importante de rodilla—. E di: «Xa a chamaremos ou xa lle enviaremos carta —5 de febreiro do 2018—». (A señora Vázquez Verao mostra o documento que leu.) A data da primeira consulta é o 12 de decembro do 2018, sete meses despois. E isto é unha constante. E simplemente se conta —como xa dixo o propoñente— o tempo de agarda dende que a citan —valla a redundancia— para esa cita de decembro, non se conta a espera dende febreiro.

Polo tanto, para as persoas enfermas que están pendentes dunha cirurxía o problema da derivación a un centro privado non é un tema de calendario —que tamén o é—, implica an-



siedade, implica temor, implica inseguridade, sentimento de exclusión do sistema público. Temos que facer o posible por rematar con este sistema que depende tanto da atención privada, dos hospitais privados. Temos que apostar, precisamente, por ese maior investimento en sanidade —polo menos, equipararnos á media da Unión Europea—.

Por suposto, votaremos a favor desta iniciativa porque é esencial a información, coñecer os tempos de agarda, que a Xunta traslade cal é a situación das listas de agarda reais e que, ao final, as persoas, os pacientes, poidamos decidir cando teñamos toda a información, pero sen esquecer o fondo. Non se pode depender deste xeito da sanidade privada por parte do noso sistema sanitario público. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Pois a verdade é que existe unha sanidade pública real en Galiza, a que padecen, a que sofren, a que ven todos os días os galegos e galegas; e logo existe a sanidade virtual do Partido Popular, a sanidade da mentira, da propaganda, de convencer os galegos e as galegas de que aquilo que padecen todos os días non é certo, a de convencer os miles de galegos e galegas que levan meses, incluso anos, agardando consultas, probas diagnósticas, intervencións cirúrxicas, pois, de que non é verdade, de que non é verdade porque as estatísticas do Partido Popular lles din que non é verdade, e unha estatística non lla pode estropear a realidade dunha persoa. Así é como aquí, un día si e outro tamén, vemos actuar o Partido Popular. E, máis alá do que intenten repetir e repetir e volver dicir, o empeoramento das listas de espera nos últimos tempos é clamoroso e constante.

¿Que está facendo o Partido Popular? Pois, agora, en vez de dar os datos, ocultar todas aquelas persoas que non están na lista oficial, nas listas estruturais, ou o que se chaman «os buzóns», todas esas persoas que están aí metidas nun buzón e que non teñen información de cal é o seu proceso de saúde non saben cando van ser chamadas, non saben o tempo que lles queda. Esa é a situación.

Mais agora o Partido Popular o que fai son listas de espera dos casos graves, desas que regulou na Lei de garantías que permiten parecer que eses datos son os datos totais. E esa información, trasladada así, pois pode facer que moita xente crea que está dando os datos reais das listas de espera. E esa non é a realidade. Calquera de nós sufrimos esa realidade, calquera que teña un familiar ou que teña un veciño sabe que a realidade é que se está agardando meses, e incluso anos, sen ter información do que está acontecendo. Hai atrasos das primeiras consultas pero, sobre todo, nas sucesivas hai atrasos de meses; e nalgúns casos incluso chegan a anos.

Os profesionais de psicoloxía clínica, por exemplo, denuncian máis de oito mil persoas en lista de espera para psiquiatría. ¿Cantos meses consideran vostedes, co déficit tremendo que hai de profesionais nesta especialidade, que supón esta lista de espera —sobre todo, listas de espera para consultas sucesivas—? ¿Que tipo de tratamento, que tipo de asistencia sanitaria, se lles presta ás persoas que tardan en ter a súa primeira consulta e, sobre todo, tardan



logo meses en que se lles faga un seguimento? Pois, absolutamente, unha asistencia dunha calidade nefasta.

E hai listas de espera nas probas diagnósticas. Vas á primeira consulta e logo as probas diagnósticas tardan meses en xeral. E hai listas de espera en probas diagnósticas, en TAC de doentes oncolóxicos que están cos seus tratamentos —quimioterapia e radioterapia—, que os seus médicos lles solicitan as probas para ver como vai ese tratamento e que, cando chegan para facer esas probas, non as teñen. Un caso práctico: unha persoa que tiña que facer a revisión para continuar o tratamento en maio e que en setembro non tiña feito o TAC para saber cal era a evolución da súa enfermidade. Esa é a constante de todos os días e non hai propaganda do Partido Popular que a poida ocultar. Non hai propaganda que poida ocultar esa realidade porque é a que viven os galegos e as galegas todos os días.

Por iso imos apoiar esta iniciativa que presenta hoxe o Partido Socialista. Presentamos unha emenda no sentido de que se fagan públicas de inmediato a totalidade das listas de espera. Se realmente o Partido Popular non tivese nada que ocultar e esa información que traslada fose real, pois non sei por que ten tanto medo a publicar as listas. Non sei por que aprobou na lei que, en vez de publicalas cada tres meses, as publicaría cada seis. E, aínda así, publícaas maqueadas. Se a realidade é a que vostedes describen, ¿que problema hai en que teñamos todos e todas información de cal é esa realidade?

A realidade é que eses «buzóns» están cheos de persoas que non son estatísticas, son persoas reais que necesitan atención sanitaria e que, con estas listas de espera brutais existentes, non a están a recibir nin en tempo nin en forma.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Polo Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Eu quedo un pouco máis tranquila coa explicación do Partido Socialista porque a iniciativa era un pouco complicada de entender, entre outras cousas, porque entendiamos —e por iso presentamos a emenda— que, tal e como sucede en ocasións coa información relativa ás listas de espera actuais, unha publicación dos tempos de espera dos centros concertados depende de como se faga. Igual que se retoca ou que se manipula cando se publican as listas estruturais, e cando entran as persoas nesas listas estruturais, podería conducir a fomentar, por parte do Goberno actual, que a xente fose máis cara á concertada e non cara á pública. Esa era a dúbida e por iso plantexamos esa emenda de substitución.

Temos un problema evidente e por iso nós levamos anos pedindo as listas de espera non estruturais. Eu teño aquí a petición que fixen nesta lexislatura, do 15 de decembro de 2016 —listas de espera non estruturais do Servizo Galego de Saúde—. Pasaron tres anos e estou agardando aínda por unha petición de información ao abeiro do artigo 9. Como saben, a



Xunta de Galicia ten un mes para contestar e levamos tres anos, ¡tres anos! Pero o peor é que eu xa fixen esta petición na anterior lexislatura e tampouco se contestou. Levo sete anos esperando que se conteste unha petición de información. É unha información que, efectivamente, a lei non obriga a publicar —a das listas de espera non estruturais—, pero que as deputadas e deputados temos dereito a solicitar; e a Xunta, a obriga de contestarnos. Sen eses datos das listas de espera reais nós non podemos valorar cales son as necesidades dos servizos, porque as que se publican —xa se explicou aquí— están dalgunha maneira afectadas pola xestión que se fai das propias listas: cando entra a persoa na lista, se é que sae porque se manda a outro lado, se sae porque a chaman para ir a un concertado, rexeite ou acepte esa petición...

Levamos anos explicando esta cuestión aquí. De feito, o que fixo a Consellería de Sanidade foi purgar os profesionais que trasladaban as listas de espera agachadas que había. Teño que lembrar outra vez o problema que houbo coa xefatura de oftalmoloxía dentro do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra.

Temos exemplos do incumprimento do artigo 16 da Lei de saúde de Galicia. Modificouse a Lei de saúde para o que convida, pero no artigo 16, que fala das garantías, normativas e de organización, e da información e da publicidade que se ten que dar a esa información, non se cumpre. Discutímolos tamén cando o Partido Popular decidiu modificar a Lei de saúde de Galicia, pero precisamente para restar dereitos. E agora temos esta situación.

Nós entendemos, parece bastante claro e bastante evidente, que non se cumpre cos tempos máximos de espera —cos da lei do Partido Popular do ano 2013 pero tampouco cos anteriores— en moitas especialidades e probas. E iso require medios —e xa os solicitamos moitas veces— para manter aberto o sistema sanitario público. E ten relación coa anterior iniciativa, porque non hai maneira de abordar as listas de agarda se non hai persoal sanitario para facelo. Efectivamente, aquí púñanse exemplos das probas diagnósticas. ¡É un problema real!, é un problema real e hai moito paciente oncolóxico agardando probas que ten que facer reclamación sobre reclamación. E esas probas demoran. ¿Ten efectos sobre a súa saúde? Pode que si, pode que non, pero o que non podemos é correr ese risco. E non se cumpre a Lei de garantías nin tampouco a Lei de saúde nese aspecto.

Nós entendemos que é de obriga publicar eses datos que se solicitan aquí e trasladarllelos aos grupos parlamentarios. Hai que comprometerse a non pechar os servizos, porque no día de hoxe seguimos planificando peches de servizos cando hai listas de agarda. E chega o verán ou chega a época da gripe e teremos unha e outra vez discusións sobre por que había camas pechadas e unidades pechadas cando había necesidade. E ese é un problema de falta de persoal. E tamén é un problema porque, evidentemente, dende a aprobación da Lei de garantías de prestacións sanitarias pasaron máis cousas. Pasaron cousas que serviron para privatizar servizos sanitarios, e por iso o incluimos tamén na emenda. Denunciámolo aquí nesta lexislatura. O noso grupo denunciou que se asinaron privatizacións na EOXI da Coruña e na EOXI de Lugo, de consultas, de probas diagnósticas, de intervencións cirúrxicas. Xa non fai falta recorrer á Lei de garantías de prestacións sanitarias porque xa o puxeron nun papel e as derivacións fanse de maneira automática na Coruña e en Lugo. Poden dicir que non é unha porcentaxe elevada do global, pero é un anaquiño tras anaquiño que se lle vai retirando



á sanidade pública. A situación é xa —eu creo— dun grao de deterioración que, como se dicía antes —e remato—, o único elemento que o palía é a calidade asistencial que dan os profesionais sanitarios. ¡En fin!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Imos ver que pasa coas emendas. En todo caso, queda máis explicada a intención da iniciativa, e dámos medo porque, efectivamente, se utiliza de maneira habitual unha norma para facer o contrario, que é o que estamos a ver nesta Cámara.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días, moitas grazas presidente.

Entenderá, señor Torrado, que a miña intervención vai ir no mesmo sentido de resposta que a que hai poucos días, de maneira moi clarificante, lle deu o director xeral de Asistencia Sanitaria. O Servizo Galego de Saúde garante, a través dos seus sistemas de información e das súas actuacións, os requisitos establecidos das características e contidos de información xeral sobre os tempos de espera dos pacientes, asegurando a comparabilidade dos datos con outras comunidades autónomas establecidas no artigo 4 do Real decreto 605/2003, no que se recolle que se publicará a información sobre as listas de espera estruturais con carácter semestral; e así o está a facer o Sergas, publicando a información no seu portal *web*.

Ademais, tal e como tamén se establece no Real decreto 605/2003, os usuarios do Sergas dispoñen dun acceso ao sistema de información personalizado das citas e das listas de espera, que permite, garantindo sempre a confidencialidade dos datos, acceder á consulta personalizada sobre os seus datos de espera en cirurxía, en consultas e probas, accesible a través da páxina *web* É-Saúde. A Lei de garantías de prestacións sanitarias establece un sistema de garantías de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas, a través do cal o Sergas establece con cada paciente, ao que se lle indica unha cirurxía, consulta, proba ou garantía, un compromiso individual de darlle resposta asistencial nos prazos máximos regulados na lei. No momento de incluír un paciente nos rexistros de espera para unha intervención, entrégaselle o documento acreditativo do dereito de garantías, no que consta a data de inclusión e o compromiso de atención no prazo establecido.

Señores da oposición, cando un paciente do Sergas ten necesidade dunha operación cirúrxica programada, sempre se lle pregunta onde prefire operarse, se no seu centro de referencia ou ben nun centro concertado. E por suposto, señora Vázquez Verao, que se lle explica que o centro concertado ofertado para resolver a súa doenza cumpre todos os estándares de calidade e seguridade exixidos polo Sergas. Os centros concertados están autorizados pola Consellería de Sanidade e, ademais, están acreditados pola Inspección de servizos das xefaturas territoriais. Cando a un paciente se lle comunica que pode operarse nun centro concertado



e este decide que o quere facer no seu centro de referencia, simplemente segue coa mesma fecha de inclusión na lista de espera, e a súa intervención cirúrxica vai ser programada en función dos recursos dispoñibles, sempre garantindo a súa decisión e, por suposto, sempre está supervisado polos especialistas responsables do seu centro hospitalario.

Información, toda, señor Torrado. Datos en Galicia: tempo de espera media para unha intervención cirúrxica, en decembro do ano 2018 foi de 61,6 días, o que supón unha diminución de 4,8 días respecto de decembro do 2017, sendo a mellor cifra acadada dende que se formalizou o rexistro de lista de espera no ano 2003. ¿Pódese mellorar? Por suposto, e niso traballa a Consellería. No Sergas trabállase cada día en políticas que permitan mellorar as listas de espera, priorizando sempre en función da gravidade, co firme compromiso de axilizar a asistencia e, por suposto, sempre tratando de dotar os usuarios da capacidade de decisión, coa finalidade de mellorar o servizo que se presta á poboación e de incrementar de xeito paralelo o seu nivel de satisfacción.

Quero trasladar a esta Cámara as palabras que tamén deixou claras na súa intervención o director xeral de Asistencia Sanitaria e a súa disposición para seguir traballando en mellorar a información que reciben os pacientes en relación coa espera, nun afán de facer chegar a todos os interesados un maior nivel de información posible, dirixido á toma de decisión deste.

Falouse de concertos. Non ben mal recordar que no Bipartito se gastaban 216 millóns de euros en concertos coa sanidade privada e os orzamentos que estamos a debater agora contemplan 205 millóns. Podíamos dicir que son 13 millóns menos, pero aínda que o señor Lago non está, como nos ten acostumados a falar de inflación, eses 218 millóns do 2009 serían hoxe 245 millóns. É dicir, a partida de concertos coa privada do Bipartito era, en termos reais, un 20 % superior á actual.

Eu non quería acabar a miña intervención sen deixar unha reflexión. Señores da oposición, coa sanidade non se xoga —xa mo escoitaron máis veces— e menos se fai demagogia. Miren, vostedes agriden cada día a cidadanía galega, sementan dúbidas, faltan á verdade. Mire, aos doentes, aos enfermos de verdade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...—remato xa—, á xente que precisa usar a sanidade, a esa xente non a enganar, porque coñecen e usan a sanidade que teñen, a sanidade que temos todos os galegos.

Vostedes dixeron que a Lei de garantías ía acabar nunha derivación masiva á privada. Os feitos demostran que non foi así. Vostedes dixeron que o Goberno galego deixará morrer a xente por non darlles medicamentos, e os feitos, avalados pola xustiza, tamén demostran que non foi así.

Xa remato.

Agora queren dicir máis cousas sobre as listas de espera, os hospitais comarcais... A fiabilidade é a mesma das anteriores afirmacións...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Amigo. Rematou o seu tempo. *(A señora Amigo Díaz pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Moitas grazas, señora Amigo, xa non se escoita, xa está fóra do tempo, moi fóra do tempo. Hai un tempo para falar.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio dos grupos e que recabo o apoio do Grupo Común da Esquerda coa explicación que dei. Estou encantando de aceptar as emendas do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Mixto que, aínda que dispersan un pouco, están ben, e se ao Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda lle parece correcto admitiremos as súas como engádega, xa que a nosa creo que está explicada.

Comprendo, señora Amigo, que vostede dea a explicación que deu o director xeral. É lexítimo e natural, ademais, porque está ben ás veces preguntarlle algo á Xunta e ao PP, que xa ve que a Xunta acaba de cargarse o paridoiro de Verín e o PP de Ourense non o ten nada claro. *(Aplausos.)* Está ben reforzar algunhas ideas, quero dicir, porque podían ter unha opinión discrepante.

Polo tanto, xa que me fala de escoitar, se vostede estivera en Verín o outro día, vería que alí se escoitaba ben. Igual se escoitou dende Ourense. Fíxese na moción da Deputación, fíxese se se escoitou que dende Ourense se escoitaba o de Verín. Tamén dende o Barco se escoitou que o xefe de Pediatría do Barco tamén di que suprimir o paridoiro de Verín é unha burrada. Por certo, tamén é un profesional o que o di, porque está ben isto de que os profesionais son moi bos cando nos dan a razón.

Se non escoitei mal, vostede dicía que un usuario pode saber a situación na que está o seu proceso de lista de espera. Si, iso é certo. Nós o que plantexamos é que hai moitos usuarios e, polo tanto, un usuario pode saber a súa pero sería interesante, en termos de xestión, ser coñecedores de todos. Non do DNI, do apelido e da patoloxía que ten, senón de cal é o número, de cal é a porcentaxe deles que son atendidos en tempo, canto tempo duran, etc.; sabelo en termos globais. Esa é a información de xestión que queríamos, pero esa non se facilita.

Normalmente non contesto a isto dos orzamentos, pero é importante. Vostede compara o do Bipartito, aquel de hai tempo, cos orzamentos reais que propoñen agora sobre concertos. Claro, pero ¿cal é o problema? Que di o Consello de Contas —xa non o vou dicir eu— que eses orzamentos son mentira e que o incremento desas partidas, ao final do ano, en orzamento executado, pode mudar co orzamento executado do ano pasado. Son elevadisimamente superiores. Polo tanto, non me diga o que é o orzamento porque o orzamento é unha decisión persoal. Poden orzar cero, pero iso non quere dicir que logo gasten cero. Déanme os executados, canto se destina a concertos, e por aí igual podemos resolver algo.

Non é plenamente libre a decisión. Non se informa os pacientes de canto se pode demorar; non se lles informa. Nós plantexamos: se xa se fai, ¿por que non aprobalo? ¿Cal é o problema



de ofrecerlles información aos pacientes de canto se vai demorar se prefiren quedar na pública? Porque prefiren, porque as condicións laborais dos profesionais, sendo moi bos profesionais na privada, son moi malas e, polo tanto, están moito máis saturados, teñen menos recursos, e ademais a xente prefire a sanidade pública. Iso é basicamente o que din.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Polo tanto, nós non entendemos cal sería o problema de aprobar isto, salvo que vostedes estean no mesmo sitio de sempre e a calquera proposta que chegue da oposición digan: «Moi mal, porque son moi alarmistas». Aínda non me contestaron se son alarmistas tamén os seus alcaldes, que se manifestan en contra de suprimir o paridoiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias que presentan as instalacións e a carencia de material didáctico axeitado no Centro Superior de Música de Vigo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Bo día. Permítanme saudar tamén dúas alumnas do Conservatorio Superior de Música, das especialidades de Música Antiga e Composición, que nos acompañan en representación da Xunta de Delegados deste centro.

Preguntáranse —posiblemente con razón— por que o noso grupo parlamentario trae ao Pleno unha iniciativa que sería das que posiblemente, polo seu contido, levaríamos á Comisión 4ª, de Educación e Cultura. A razón é moi sinxela: os centros de educación artística, os centros superiores de música, como o caso do de Vigo e o caso do da Coruña, son centros cunha singularidade tal que a súa atención deba formar parte da política de calquera goberno que se prece de protexer aquilo que é máis prezado, como son os centros de educación superior. No caso concreto das ensinanzas artísticas, xa dende o ano 2008 contan cun Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores. E contan con este consello porque, como se di no decreto no que se crea esta institución, estas ensinanzas dedícanse a dar a máxima cualificación do futuro persoal e profesional das artes. E non debemos esquecer que, aínda sendo unhas ensinanzas minoritarias con respecto ao global do alumnado da nosa comunidade autónoma, se escolarizan neste curso nada menos que 7.232 alumnos. Polo tanto, non estamos a falar dunhas ensinanzas residuais por dous motivos: en primeiro lugar, por ser ensinanzas de carácter superior e, en segundo lugar, por estar escolarizando este número de alumnos.



A Consellería de Educación, dentro das declaracións de intencións que se supoñen que figuran nos orzamentos, di que o obxectivo para este tipo de ensinanzas é acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios para os usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor-alumno. E tamén fala de mellorar as características funcionais de seguridade e habitabilidade das instalacións para que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios. Moi ben, como declaración, irreprochable. O certo é que a propia Consellería de Educación ten dentro dos seus orzamentos un programa específico para as ensinanzas artísticas, o programa 422E, no que podemos ler que a Consellería tenta garantir que a oferta realizada ao seu alumnado se concrete no máis amplo abano de ensinanzas artísticas para que completen a súa formación cunhas instalacións adecuadas.

Con respecto a isto último, a propia consellería di nas súas memorias que, analizadas as demandas existentes, as máis relevantes son dúas: a demanda de reparacións, ampliacións e melloras nos centros de ensinanzas artísticas e a demanda de novas dotacións, equipamentos e reposición do material deteriorado.

Pese a isto, e analizando as execucións orzamentarias completas dos anos 2016, 2017 e 2018, con respecto ao que se orza inicialmente, atopámonos coas seguintes evidencias: no ano 2016 a Consellería dotou este programa con 33.600.000 euros. Ao final, gastou 29. É dicir, deixou sen gastar en centros específicos de ensinanzas artísticas, catro millóns e medio de euros só no ano 2016. No ano 2017 orzou inicialmente trinta e seis millóns de euros e gastou trinta; polo tanto, deixou sen executar 5.600.000 euros. E no ano 2018 orzou practicamente trinta e sete millóns de euros e executou trinta e dous. Polo tanto, deixou sen gastar practicamente cinco millóns de euros.

En total, nestes tres anos —2016, 2017 e 2018—, a consellería deixou sen executar nas ensinanzas artísticas —e isto é relevante porque desviou eses fondos cara a outros capítulos— un total de quince millóns de euros. ¡Quince millóns de euros en tres anos! Veremos os datos da execución orzamentaria do ano 2019, cando os coñezamos, e veremos o que dan de si os case corenta millóns de euros que orza nos presupostos do ano 2020.

Pero, paralelamente a toda esta cantidade de cartos sen executar e dedicados a outras cousas, e non ás ensinanzas artísticas, no Conservatorio Superior de Música de Vigo existen dende hai varios cursos serios problemas de mantemento que dificultan o normal desenvolvemento das actividades docentes. Hai pingueiras —de feito, no final deste mes de outubro, houbo inundacións nun dos edificios—, hai deficiencias nas aulas, hai malas condicións acústicas e térmicas... Estas últimas, as térmicas, obrigan a que o alumnado teña que empregar luvas para protexerse do frío. Imaxínense vostedes o que é tocar un instrumento musical con luvas postas; é case igual —dado o debate sanitario que temos neste pleno— que imaxinar a un cirurxián operando con guantes de boxeo e, polo tanto, parece pouco axeitado.

E non debemos esquecer que este Conservatorio Superior de Música de Vigo e mais o da Coruña son os dous únicos centros de toda a comunidade autónoma que imparten niveis superiores das ensinanzas de música. Este centro conta, ademais, con vinte e cinco especialidades —que non vou ler porque evidentemente non me vai dar tempo; pero o feito de que conte con vinte e cinco especialidades dá boa conta da importancia que ten este centro superior.



Resulta moi preocupante —é evidente— o grao de abandono no que os responsables da Consellería de Educación teñen sumido este centro. E máxime cando, como se puxo de manifesto —acabo de facer referencia a iso—, existe capacidade orzamentaria, posto que se deixaron sen gastar quince millóns de euros só en tres anos. E o certo é que este abandono non só se refire ás instalacións, ou ao equipamento, senón á absoluta despreocupación polo carácter de ensinanza superior na que o Goberno do Partido Popular ten as ensinanzas superiores de música.

Lémbrolles ás súas señorías que, dentro desta mesma lexislatura, o grupo maioritario impediu a aprobación dunha proposición non de lei que presentou o Grupo Parlamentario Socialista, na que se pedía que se constituíse unha mesa de traballo coas tres universidades galegas e cos representantes dos centros de ensinanzas artísticas superiores para que se fíxese un proceso de adscrición destas ensinanzas que permitise a súa incorporación ao sistema universitario de Galicia. E isto é moi relevante; e é moi relevante para esas dúas persoas que están aí, é moi relevante para os miles de alumnos que ao longo dos anos pasan polos conservatorio superiores. Unha cousa é ter unha equivalencia no título e outra é cousa é ter o título. Evidentemente, son realidades distintas.

Por se todo isto fose pouco, cómpre ter —digamos— unha pequena referencia do que pode custar un equipamento musical estándar. Por exemplo, un piano de cola como os que hai nos conservatorios superiores custa a partir de dez mil euros. Iso, un de gama baixa, e un de gama alta pode chegar ata corenta mil euros, e todo o que pode haber no medio. Unha batería pode custar a partir de mil euros; un violoncello, a partir de seis mil; un bombardino, a partir de tres mil, e así sucesivamente. E ese material deteriórase como consecuencia das condicións de temperatura e humidade inadecuadas nos centros de ensinanza.

Sobre este asunto, vanme permitir que cite un Real decreto do ano 1997 que establece as condicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo. Diranme que un centro educativo non é un lugar de traballo; pois si, si que o é, evidentemente, e non só para os docentes, senón tamén para o alumnado.

E vén a conto porque, no caso da Comunidade Autónoma de Madrid, a inspección de traballo advertiu seriamente a consellería competente sobre as condicións de temperatura extremas que se acadaban nos centros de ensino en función da temperatura exterior —ou moita calor ou moito frío. E di este real decreto que a temperatura axeitada debe estar comprendida entre os 17 e os 27 graos centígrados. Evidentemente, creo que un alumno ou unha alumna non pon luvas nas mans cando está a 17 graos; se as pon é que está a bastantes menos e, polo tanto, si que resulta ser un ambiente incómodo.

A humidade relativa debe estar entre o 30 % e o 70 %. Creo que resulta bastante doado entender que cando está a chover no interior dun edificio a humidade aumenta dunha forma bastante considerable.

Polo tanto, o noso grupo parlamentario trae esta proposición non de lei. Unha parte dela xa está superada, posto que, evidentemente, a consellería tivo que actuar ante a evidencia de que chovía dentro dos edificios e, polo tanto, levaron a cabo algunhas actuacións urxentes. Pero o que necesita este edificio, o que necesita este Conservatorio Superior de Música de



Vigo, é que se leven a cabo actuacións de eficiencia enerxética para illalo termicamente e que sexa eficiente, e que estas actuacións, que son importantes e necesarias, se leven a cabo durante o período non lectivo do verán do ano 2020, do vindeiro ano. E que ademais, se dote este centro cos recursos didácticos que garantan a calidade da formación axeitada que reciben estas alumnas e estes alumnos. Sobre todo porque cartos hai.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Por parte do Grupo Mixto ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Quero dar a benvida tamén ás alumnas do Conservatorio de Vigo.

Nós, por suposto, imos apoiar esta proposición non de lei.

Dende que se creou este conservatorio, por iniciativa municipal, no ano 1956, acabou converténdose —como xa foi exposto— nunha referencia para o ensino superior da ensinanza musical no noso país. E a realidade é que as condicións deste centro son inasumibles, dada a categoría formativa e tamén —engadimos— a categoría cultural e a importancia que ten culturalmente na cidade. Os seus edificios, construídos en distintas épocas, teñen bastantes deficiencias que cómpre atender, e os orzamentos deste ano tampouco dan moita esperanza.

Dende 2003 impártese, por exemplo, de forma exclusiva, o grao superior de composición, musicoloxía, pedagogía da música, interpretación... Ofertan numerosas especialidades. Non as vou citar, pero hai que destacar o seu papel na docencia da gaita. Ademais —o que dicía da actividade cultural—, inaugúrase no 1995 o Auditorio Martín Códax e hai unhas sinerxías e unha colaboración, e ao final hai unha vida cultural dinámica na cidade e tráense actuacións de gran calidade grazas ao Conservatorio Superior de Música. Hai acordos bilaterais con conservatorios e facultades de música europeas; aquí, no conservatorio de Vigo, asiste alumnado de diversas nacionalidades.

Ao final, resulta que o noso país é unha potencia musical; só falta que o Goberno o comprenda. Ademais, incluso ten un papel sociocultural, con préstamos de instrumentos, cesión de instalacións ou material a persoas alleas á comunidade educativa. E finalmente, por suposto, cómpre reparar as lamentables deficiencias que impiden o normal desenvolvemento da actividade formativa.

¡É que é inadmisibile que o alumnado leve anos sufrindo humidade, frío, pingueiras...! ¡É que tocar con luvas é absolutamente inadmisibile! Non estás tocando de madrugada na procesión da Semana Santa de Zamora; estaste formando na túa carreira, que é unha carreira dura. Estaste formando e necesitas tocar en condicións axeitadas. E ademais, o frío afecta os instrumentos, que son caros, e afecta tamén as afinacións. Eu non quero pensar como é un ensaio de música de cámara con frío. É tremendo, posto que os instrumentos responden de forma diferente a esas condicións. Teñen que ter unhas condicións adecuadas e non as que teñen agora: o parqué levantado, proxectores de vidro inutilizado, radiadores estragados,



paredes agretadas... En fin... Son condicións inasumibles para a calidade que se imparte neste centro superior.

E o problema de fondo tamén o apunta o proponente: a non consideración das ensinanzas artísticas como un ensino universitario, e tampouco a homologación —ou, digamos, a adscrición— ao sistema universitario galego, que tamén debe ir acompañada dunha aceptación social de que son ensinanzas co mesmo rango. Se isto sucedese nun campus —que tamén suceden, certamente, este tipo de problemas— habería unha reacción máis inmediata.

Así pois, polo seu valor cultural, polo seu valor formativo e porque é un dereito ter ensinanzas artísticas nun entorno de calidade, imos apoiar esta iniciativa. O apoio institucional e económico da Xunta debe ir parello, pois o orzamento destinado a infraestruturas e equipamentos para centros de ensinanzas artísticas en 2020 apenas chega aos corenta millóns de euros —a ver se é suficiente para as necesidades—, e sobre todo falta esa execución que, como vimos, nos últimos anos non foi completa.

Todo o ánimo para o alumnado e moito éxito nesta iniciativa, a ver que sucede. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Verao.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e bo día tamén ás alumnas do Conservatorio Superior de Música.

Eu intentarei non repetirme moito con algunhas cuestións que xa se dixeron, que eu creo que están perfectamente explicadas tanto polo Grupo Socialista como polo Grupo Mixto: a singularidade, a potencialidade e a importancia que ten para o conxunto do país este centro superior. Entre outras cousas, non só por ser punteiro, senón tamén —como xa se falaba— pola proxección internacional que ten, pola relación que mantén con moitos países: 80 conservatorios ou facultades de música por toda Europa, máis de dezanove países con intercambios Erasmus para moito estudantado —non só galego que vai a outros lugares da Unión Europea e de Europa, senón tamén moito alumnado que vén ao noso país a aprender. E iso dá conta tamén da capacidade, da potencialidade e da calidade formativa que atopamos no conservatorio.

Faciase referencia tamén... Eu creo que é moi importante salientar que o Conservatorio Superior de Música de Vigo é o único que imparte este nivel de formación en música tradicional e popular, especialmente de gaita galega. Hai moitas persoas —ademais, moitas das que imos falar somos de Lugo—, moito alumnado de Lugo que vai cursar estes estudos superiores e profesionais de gaita a Vigo; é importante, neste sentido, que conten con todas as condicións e cos seus dereitos cubertos no que ten a ver especificamente —que é do que fala esta iniciativa— coas instalacións e coas infraestruturas.



Ademais, viamos publicamente, a través das redes sociais —porque o alumnado fixo públicas unhas imaxes—, cal é a situación que se padecía nas últimas semanas neste conservatorio. Non eran goteiras, como se dicía na iniciativa; eran regos de auga, literalmente, baixando polas escaleiras. E esta situación non era nova, pois xa se producira en anteriores ocasións; lembremos, por exemplo, que no ano 2014 caera parte do teito dun dos edificios —destes edificios, o novo ten corenta anos e o novo, máis de vinte.

Efectivamente, as cousas, co paso de tempo e sen mantemento, non poden estar nas condicións óptimas para a súa utilización: problemas de humidades, filtracións de auga, fiestras sen illar, goteiras —como falamos—, regos de auga que escorregan polas escaleiras abaixo...

Nós, desde o BNG, imos apoiar esta iniciativa. Como xa se sinalaba, dáse un desleixo absoluto, cando existen partidas orzamentarias que non se están executando, e que precisamente van destinadas —ou deberan ir destinadas— ao mantemento e a conservación destes espazos. E nós, pola nosa banda, simplemente queremos sinalar iso: o noso voto favorable dun espazo que lembremos é competencia da Xunta de Galiza desde hai 30 anos, especificamente desde o ano 1989. Que seta situación non dure máis tempo e que ninguén teña nin que tocar un instrumento con luvas nin ver regos de auga pola escaleiras abaixo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Rodil.

Por parte do Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Bo día a todas e a todos.

Grazas, señora presidenta.

Un saúdo especial para as alumnas da escola. Permítanme comezar cun pouquiño de ritmo, xa que da escola de música se trata. Os propios alumnos lanzaron en redes, por unha parte, un GIF —é dicir, un formato de intercambio gráficos rápido— no que se vían regatos escorregando polas escaleiras abaixo do conservatorio, e tamén algunha foto máis na que se ve mofo nos pianos en uso —xa non no piano que esnaquizaron para facer unha *performance* en homenaxe a Erik Satie—. Frío, moito frío, de novembro; frío de decembro, pingueiras e buratos no teito, arácnidos coma caranguexos nas paredes. E chove, chove, chove dentro e chove fóra; parqué levantado, humidade, calefacción insuficiente. Irracionalidade e incompetencia dos responsables da Administración do PP.

¿Novas imaxes? Non. ¿Palabras gastadas? Pode que si. Problema reiteradamente denunciado, vergoña e maltrato non só do alumnado e dos docentes das ensinanzas artísticas. Señorías do PP, asuman que o frío e a choiva non deberan entrar nin deberan callar nas aulas galegas. Non comencen; continúan as dúbidas. Escóiten, por favor, escóiten.

E falouse aquí do 2014: xa pasaron cinco anos —¡cinco anos!— dende que o alumnado e o profesorado advertiron da precaria situación na que se atopan. ¡Cinco anos! É ben acaída,



señor Álvarez, esta iniciativa. No 2014 o edificio tivo que ser pechado pola caída dunha parte do teito; así que pasaron cinco anos —¡cinco!—. Isto é grave, ¡moi grave! Non é un caso illado, acontece noutros centros. ¿É unha leria? Non, é un pesadelo.

O presidente da Mesa, o señor Santalices, dinos —e con bastante razón— que deamos exemplo, que nos vacinemos contra a gripe. A Consellería de Educación debería dar exemplo coitando a saúde e a educación dos nosos mozos e mozas e das nosas e dos nosos docentes. ¿Isto que nos leva a pensar? Que lles importa un pemento ou que lles importa moi pouco ou que son indiferentes. É unha acusación moi grave, si; pero coa súa política non o desmenten.

Desleixo, ouvidos xordos. E xa que non van dimitir, porque non o considerarán de ningunha relevancia, polo menos rectifiquen; non teñen outra. A señora Corina Porro hai cinco días dixo que ía reclamar da Xunta que se mellorase o orzamento para o 2020. ¡Pero se orzamento, habelo, haino! O que moi ben dixo o señor Luís Álvarez é que non se executa. ¿De que imos? Polo menos, a señora delegada en Vigo que se informe un pouquiño mellor, que é unha tomadura de pelo.

Estoupa o incómodo. Tomen en serio o mantemento das instalacións educativas, deixen de maltratar as artes e as ensinanzas artísticas, cumbran a lei —porque aquí falouse de lei, falouse dalgún artigo importante—. Por favor, revisen o Decreto 171/2016, do 24 de novembro. Aí establécese o plan de estudos, fálase da dirección, fálase da produción, fálase da xestión e fálase no anexo da ampliación da interpretación.

Aquí xa se relataron todos os estudos que hai, e hai que dar os parabéns e hai que dicir tamén que a nova fornada de gaiteros, posiblemente coa mellor formación de toda a nosa historia, vai saír e está saíndo de alí. ¡Pero cumbran a lei! ¿Que di a lei? Por favor, soamente vou citar un parágrafo; a lei obriga, a norma obriga a Administración a actuar en recursos humanos e materiais, atendendo ás directrices europeas das ensinanzas artísticas superiores no espazo europeo da educación superior: «A consellería competente en materia de educación procederá á ordenación dos recursos humanos e materiais de maneira que se garanta o mellor uso destes recursos con criterios de racionalidade e eficiencia». O que estamos vendo é moita irracionalidade e moi pouca eficiencia.

E nós traeremos aquí tamén unha iniciativa para que cumbran tamén a lei no que se refire ao suplemento europeo ao título, importantísimo para estes rapaces e rapazas.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

A señora CUÑA BÓVEDA: A competencia tena toda a nosa comunidade; non é estatal.

Traeremos aquí isto. E a pregunta bule con urxencia: ¿como son quen de maltratar desta maneira as ensinanzas artísticas neste país?

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Cuña.



Por parte do Grupo Popular de Galicia ten a palabra a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidenta.

Bos días.

Saúdo tamén as alumnas do Conservatorio.

Señor Álvarez, ¡vaia papelón lle tocou facer hoxe con esta proposición non de lei! Tan papelón, que vostede inicia a súa intervención xa xustificando que trae a este Pleno esta proposición non de lei: *excusatio non petita, accusatio manifesta*. E despois tivo que encher os dez minutos relatando ata o prezo dos instrumentos. ¡Claro! O chicle non dá para tanto, señor Álvarez.

Ninguén dubida da importancia de ter un conservatorio superior nunha cidade como Vigo, ¡ninguén!, debido ao que representa para a formación musical non só da cidade da súa bisbarra, senón de toda Galicia. Pero hoxe o señor Álvarez quixo facer aquí de oportunista político e mesmo de trileiro, tentando confundir cos créditos orzamentarios. A súa exposición de motivos, señor Álvarez, é un corta-pega doutra proposición non de lei que xa debatemos na Comisión 4ª. E xa explicamos que vostede parte dunha premisa falsa e, polo tanto, chega a conclusións erróneas. E o seguidismo dos grupos da oposición, que fan o mesmo que vostede.

Vostede sabe perfectamente —porque, ademais, é do ramo— que os créditos do Programa 422E son, nun 98 %, para persoal; é dicir, capítulo I. E sabe que o capítulo I di que, aínda que sobre, o 97 % non se pode mudar a outras aplicacións. ¡Vostede sábeo e vostede manipula as cifras e a xente! (*Aplausos.*) Ou tenta manipular. (*Aplausos.*) E ademais sabe que ese capítulo ten por riba dun 86 % todos os anos de referencia; un nivel de execución que para si quixeran outros departamentos e outras administracións públicas.

Pero vostede segue tentando facer oportunismo político e renuncia a esta mesma pregunta no Pleno pasado porque tiña medo de que a conselleira lle contase todo o que se está a facer xa no Conservatorio de Vigo, antes, en medio e despois. Porque antes do 2014 actuouse e despois tamén, como lles comentarei despois.

E terceiro, e o máis importante: vostede segue facendo de oportunista político, porque se esqueceron do Conservatorio de Vigo nas emendas, señor Álvarez. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede rexistra esta proposición non de lei o día 6 de novembro e o prazo das emendas remata o día 16; pero nas emendas, que son todas relativas á construción, esquecense do Conservatorio de Vigo. Non lles importará tanto, digo eu.

Ademais, segundo a súa propia manifestación na Comisión 4ª da semana pasada, vostede non cuestiona o Plan de infraestruturas da Xunta de Galicia, da Consellería. Entón, só nos queda pensar que recibiron un sinal luminoso para debater hoxe esta proposición non de lei. E vostede, como bo cabaleiro que é, exerce. E a Xunta tamén exerce, señor Álvarez, e seguirá exercendo as súas competencias para que o Conservatorio Superior de Vigo desenvolva as súas actividades nas mellores condicións.



A Consellería coñece o que pasa no Conservatorio de Vigo, e leva actuando e buscando as posibles solucións ás deficiencias detectadas. Pero temos que lembrar, como dicía a señora Rodil, que é un edificio de máis de cincuenta anos de antigüidade, que, por certo, mercou un ex-compañeiro seu de filas, o señor Manuel Soto. Mercouno a unha familia; era unha vivenda unifamiliar que tivo que ser adaptada e tivo que sufrir sucesivas reformas para poder ser acomodada aos servizos docentes. Esas sucesivas reformas fixéronse no ano 1992 e 1993, no 2003, no 2008, no 2009, no 2010, no 2014... Pero no 2015, no 2016, no 2017 e no 2018 fíxose tal aberración que se tiveron que facer obras no 2015 na biblioteca, que era a antiga piscina da casa.

Polo tanto, non intenten manipular con algo tan importante como é a formación musical da cidade, en Vigo e en Galicia. Non intenten manipular a xente.

A complexa configuración arquitectónica do edificio —como dicía—... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): ¡Silencio!

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: ...e as sucesivas reformas —empezando pola adaptación da vivenda para o novo uso docente, como explicaba antes— dificultan identificar de xeito sinxelo e rápido a orixe dos problemas e das humidades.

Nestes intres, a unidade técnica da Consellería está realizando un estudo pormenorizado das entradas de augas no edificio, do mesmo xeito que xa se realizaron, durante o 2019, tres visitas técnicas. ¿Para que? Para proceder a realizar, primeiro, o deseño do proxecto que haxa que facer e, despois, realizar as obras.

Señor Álvarez, eu entendo que vostede teña hoxe que traer aquí esta proposición non de lei, pero está claro que o compromiso da Xunta de Galicia é evidente. É un compromiso que coñece o equipo directivo, que coñece o profesorado e que coñece o alumnado. Polo tanto, non imos aceptar a súa proposición non de lei.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Antón.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señora presidenta.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio a esta iniciativa dos grupos da oposición, á señora Vázquez Verao, á señora Rodil e á señora Acuña, que puxeron de manifesto algunhas singularidades deste centro para as que eu, evidentemente, non tiven tempo porque o chicle non me daba para tanto. (*Risos.*) Debía ser un chicle barato e pequeno, do mesmo nivel ao que vostedes reduciron a importancia das ensinanzas artísticas —en concreto, as superiores— na comunidade autónoma: pequeniñas.

Señora Antón, papelón fíxoo vostede. En primeiro lugar, con esa dinámica de cualificar de trilería política calquera iniciativa da oposición para facer política no Parlamento de Galicia. ¿Para que estamos aquí? ¡Para facer política, evidentemente! Somos o Parlamento de Galicia e, polo tanto, as iniciativas que vimos traer aquí son todas de índole política.



E vostede fáleme dunha premisa falsa na distribución dos orzamentos. Señora Antón, cando se consignan unhas determinadas cantidades nos orzamentos dentro deste programa e ao final non se gastan, ¿cal é o problema? ¿Que estaban mal consignados? ¿Que os conservatorios teñen profesorado suficiente e que, polo tanto, non necesitan máis? Porque se vostede me di que o 98 % é para persoal... Parece estar sobredotado; sobredotado porque ao final sóbrannos, en tres anos, quince millóns de euros. E quince millóns de euros son bastantes profesores e profesoras. ¡Son bastantes! E vostede sábeo.

Dime vostede que falei do prezo dos instrumentos. ¿Como non falar, cando fixo referencia a señora Cuña a que nos pianos hai mofo? ¿Sabe vostede que o mofo é unha especie vexetal que se caracteriza non precisamente por proliferar en ambientes secos? Polo tanto, algún problema de humidade haberá no conservatorio. ¡Digo eu! ¡Non o sei! Ao mellor é unha variedade autóctona de Vigo (*Risos.*) que resulta que se reproduce nunhas condicións de seca extrema. ¡Ao mellor é iso! (*Murmurios.*)

E mire —xa llo dixen moitas veces na Comisión 4ª e creo que falo por todos os grupos da oposición tamén—, ninguén cuestionou nunca o Plan de infraestruturas educativas. A vostedes encantaríalles que cuestionásemos ese plan, pero non o fixemos nunca; e por moito que vostede repita cunha contumacia e unha perseveranza digna de todo encomio que si o facemos, a realidade é que non. Non o facemos porque o que queremos é incluír outros centros, e vostedes néganse sistematicamente a que se inclúan.

E dígolle unha cousa:...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...se, despois de tanta reforma —anos 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019—, o Conservatorio segue nesas condicións, ao mellor tiñan que empezar a pensar en cambiar de albanel.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Álvarez Martínez.

Continuamos coa orde do día.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que se deben levar a cabo en relación co drama da emigración

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Común da Esquerda e do Grupo dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da deputada Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 58855 (10/PNP-004375).



Emenda de adición

Débense engadir os seguintes puntos:

-Presentar, antes de que remate o primeiro trimestre do 2020, un informe sobre os resultados da Estratexia retorna 2020 que inclúa, cando menos, número de solicitantes por ano, concesións e causas da denegación, contías das axudas concedidas.

-Publicar, de xeito inmediato, o Plan Retorna 2020 contando cunha memoria económica desglosada.)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-004375, doc. núm. 58855)

Emenda de modificación

Débese modificar no primeiro apartado do terceiro parágrafo o seguinte contido:

Onde di: "...dunha economía autocentrada, que...", debe dicir: "...dunha economía potente, que..."

Emenda de adición

Débese engadir no terceiro parágrafo un novo apartado que quedará redactado co seguinte contido:

"-Facilitar o retorno de emigrantes, actuando tanto nos países de orixe como en Galicia e potenciando os dispositivos de acollida das persoas e familias de emigrantes retornados."

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Quero saudar as persoas, os representantes de Vía Galega que nos acompañan desde a tribuna.

Esta proposición non de lei que hoxe traemos aquí foinos trasladada por elas, por Vía Galega, que é unha plataforma social en defensa dos dereitos nacionais de Galiza, formada por arredor de sesenta entidades de diferentes tipos e eidos —do sindical, do cultural, do ambientalista, do educativo, dos centros sociais, do campo estudantil e da música popular, da memoria histórica...—; é dicir, un amplo abano do tecido asociativo e organizativo do noso país.

E os representantes e as representantes desta plataforma presentaron no Rexistro deste Parlamento esta iniciativa que agora traemos a debate e demandáronos aos grupos parlamentarios que a trouxésemos aquí.

É unha iniciativa que tamén foi trasladada aos concellos e deputacións de Galiza e que está sendo debatida tamén nos mesmos; unha iniciativa que pretende poñer o foco sobre o drama



da emigración, que quere sensibilizar, visibilizar e denunciar o drama da emigración e instar a tomar medidas.

É unha evidencia que a emigración leva décadas sendo un drama para Galiza. E esta iniciativa que nos traslada Vía Galega empeza cun poema de Rosalía de Castro, o poema *¡Pra a Habana!*: «*Éste vaise i aquél vaise/ e todos, todos se van./ Galicia, sin homes quedas/ que te poidan traballar*». Porque a aquela altura de mediados do século XIX a emigración xa era un drama, e xa Rosalía de Castro a denunciaba neste poema incluído en *Cantares Gallegos*.

Nesa altura, a mediados do século XIX, a poboación de Galiza representaba o 11,5 % da poboación do Estado, cunha densidade de poboación do dobre que a media do Estado; era, polo tanto, un país cunha poboación importante. A principios do século XX a porcentaxe descendera xa case un punto, descendera xa ao 10,64 %. E cincuenta anos despois, no 1950, representaba o 9,26 %. E chegamos á actualidade, chegamos ao ano 2018, é dicir, ao cómputo do ano 2018, no que xa só representamos o 5,74 %, e por primeira vez a densidade media está por debaixo da media do Estado; polo tanto, creo que falar de drama ilustra perfectamente isto do que estamos a falar.

E o problema demográfico que padece con toda intensidade Galiza non se pode resumir cun problema de natalidade. A natalidade é só un síntoma da situación de deterioración económica, do desmantelamento da nosa base produtiva, de non facer unha aposta pola igualdade de xénero como columna vertebral da política económica e social, da ausencia de emprego, da ausencia de emprego digno, da perda de dereitos, da perda de calidade de vida, de expectativas de vida, da imposibilidade de emanciparse da xente nova. E por iso todas estas razóns o que fan é expulsar miles de galegos e galegas á emigración.

É un drama, o da emigración, que infelizmente non se conxuga en tempo pasado senón que se conxuga en tempo presente. E, se non lle poñemos remedio, tamén se vai conxugar en tempo futuro. E diso é do que se trata, de que teñamos que deixar de conxugar o drama da emigración.

Os datos son máis que elocuentes. Nos últimos dez anos emigraron de Galiza máis de 200.000 persoas con idades de entre 16 e 54 anos; polo tanto, en idade produtiva, en idade de producir para si propios pero tamén para o país. E desde o ano 2009 practicamente se produce unha cifra constante de arredor de 30.000 persoas ao ano. É dicir, que temos unha tendencia segundo a que todos os anos collen as maletas e marchan de Galiza o equivalente a concellos como Ames; e ao ano seguinte, a un concello como Arteixo; e ao ano seguinte a un concello coma o de Carballo; e ao seguinte coma Culleredo, ou Ribeira, ou Cangas, ou Marín ou Vilagarcía. Esa é a imaxe gráfica do que estamos a falar. Cada ano é coma se a totalidade das persoas de cada un destes concellos collera a maleta e marchara de Galiza. E ao cabo destes dez anos pois temos que practicamente é a poboación dun concello como Vigo ou como A Coruña —os concellos máis poboados do noso país—, que sería o total dese cómputo. É así de gráfico.

E no período 2001-2011, mentres a poboación galega aumentou un 2,86 % a española facíao nun 14,61 %. Mais nos seis anos despois, desde o 2011 ao 2017, a poboación galega tivo un



descenso, no conxunto, do 3,12 %, mentres a media española tivo un incremento do 1,31 %. Creo que os datos —sigo a dicir— son elocuentes.

E desas máis de 200.000 persoas, 80.000 son mozos e mozas de entre 16 e 29 anos que buscan fóra as oportunidades que non teñen no noso país; mozas e mozos en idade de traballar, de desenvolver os seus proxectos de vida e de ter fillos en Galiza, que, de non podelo facer en Galiza, o van facer fóra. Son mozos e mozas con coñecementos nos que investimos recursos, nos que investimos na súa formación. E iso non reverte en Galiza. Moi ao contrario, o centro do sistema absorbe todo ese capital humano, absorbe todo ese coñecemento, para o seu beneficio e non para o beneficio do país que os veu nacer, que os formou e no que non reverte todo ese potencial.

É unha emigración forzada, por necesidade, non por desexo de aventura ou de coñecer mundo. Porque estamos caendo ultimamente nesa tentación, e parece como que os nosos mozos e mozas marchan fóra como unha aventura, a coñecer mundo, a enriquecerse, quitándolle todo ese lastre tremendo que significa que teñan que marchar porque aquí non teñen as oportunidades que buscan, e forzados por unha situación laboral que mostra unha imaxe devastadora da situación laboral da mocidade en Galiza. Todo o emprego que se perdeu nos últimos dez anos foi entre os menores de 35 anos, onde tamén descendeu o salario medio anual. Se os ingresos baixaron en xeral para o conxunto da clase traballadora, os que máis descendieron foron os da mocidade. Reducíronse fortemente os traballadores e traballadoras de menos 18 anos —case o 50 %—, pero aínda se reduciron máis os seus ingresos, cunha caída do 69,1 % —1.347 euros menos ao ano nos últimos anos—. Insisto, un auténtico drama.

Entre os 18 e 35 anos descendeu o emprego asalariado nun 30 %, e no caso dos traballadores de entre 26 e 35 o descenso do salario medio foi do 7,3 %. A precariedade, a ausencia de expectativas, fai que a emigración continúe a ser a única alternativa que atopa a mocidade galega para non ter que acceder a empregos de días ou de semanas, con baixos salarios e con apenas dereitos, que non lles permiten sobrevivir nin moitísimo menos.

Os mozos e as mozas son o maior activo que ten un país, eu creo que niso non hai a máis mínima dúbida. Mais cando eses activos se van, non soamente está en xogo o futuro dese país senón que está en xogo o presente dese país. Porque o drama da emigración pon en risco o futuro mais tamén o presente. Estamos falando dun drama individual de cada unha das persoas que teñen que marchar, mais tamén dun drama colectivo para Galiza. E é evidente que a saída é complexa, que non hai receitas máxicas e que non hai unha única solución, mais o primeiro é asumir a gravidade da situación.

E iso é o que pretende esta iniciativa. Iso é o que pretende a campaña que está facendo Vía Galega: poñer no foco, poñer na axenda, a situación da emigración; que non se entenda e que non se siga a ver como algo que pasa, que está aí, que foi de sempre, coma quen ve chover, senón que hai que ser conscientes da gravidade da situación e levar a cabo políticas que incidan nas causas. Porque a emigración que padece Galiza non é froito dun designio divino, non é inevitable, non é unha tara xenética que teñamos os galegos e as galegas, que se nos ocorre, diante dos problemas, non loitar no país e marchar; senón que é consecuencia de



anos de políticas deseñadas e executadas desde claves alleas aos nosos intereses e para beneficio dos que representan eses intereses, de non termos unha economía autocentrada e de falta de poder político para facer fronte á nosa dependencia económica. E, dende logo, nós cremos que Galiza merece moito máis e que ten que mirar cara ao futuro.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

A señora PRADO CORES: Cremos firmemente que outra Galiza é posible se empezamos a crer nas nosas posibilidades, en todo o potencial e riqueza da nosa nación. Por iso é posible facelo e por iso fixemos nosa esta iniciativa que nos presentou Vía Galega, que o primeiro que demanda é que este Parlamento considere a emigración como un drama social e nacional, e concibir este problema como unha emerxencia nacional. E, logo, constituír no seo deste Parlamento no primeiro trimestre do ano 2020...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...unha comisión —remato, presidenta— de estudo sobre a emigración galega co obxecto de que no prazo máximo de cinco meses se estuden e se proponhan as medidas políticas necesarias; comisión á que veñan comparecer todas aquelas persoas que teñan algo que dicir, todas aquelas persoas que teñan analizado o que pasa e todas aquelas persoas que teñan propostas para poñer encima da mesa e solucionar este drama.

Agardando o voto favorable dos grupos aquí representados no Parlamento, de momento nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Prado.

Por parte do Grupo Común da Esquerda, ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidenta.

Vaia por diante que o Grupo Común da Esquerda vai apoiar esta proposición non de lei. E ímola apoiar —como xa no seu día manifestamos aos propoñentes de Vía Galega— xa que coincide coa preocupación, unha e outra vez reiterada por este grupo parlamentario, sobre a poboación que perdeu Galicia dende o inicio da crise económica. Hai que lembrar que non hai tanto tempo, antes do inicio da crise, Galicia era un destino interesante para as persoas que buscaban o seu futuro. Deixáramos atrás esa parte da historia negra de expulsar poboación para ser un territorio que netamente recibía poboación. Pero dende o 2008 a tendencia inverteuse. Soamente na última década saíron de Galicia 297.971 persoas, case 300.000 persoas que se viron obrigadas a marchar para buscar futuro noutros lugares. Delas, preocupan especialmente as 160.584 persoas que eran menores de 35 anos, un drama para unha sociedade. Falamos —xa o dicía antes— de case 300.000 historias de emigración, de separación de amizades, de familias distanciadas por miles de quilómetros, de apertas substituídas por chamadas por Skype; saídas migratorias que agravan a situación demográfica deste país en perda continuada nos últimos anos. E si —escoiten ben—, falamos de saídas migratorias, de datos do Instituto Galego de Estatística que non



se poden discutir, como normalmente se fai nesta Cámara. ¿Galicia seguiu recibindo xente nestes anos? Si, pero non se pode negar que saíron case 300.000 persoas deste país, case 300.000 persoas, e, de non tomar medidas, a caída poboacional non vai facer máis que agravarse, acelerarse, deixando detrás de si un país cada día máis avellentado e máis pequeno, o que urxe remediar.

Por suposto, estas cifras non poden entenderse de forma illada da situación socioeconómica na que se produciron. As taxas de paro xeral —e especialmente as de paro xuvenil— acadaron cifras históricas, e situáronnos á cabeza de Europa neste eido, ao tempo que se estendía como norma a precariedade como única alternativa á falta de emprego grazas ás reformas laborais. Foi esta a realidade que fixo que milleiros de mozas e mozos colleran as maletas para buscar traballo fóra. E así volvemos, efectivamente, aos tempos de Rosalía, a recuperar eses camiños de ida que hoxe se fan en avión *low cost*.

E é que a realidade que vive a mocidade en Galicia está moi lonxe do discurso triunfalista do Partido Popular, ese da recuperación. Hoxe seguimos tendo unha taxa de paro de máis do 20 % na mocidade, que non chega ao 41 % da taxa de ocupación. O futuro para as mozas e mozos deste país segue sendo preocupante e incerto, máxime cando no horizonte xa se debullan de novo os nubarróns dunha próxima recesión.

Fíxense que estamos moi preto do Nadal e —téño dito noutras ocasións nesta Cámara— é o momento preciso para achegarse a un aeroporto e ver cales son as caras deste problema do que estamos falando; para poñer cara a eses miles de mozas e mozos que marcharon para poder traballar e que, aforrando o pouco que poden nos seus traballos no estranxeiro, veñen de volta a Galicia nestas datas. Marcharon para poder traballar e non atoparon grandes solucións fóra. A precariedade lamentablemente tamén estaba alí. «Non imos, bótannos» —repeten, lévano repetindo moitos anos dende que marcharon—. Xa o escribira Rosalía, a decisión de marchar non é doada, non ten nada que ver con ese discurso insultante que escoitamos aquí algunhas veces, que pasou do negacionismo habitual nunha primeira parte —o de dicir que non era verdade, que a xente non marchaba— a despois dicir que, bueno, que é o espírito aventureiro e que son decisións individuais. Despois votaron en contra, o Partido Popular votou en contra, cada unha das veces que este grupo trouxo iniciativas nesta materia a esta Cámara. E despois, casualmente, un día espertamos co anuncio fantástico do Plan retorna 2020. De non existir o problema, de ser unha decisión individual, de ser o espírito aventureiro, de votar en contra das nosas propostas, o Goberno galego di: Bueno, si, algo pasa, imos facer un plan retorno e investir aquí uns millóns de euros para traer de volta a xente que tivo que marchar.

Ben, pois hai un Plan retorna 2020 do que hoxe aínda coñecemos unicamente o resumo executivo, estas novas de prensa coas que normalmente nos distraen, como a de onte mesmo, na que se falaba deste tema e a prensa recollía este asunto. Por iso pedimos un punto de engádegas á proposición non de lei no que solicitamos a publicación de xeito inmediato do Plan retorna 2020 contando cunha memoria económica desglosada. É que non é serio que se presentara soamente un documento, un resumo executivo, que aparece así, tal cal listado, na páxina *web* da Secretaría Xeral de Emigración.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.



A señora CHAO PÉREZ: E, en segundo lugar, pedimos a inclusión dunha avaliación básica, a presentación, antes de que remate o primeiro trimestre do 2020, dun informe sobre os resultados da Estratexia retorna 2020, que inclúa, cando menos, o número de solicitantes por ano, concesións e causas de denegacións, contías das axudas concedidas e o tipo delas; unha fotografía básica que nos permita ver se estamos atinando ou non nas medidas que se propoñen.

Pola nosa banda, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Chao.

Por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Un saúdo, de parte do Grupo Socialista, para os representantes de Vía Galega.

Ben, sinala o CES que o descenso continuado da poboación en Galicia nos últimos anos provocou que, dende o ano 2008, Galicia perdese nada máis e nada menos que 85.294 persoas, fronte ao incremento do 1,8 % no resto do Estado español. Con base nos datos do propio padrón municipal de habitantes, nos últimos vinte anos o pico máximo de poboación en Galicia rexistrouse no ano 2010. Eramos 2.797.653 persoas, homes e mulleres. A partir do 2010 comeza unha perda continuada de poboación ata acadar, no ano 2018, os 2.701.743 habitantes; é dicir, perdemos, entre o ano 2010 e o ano 2018, 95.000 habitantes na nosa terra.

En referencia, concretamente, á poboación xuvenil, no terceiro trimestre do ano 2019, dos 317.600 mozos e mozas que temos en Galicia entre os 16 e os 29 anos, as cifras son claras: ocupados o 40,60 %, parados o 10,30 % e inactivos o 40,10 %. Son cifras alarmantes. A taxa de paro xuvenil sitúase no 20,3 % neste trimestre, e aumenta o 0,7 % respecto do trimestre anterior. E destes ocupados volvemos insistir, desde o Grupo Socialista, que o 25,9 % traballa en xornada parcial, en xornadas non desexadas.

Ben, isto todo vai unido á grave crise migratoria que sufriu Galicia entre o ano 2009 e a actualidade, froito das políticas de austeridade do Partido Popular e do presidente, o señor Feijóo. En concreto, emigraron de Galicia máis de 200.000 persoas con idades entre os 17 e os 50 anos. Segundo os datos do INE, entre o 1 de xaneiro do 2008 e o primeiro día do ano 2018 o número de mozos de entre 20 e 39 anos que emigraron desde algún dos 313 municipios que temos na nosa comunidade alcanza nada máis e nada menos que 50.000 —mozos e mozas, dicía, de entre 19 e 39 anos—.

Estamos vivindo en Galicia un drama migratorio de xente nova e vostedes, o Goberno da Xunta de Galicia, non fan nada para evitalo, non lle dan resposta. E é coñecido que estes mozos que marcharon nos últimos dez anos non teñen perspectivas de volver a curto prazo, porque moitos deles —como mostra unha enquisa que fixo *La Voz de Galicia* a cincocentos mozos que saíron de Galicia— non teñen perspectivas de volver, e non porque non queiran, senón porque as perspectivas laborais en Galicia son de inestabilidade e de salarios moito máis baixos que na Unión Europea. E, dende logo, non se adoptan en Galicia



—e este grupo teno reiterado en moitísimas intervencións neste Parlamento— as medidas necesarias de conciliación familiar e laboral. Todo isto xera un panorama para enxeñeiros, arquitectos, etc., polo que, aínda que queiran volver a este país, non poden volver por estas circunstancias.

Tamén hai que pensar en todo o talento que estamos a perder, en todos os gastos en educación e no que se está a investir neste país —e nós apoiamos esa ensinanza pública—. E despois chega un momento no que deixamos marchar esas persoas novas formadas aquí en Galicia. Eu creo que nos tería que caer a cara de vergonza. *(Aplausos.)*

Ben, por todo iso, claro que é imprescindible establecer un plan de retorno. Como dicía a miña compañeira que interveu anteriormente, non sabemos o que están a facer. Nós cremos que deberían crear, dinamizar, unha comunidade de emigrantes que queiran volver, centrándose naquelas mulleres e homes novos excelentemente formados que tiveron que facer as maletas, esas que lles deu o Partido Popular ante a crise, co obxecto de poder recuperar o seu talento en Galicia.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: E, por suposto, exige Montse, a propoñente da moción, ese estudo que está a pedir este colectivo ao que admiramos.

Ben, neste senso presentamos unha emenda, tanto de adición como de modificación, que esperamos que sexa aceptada. Se non, pediremos a votación do apartado primeiro do terceiro parágrafo.

Moitas grazas, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Por parte do Grupo Mixto ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señorías.

Tamén dende En Marea queremos comezar por saudar as persoas propoñentes que hoxe nos acompañan aquí. En Marea comprometeuse con elas —na xuntanza que mantivemos aquí no Parlamento— a varias cousas. En primeiro lugar, a apoiar a proposta, que nos parecía interesante e, ademais de interesante, necesaria completamente. Comprometémonos, ademais, a un rexistro conxunto e ao impulso dunha comisión de estudo en conxunto segundo o artigo 51 do Regulamento, un pouco na confianza de que ese era o espírito, o de facer un rexistro conxunto e un tratamento conxunto por parte dos diversos grupos parlamentarios. Vemos que ao final houbo un grupo que fai a proposta e nós respectamos isto. Apoiámolo, aínda que pensamos que tería máis forza se os grupos no seu conxunto o presentásemos e debatésemos nesta Cámara. En canto ao fondo, xa dixemos no seu momento que nós compartimos plenamente os obxectivos da proposta na súa parte expositiva e tamén na exposición de motivos.



Creemos, ademais, que se foi perdendo, ao cabo destes trinta anos, por parte de quen ostenta neste momento e ostentou na maior parte da autonomía a maioría parlamentaria, un espírito que no momento constituínte da autonomía quedou reflectido no artigo 4 do Estatuto de autonomía. Como saben, o Estatuto de autonomía de Galicia é un estatuto que apenas contén ningún recoñecemento de dereitos para o conxunto da cidadanía diversos dos que se recoñecen na Constitución española, pero, sen embargo, fai unha salvidade no artigo 4 cando, no apartado terceiro, di que os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen como un dos principios reitores da súa política social e económica o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra. Para nós xa soamente a adición deste artigo lexitimaría e nos obrigaría moral e politicamente a actuar particularmente no apartado primeiro da parte expositiva. É dicir, unha orientación estratéxica e transversal de todas as políticas públicas para que rematásemos con esta situación vergoñenta á que, efectivamente, como vostedes relatan, xa se refería a ela Rosalía hai 167 anos —con algunhas particularidades ou diferenzas que agora comentarei—.

A exposición de motivos fai referencia de forma moi interesante, e xa foi recalcada aquí polo resto de intervinientes, en relación coas persoas e co perfil das persoas que se ven obrigadas a emigrar. Digo «obrigadas» porque tamén compartimos a idea, e vivímola ben de cerca algunhas e algúns, de que a xente moza non marcha porque quere, senón que é expulsada a nivel económico e a nivel social por falta de oportunidades de traballo na súa propia terra. E faise fincapé sobre cal é o perfil dos emigrantes e das emigrantes: xente nova, xente —e estamos falando tamén de economía, estamos falando de sociedade— en idade produtiva e en idade de reprodutiva. Marchan ante a imposibilidade que teñen de ter as mínimas certezas, a mínima seguridade de futuro na súa propia terra; algo que tamén é diferente respecto do que sucedía nos tempos de Rosalía e algo polo que se lle pode exixir e se lle debería de exixir a quen ten responsabilidades de goberno. Polo tanto, nesta Cámara é o momento idóneo para facelo.

Entronca isto, ademais, con outra idea. Habitualmente nesta Cámara o Partido Popular acaba facéndonos a cábala numérica de que hai unha especie de neutralidade no saldo migratorio: Marcharon pero viñeron e tal e tal... Non, está moi ben facer fincapé en que a xente que marcha é a xente nova, a xente que está en idade de traballar, a xente que está en idade de reproducirse. E, polo tanto, iso entronca con outra idea que sempre é abeirada polo Partido Popular e que despois formula como un problema completamente desconectado de todas as demais situacións, que é a cuestión demográfica. Din que hai un devalo demográfico, que hai un problema... Non, non é un problema, é un síntoma. O problema é diferente. Mentres non asumamos que o devalo demográfico, a implosión demográfica de país —como lle chamamos nós—, non é máis que un síntoma dunha doenza diferente, non avanzaremos nada.

Precisamente a descrición desta realidade como fai acertadamente esta iniciativa é a que nos revela unha anomalía na pirámide poboacional do noso país. En toda Europa neste momento a pirámide poboacional está máis feble na base que no cumio, como con forma de champiñón. Sen embargo, no caso galego ten forma máis ben de cogomelo, un talo moi fino e unha copa moi ancha. Isto revela, ademais, a implosión no sentido literal de incapacidade de cambio xeracional para poder soste-lo país como tal.

Tamén fala acertadamente a iniciativa da ausencia de políticas ambiciosas. Quero insistir nisto porque, diferentemente do que sucedía nos tempos de Rosalía, onde lle reprochaba a



España que se esquecese completamente de Galicia cando era, ¡ai!, tan fermosa, neste caso nós si que temos a quen pedir contas. Que hoxe, por exemplo, estea prohibido explicar as matemáticas en galego non é algo do que poidamos culpar a Madrid, igual que tampouco do peche do paridoiro do Hospital de Verín, senón que son decisións que se toman aquí porque neste momento ostentan unha maioría parlamentaria.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

O señor VILLARES NAVEIRA: Polo tanto, esta iniciativa é especialmente positiva porque non infantiliza o autogoberno, non exime de responsabilidade a quen ten responsabilidade, que están sentados nesta Cámara e que, polo tanto, son aos que debemos de exixir unha rectificación das súas políticas.

Pensamos que vivimos nunha tripla situación de emerxencia: de emerxencia feminista, de emerxencia social e de emerxencia tamén ambiental, e que iso ocasiona, como síntoma, a emerxencia demográfica. Polo tanto, debe ser combatida a nivel transversal. E, desde logo, por nós non vai quedar apoiar a iniciativa e tamén cantas iniciativas veñan dimanantes das propias emendas para revertir a situación da emigración que vive o noso país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Villares.

Por parte do Grupo Popular de Galicia ten a palabra a señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, bos días.

Antes de nada, quero saudar as persoas que nos acompañan na tribuna.

Miren, hai dúas coincidencias totais con vostedes: primeiro, que Galicia ten un reto demográfico que afrontar, igual que España, igual que a maioría de Europa; e, segundo, que os movementos migratorios xogan un papel fundamental para afrontalo. A partir de aí, miren, usar datos erróneos ou parciais para as súas argumentacións ao único ao que os leva é a conclusións equivocadas e, sobre todo, a perder toda a credibilidade. Porque usando a súa mesma fonte, o Instituto Galego de Estatística, e o mesmo período, 2007-2017, resulta que viñeron a Galicia 45.031 persoas máis das que se foron. E miren, usando os grupos de idade aos que vostedes facían referencia, de 16 a 54 anos viñeron 16.228 máis das que se foron, e de 16 a 34 viñeron 9.848 máis das que se foron. Pero é que, se nos fixamos unicamente no último ano do que hai datos, no ano 2018, viñeron a Galicia 13.000 persoas máis das que se foron. E se nos referimos aos retornados, a aqueles galegos que estaban fóra e que volveron, hai que dicir que nos últimos dez anos se incrementou o número de retornados nun 107 %, só no ano 2018 retornaron 7.000 galegos que estaban no exterior. E o número de retornados non deixou de medrar nos últimos cinco anos.



Miren, o século pasado foi o século da emigración. Pero queremos que este sexa o século do retorno, e imos traballar para que este sexa o século do retorno. Por iso na Lei de demografía, logo do traballo en ponencia —porque aí si que xa houbo unha ponencia na que estaban todos os grupos e tamén especialistas—, logo dese traballo en ponencia, incluíronse os retornados como grupo preferente á hora de levar a cabo políticas de formación, emprego, venda e tamén de conciliación, xunto cos mozos e coas familias.

Pero, ademais, o goberno de Feijóo, o Goberno da Xunta, ten en marcha a Estratexia retorna 2020. Alégrome de que a señora Chao recoñecese aquí, efectivamente, que existe esa estratexia. Porque dende o PSOE a señora Rodríguez parece que a obvia. Claro, ao mellor é que ela se refería ao Goberno do Estado. Porque, miren, para o retorno en Galicia hai 235 millóns de euros, máis de duascenas medidas transversais para atraer a 20.000 galegos con idades medias de 45 anos. No Estado, o goberno de Sánchez debuxou —só debuxou, porque non aplicou nada— 23 millóns de euros fronte aos 235 de Galicia; 235 con medidas que xa están en marcha e que xa dan froitos. Nos últimos tres anos regresaron 18.000 galegos a Galicia dos que estaban no exterior, 200 proxectos deses retornados foron financiados con axudas da Xunta e 800 galegos e galegas van poder facer estudos de mestrado, e tamén en FP, regresando do exterior a Galicia. Son estudos para que logo poidan quedar aquí e poidan levar aquí a súa vida. Claro que, unha vez máis, o Goberno do Estado lles pon atrancos. Aquí, no é competencia da Xunta. máis ou menos dous meses para as validacións; no Goberno do Estado, dous anos, ¡dous anos ou máis!, para convalidar.

Falan vostedes de conciliación, e ten graza, señora Rodríguez, que falen vostedes de conciliación. Un pouco roxa poderíase poñer, porque falar de conciliación na comunidade que é pioneira no Estado —recoñecido por todos— en canto a medidas de conciliación e en canto ás medidas de conciliación no rural se refire, ¡home!, é para poñerse un pouco colorados. Vostedes olvidan a aposta do bono concilia, do bono coidado, a gratuidade das escolas infantís para o segundo fillo. Estamos esperando o que di o Estado para todos os fillos. De momento, a única comunidade para o segundo fillo é Galicia. Hai escolas infantís en parques empresariais, escolas infantís en todos os concellos de Galicia —e no rural son gratis, ademais—. Hai o dobre de prazas en garderías das que tiñamos no ano 2009.

E respecto do emprego, direi simplemente que tres de cada catro contratos son indefinidos en Galicia, e nove de cada dez son a tempo completo.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: En fin, ten graza que veñan aquí falar de emprego aqueles que son os responsables de que 61.000 empregos industriais estean en perigo en Galicia e aqueles outros que sempre están en contra de todas as industrias e que ademais van apoiar, sen ningunha dúbida, a quen está facendo que Galicia perda 60.000 empregos industriais, *y la suma sigue*.

En fin, señora presidenta, creo que necesitaría dez minutos máis, pero xa entendo que non mos vai dar...

A señora PRESIDENTA(Solla Fernández): Vai ser que non.



A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ... para explicar as medidas que aquí se piden e que xa está facendo Galicia. Pero o que si lles vou dicir é unha cousa. Nós non imos caer nun discurso veltusto, non. As fronteiras e os muros caeron e estamos nun mundo globalizado.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Mantemos iso, pero tamén mantemos que seguiremos loitando. Poñeremos todo o noso empeño para seguir coas medidas que xa están dando froitos e para que todo aquel galego ou galega que queira vivir en Galicia o poida facer, e ademais cunha boa calidade de vida.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Arias.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei e para pronunciarse sobre as emendas, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: En primeiro lugar, quero agradecer, en nome de Vía Galega —que á fin e ao cabo son os donos da proposta—, o apoio manifestado polos grupos da oposición. E aceptamos as emendas, agás a primeira do Partido Socialista, polo que permitiremos a súa votación por puntos.

Fala o deputado do Partido Popular de que este sexa o século do retorno. Tamén queren, din no seu discurso oficial, que este sexa o mellor sitio para nacer, pero pechan o paridoiro de Verín. (*Aplausos.*) E pola bancada de aquí, da esquerda, quedaron tan conmocionados co que estaban escoitando que o que me din é que a este ritmo van ter que volver abrir o paridoiro porque van nacer nenos a destajo. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Claro, é o mellor sitio para nacer, mais pechan paridoiros; o mellor sitio para ser neno, pero con recursos de conciliación máis ben escasos; o mellor sitio para ser maior, mais non hai residencias e temos as segundas pensións máis baixas do Estado, só por detrás de Estremadura.

Mais, claro, teñen moitos proxectos en marcha. Eu o que lles pido é que, por favor, se os resultados dos seus proxectos son estes, non poñan ningún máis en marcha, abstéñanse de seguir poñendo proxectos en marcha, porque o resultado é o que estamos a ver.

E, miren, teñen moitas propostas, pero as propostas do Partido Popular son coma o monstro do lago Ness, todo o mundo oíu falar delas pero ninguén as viu. O monstro do lago Ness todo o mundo oíu falar del pero ninguén o viu, absolutamente ninguén o viu.

E, de novo, o Partido Popular xoga ás manobras de distracción. Esta iniciativa está sendo debatida en concellos de todo o país, e o Partido Popular votou a favor en Coirós, na Guarda, en Cee, en Catoira, en Moaña, ou abstívose aquí en Santiago, en Teo, en Corcubión ou e Rianxo. Igual que está facendo co tema do paridoiro de Verín, que por un lado parece que hai unha parte do PP achegada ao territorio que quere quedar ben e outra, que é a que toma as decisións, que evidentemente está de costas totalmente viradas á situación do país.



Mire, cando o sabio sinala a lúa, o necio mira para o dedo. E iso é o que está facendo o Partido Popular. Diante dun problema dunha magnitude que requiriría tomar medidas acordes con esa magnitude, o que se pide é precisamente crear unha comisión de estudo na que poñamos no centro do debate esta situación. Porque, miren, o Instituto Galego de Cualificacións, dependente da Consellería de Traballo, no último informe sobre contratacións di que por cada persoa universitaria menor de 30 anos que chegou a Galiza atraída por algún contrato de traballo, outras dúas marcharon, outras dúas marcharon. E, por outra banda, se chegaron a traballar a Galiza 7.585 persoas licenciadas entre o ano 2008 e 2016, marcharon 15.026; é dicir, que marchan o dobre de persoas preparadas das que chegan. Este é o auténtico drama.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

A señora PRADO CORES: Igual que, nese saldo migratorio que din que é favorable, vostedes saben perfectamente que son persoas que están volvendo, retornando a Galiza, por condicións de inestabilidade nos seus países de orixe, non atraídos por unha situación económica favorable en Galicia que faga que estean chegando aquí persoas para traballar e levantar o país. Saben que esa non é a situación. E saben que unha parte moi importante dos que veñen teñen que ver con iso.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: E, dende logo, unha parte preocupante —e remato, presidenta— é que, se a emigración do pasado, tanto os que emigraban coma os seus entornos e familias, tiñan no seu ideario o tema do retorno, sempre o retorno, hoxe en día non está pasando iso. Hoxe en día, moitas das persoas mozas que marchan desenvolven o seu proxecto de vida alí con idea de non volver.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Ten que rematar.

A señora PRADO CORES: Porque, miren, dos datos da emigración, o drama é que, por exemplo, en 2016 7.000 fixérono por primeira vez, pero 21.000 son persoas que emigraron, volveron a Galiza pensando en se agora tiñan oportunidades e, ao non telas, volveron marchar; co cal o seu retorno vai ser moito máis complicado.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora prado.

A señora PRADO CORES: E o mesmo pasou no ano 2017, cando 22.700 foron segundas emigracións.

Polo tanto, eu, dende logo, lamento profundamente que o Partido Popular faga o que mellor sabe facer, que é levar Galiza a (...) (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*)

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Prado.



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria de novas poxas de enerxías renovables para o aumento da potencia eólica instalada en Galicia, así como da produción deste tipo de enerxías

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Mixto e do Grupo dos Socialistas de Galicia.

(O G. P do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 58957. (10/PNP-004382).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1) Elaborar un novo plan sectorial eólico de Galiza baixo as seguintes premisas:

a. Abrirase un procedemento de participación social para a elaboración do plan. Durante un período non inferior a seis meses, a Xunta de Galiza establecerá formas de consulta aberta con asociacións e colectivos ecoloxistas, culturais, sociais, propietarios de montes concellos, etc., para obter propostas conducentes á elaboración dun borrador de plan.

b. Unha vez elaborado o dito borrador, abrirase un novo prazo ,non inferior a seis meses, para que todo os colectivos consultados e a cidadanía en xeral poida presentar alegacións.

O plan sectorial eólico de Galiza elaborárase con base nos seguintes principios:

i. Conseguir un modelo respectuoso coa conservación dos valores ambientais paisaxísticos e patrimoniais e que procure o máximo retorno social da explotación dos recursos, dando prioridade a proxectos de explotación públicos e cooperativas.

ii. Fomentar a xeración distribuída e o autoconsumo evitando os grandes parques en lugares que supoñen graves impactos ambientais e paisaxísticos. Apoiar, con financiamento e asesoramento públicos, que as iniciativas cooperativas de produción da poboación local, comunidades de montes e outras fórmulas comunitarias, sexan as protagonistas.

iii. Nos novos proxectos de iniciativa privada e non dedicados ao autoconsumo, dar prioridade a aqueles que contemplan e faciliten a participación pública do Inega no capital dos novos parques.

iv. Establecer novas medidas fiscais e extrafiscais que faciliten o retorno social de parte dos beneficios producidos pola actividade modificando o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.



v. Ampliación da superficie declarada actualmente como Rede Natura.

vi. Zonas de exclusión paisaxística determinadas nas directrices da paisaxe e os catálogos da paisaxe

2) Mentres non se aprobe o plan sectorial eólico de Galiza estableceranse nun prazo de dous meses:

a) Zonas de exclusión ambiental naqueles lugares con probabilidade de formar parte da proposta de ampliación da Rede Natura necesaria para achegar a porcentaxe de superficie con esta cualificación ás medias europeas.

A responsable da proposta desta zonas de exclusión de parques eólicos será a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, e será aprobada no Parlamento de Galiza.

b) Zonas de exclusión paisaxística. En previsión da aprobación das Directrices da paisaxe, o Instituto de Estudos do Territorio fará unha proposta de zonas de exclusión por motivos paisaxísticos nun prazo de dous meses, que deberá de ser aprobada no Parlamento de Galiza.

c) Que, en tanto non se modifique o Plan sectorial eólico de Galiza, se consideren áreas de desenvolvemento as actuais, agás as áreas de exclusión propostas no punto 2).

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm.58957 [10/PNP-004382].

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que asuma o seu fracaso respecto da enerxía eólica e que impulse un novo consenso para substituír a vixente Lei de aproveitamento eólico e planificar o desenvolvemento da enerxía eólica da próxima década harmonizando os obxectivos e intereses económicos, enerxéticos, sociais e medioambientais a partir das seguintes cuestións:

1) Desenvolver e aprobar un novo plan sectorial eólico para Galiza que conte cunha ampla participación dos axentes implicados política, sectorial e socialmente (asociacións veciñais, ecoloxistas, sindicais, comunidades de montes, etc.) e que preceptivamente inclúa un informe do Consello Económico e Social e un amplo proceso de exposición pública de cara a reunir o meirande consenso posíbel.

2) Reforzar o persoal da Administración galega, nomeadamente ao abeiro do Inega, de cara a promover o asesoramento técnico e administrativo necesario e tanto a tramitación como as demandas de información pública que puideren existir.

3) Vincular a estratexia eólica ao desenvolvemento económico de Galiza impulsando a participación pública da Xunta de Galiza e dos concellos galegos dos beneficios do sector de forma que se garanta



un meirande control e ao tempo unha fórmula de financiamento para as necesidades de compensación que poña fin aos problemas xerados polo canon eólico e a lesiva política impositiva vixente, que deberá ser substituída. De forma particular, impulsaranse plans de desenvolvemento industrial e restauración ambiental nas comarcas onde se localicen.

4) Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais, establecer un fondo de continxencia para a restauración dos posibles danos e deseñar unha estratexia de repotenciación e substitucións programadas que progresivamente salvagarde a totalidade do territorio Rede Natura, incluíndo a prohibición de instalacións nas zonas de expansión desta.

5) Demandar do Goberno central a convocatoria de novas poxas de enerxías renovables para permitir aumentar a potencia eólica instalada en Galiza con base nas necesidades que xurdiren dos puntos anteriores e, en consecuencia, avanzar na produción enerxética renovable na nosa comunidade.”)

(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei

Emenda núm.1 de adición.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

“2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de Estado unha modificación profunda das convocatorias de poxas de enerxías renovables para evitar os resultados megaspeculativos das anteriores de 2016 e 2017.”

Emenda núm. 2 de adición.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

“3. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a modificar o Plan sectorial eólico de Galicia, dado que a maioría de parques froito da poxa estatal se desenvolven por debaixo dos 50mw para eludir o control do Estado, para garantir:

-A protección medioambiental e paisaxística.

-A remuneración xusta aos propietarios dos terreos.

-Os retornos socioeconómicos para as comarcas afectadas polos parques. Tanto a nivel de emprego como de condicións vantaxosas de acceso a enerxía eléctrica para os fogares, explotacións agrogandeiras e resto de empresas.

-A participación dos axentes locais, administracións locais, cooperativas e pemes na propiedade e explotación dos parques.”



Emenda núm.3 de adición.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto: “4. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver un novo canon eólico adecuado á realidade das novas instalacións, en función da potencia e a produción anual dos aeroxeradores e parques eólicos.”)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz adxunto, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa esta emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 58957).

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Impulsar, conxuntamente co Goberno central, un novo contrato social (un green new deal) que nos permita facer fronte á necesaria transición ecolóxica mediante o fomento da máxima eficiencia no uso dos recursos naturais, as tecnoloxías menos contaminantes, e de menor impacto sobre a biodiversidade, en particular as enerxías renovables e a creación de emprego “verde” en todos os sectores.

2º) Elaborar un novo plan sectorial eólico de Galicia que conte coa participación de todos os actores implicados e que teña en conta o disposto no Anteproxecto de lei de cambio climático e transición enerxética, elaborado polo Goberno de España.)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora NÓVOA IGLESIAS.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Hoxe o Grupo Popular trae unha iniciativa importante e de máxima actualidade, pois nestes días estase a celebrar en Madrid o Cumio Mundial do Clima. Como saberán vostedes, o sector enerxético é un dos principais responsables das emisións de gases de efecto invernadoiro e que, ademais, se verá fortemente afectado polo cambio climático en toda a súa cadea de valor, dende a xeración e transporte ou distribución de enerxía ata a súa propia demanda.

Señorías, segundo o informe sobre o sistema eléctrico español de 2018 publicado por Rede Eléctrica, Galicia é a segunda comunidade con máis potencia e produción eléctrica procedente de fontes renovables, 14,9 % da potencia e 17,5 % da produción eléctrica do total de España, só por detrás de Castela-León. De feito, o 66 % da potencia eléctrica instalada en Galicia é xa renovable, moi por enriba da media de España, que rolda un 38,4 %.

E, señorías, vouldes dar uns datos sobre potencia renovable noutros países europeos, dos que vostedes acostuman a falar normalmente neste Parlamento. Galicia está moi por enriba



de potencia renovable de Estados como Francia, que conta cun 19,8 %; Alemaña, cun 35,6 %; Italia, cun 39,3 %; ou Portugal, cun 51 %. De feito, na Unión Europea os únicos que nos superan son Dinamarca, cun 68,4 %, e Croacia, cun 73,6 %. Así pois, a produción renovable en 2018 equivale ao 86 % do consumo eléctrico en Galicia, catro veces máis que Cataluña, que conta cun 19 %, ou o dobre que Asturias, que é dun 44 %. Pero o máis importante é que Galicia xa cumpre o obxectivo de consumo de renovables sobre o total de enerxía fixado pola Unión Europea para 2030, que é dun 35 %. En Galicia é dun 86 %.

Neste momento, señorías, estanse a construír unha vintena de parques eólicos na comunidade, cun investimento de preto de 570 megavatios e cunha potencia programada de 480, que permitirá a Galicia acadar os 4.000 megavatios de enerxía eólica instalados ao final deste ano. E Greenalia acaba de terminar a construción da súa planta de biomasa en Curtis, a segunda maior de España con 50 megavatios. Está na fase de probas, co obxectivo de poñerse en marcha en 2020. Con isto, señorías, demóstrase que o Goberno da Xunta fixo os seus deberes, mal que lles pese a todos vostedes.

Somos conscientes de que Galicia ten unha importante oportunidade na aposta polas enerxías renovables, e moi especialmente pola enerxía eólica, xa que está xogando un papel destacado na creación de riqueza e de emprego na nosa comunidade. Por iso se puxo en marcha hai dous anos a Lei de implantación empresarial, unha oportunidade para avanzar no desenvolvemento de proxectos vinculados coas enerxías renovables —e de xeito particular coa eólica—; unha lei que ofrece unha regulación máis áxil, con máis transparencia e seguridade, sen perder as máximas garantías urbanísticas, técnicas e ambientais, señorías; unha lei que non contou co apoio nin sequera do Grupo Socialista no Parlamento de Galicia, a pesar de que o Goberno socialista de Aragón adoptara tamén en 2017 un acordo similar para fixar os criterios dos investimentos de interese autonómico en materia de enerxías renovables, unha declaración coa que se reducen á metade os prazos dos trámites. Esa é a súa coherencia política, señores do Partido Socialista.

O que necesitamos e agardamos agora do Goberno de España, do señor Pedro Sánchez, é que asuma a súa responsabilidade e non se poña de perfil, pois cómpre lembrar que as competencias no sistema enerxético e nas renovables son estatais. E a mellor maneira de impulsar as enerxías renovables en Galicia e no conxunto de España é desenvolvendo novas poxas de enerxías renovables, tal e como lle ten solicitado a Xunta de Galicia e como lle está reclamando o propio sector.

Señorías, a semana pasada, na Deputación Permanente do Congreso aprobouse *in extremis* un enésimo real decreto lei, o 17/2019, para manter unhas retribucións ás enerxías renovables, e para poñer un parche absurdo e asumir definitivamente o peche das centrais térmicas. A señora Ribera aludía na súa intervención do Congreso, na motivación da urxencia deste real decreto, á necesaria resposta en canto á certeza, confianza dos investidores e estabilidade para a industria, todo o contrario do que as súas políticas extremistas de transición enerxética levan feito ata o de agora. É un real decreto necesario, pero non máis necesario nin máis importante que o estatuto da industria electrointensiva polo que levamos agardando máis dun ano. Mentres, os postos de traballo de máis de dous mil traballadores de Alcoa están en grave risco, e teñen unha motivación para a súa aprobación semellante á que a señora Ribera deu a semana pasada para sacar adiante este real decreto.



Señorías, o modelo enerxético do Partido Popular pasa por potenciar unha enerxía eficiente, eficiente economicamente, que non prexudique o bolsillo da cidadanía e que proporcione seguridade de subministración, para o cal son claves as centrais térmicas e tamén a industria electointensiva, ao facilitar a súa desconexión do sistema eléctrico. Señorías, nós avogamos por unha transición enerxética xusta e ordenada, que non deixe sen saída os centos de galegos e galegas cuxos empregos están en perigo polo peche anticipado das centrais térmicas e sen ter artellado novas alternativas. E non nos conformamos con limosnas de 7 millóns de euros para todas as comarcas nas que se pechan as centrais, señores do Partido Socialista. *(Aplausos.)* Insisto, unha transición enerxética que, por suposto, garanta o emprego e a actividade económica alí onde a enerxía forme parte do seu proceso económico. Pois ben, neste real decreto sobre renovables aprobado a semana pasada tampouco se incluíron nin as poxas nin o seu calendario, de aí que este grupo decida traer esta iniciativa, pois cremos que son necesarias.

Señores socialistas, vostedes sempre van a destempo na introdución, de maneira extrema, das enerxías renovables en España. Introducíronas de maneira extrema cando eran cinco veces máis custosas que hoxe en día. Inxectaron un déficit de 29.000 millóns de euros no sistema eléctrico, que directamente, señorías, señoras e señores do Partido Socialista, estamos pagando todos na nosa factura eléctrica e que aínda nos quedan moitos anos que pagar. E si, mal que lles pese, crearon unha burbulla de renovables, incluso recoñecida polo seu ministro, o ministro do señor Zapatero, o señor Sebastián. E, por consecuencia, foron vostedes os que lles subiron a luz, nun 70 %, a todos os cidadáns, a todos os españois. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Pasamos de ter unha factura razoable da enerxía eléctrica a ter unha das facturas de enerxía eléctrica máis caras de toda Europa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): ¡Silencio, por favor!

A señora NÓVOA IGLESIAS: O que tivo que facer o Partido Popular en Madrid cando chegou... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Está falando a señora Nóvoa. ¡Por favor, silencio!

A señora NÓVOA IGLESIAS: Repito. O que tivo que facer o Partido Popular en Madrid en 2013 foi poñer unha retribución razoable para toda a xeración de enerxía renovable. Logrouse conxelar a parte regulada da factura e conseguiuase que deixase de haber déficit de tarifa nos anos 2016 e 2017. No ano e medio que levan vostedes gobernando, señorías, temos novamente 400 millóns de euros de déficit de tarifa. Iso foi o que conseguiron de novo dende que gobernan.

Miren, o que tamén fixo o Partido Popular foi convocar subastas de enerxía renovable no ano 2016 e no 2017: 8.700 megavatios libres de primas, sen custo para ningún cidadán español. E é por iso que hoxe o señor Sánchez pode presumir no Cumio do Clima da enerxía renovable de España. ¡Si, señorías, sen custo e sen primas! *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* ¡Si, señorías! *(Fortes murmurios.)*

Señora presidenta, eu rogaríalle...



A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Si, ten razón. Están todas as bancadas facendo ruído. Así que, por favor, continúe, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Estes megavatios impulsados polo Partido Popular estarán dispoñibles a partir de 2020. E, dende logo, que grazas a iso España cumprirá, seguro, co obxectivo de xeración primaria renovable nun 20 %. Isto foi o que fixo o Partido Popular, frear o despilfarro, conxelar a parte regulada da factura e eliminar desde 2016 o déficit de tarifa.

Como dicía antes, Galicia é unha comunidade líder en España en produción de enerxía renovable, moi por riba da media española. E esta realidade prevese que aumente nun futuro. Por iso a Xunta de Galicia aprobou a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2020. É unha das primeiras comunidades en contar con esta iniciativa.

Mostra do compromiso da Xunta de Galicia tamén é o incremento dos orzamentos para o ano 2020, no que se consignan máis de 60 millóns de euros para conseguir unha Galicia máis verde. Destaca de maneira especial o crecemento dun 27 % nos fondos do Inega. O orzamento do Inega medra nun 27 % ata rozar os 29 millóns de euros. Son 6,2 millóns de euros máis. No orzamento de 2020 destinaranse, señorías, 32 millóns de euros a proxectos de aforro e eficiencia enerxética. Porque concordarán comigo en que a enerxía máis eficiente e máis barata é a que non se consome.

Este orzamento irá encamiñado, por suposto, a reducir a factura enerxética das industrias pero tamén das familias, con axudas como o Plan renove de electrodomésticos, axudas para domótica ou co uso das enerxías renovables polos cidadáns. É un importante esforzo orzamentario, señorías, que se complementa tamén cunha bonificación de ata 1.500 euros no IRPF para todos os que melloren a súa eficiencia enerxética na súa vivenda. Cada particular poderá deducir ata un 15 % da cantidade investida, cun límite de 9.000 euros.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

A señora NÓVOA IGLESIAS: É unha importante medida que vostedes obviaron nas súas comparacións de orzamentos, ninguén falou dela.

Miren, o desenvolvemento do sector renovable en Galicia e as súas perspectivas de futuro exige xa novas oportunidades de desenvolvemento que deben ser canalizadas axeitadamente polo Ministerio de Transición Ecolóxica, e por iso consideramos que deben convocarse xa novas poxas de enerxía renovable. Cremos que o Goberno do señor Sánchez non pode seguir en estado de inacción, de inacción nos problemas da industria electrointensiva, inacción ante o peche inminente da central térmica das Pontes e inacción por non convocar en máis dun ano e medio unha poxa de enerxía renovable cando se teñen por adalides da sostibilidade e do medio ambiente.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Por iso traemos esta iniciativa hoxe aquí a este Parlamento, unha iniciativa sinxela, señorías, que supoño que atopará o voto favorable de todos vostedes.



Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Nóvoa.

Por parte do Grupo Mixto ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día, señoras deputadas e señores deputados.

Ben, imos poñer un pouco as cousas en perspectiva. É verdade que Galicia ten unha moi boa posición en potencia instalada renovable. En mans de catro, iso si. Pero a verdade é que, escoitando os datos que aportou a señora Nóvoa, parecería que estamos nun oasis sustentable en Galicia, con datos un pouco exaxerados. Porque a realidade é que no ano 2018 a produción renovable foi do 40 %, e chegamos a un máximo no 2014 cun 60 %. Pero, aínda así, é un volume de produción eléctrica renovable moi importante. Pero do que hai que falar, para ver se estamos avanzando realmente no proceso da descarbonización e de transición cara a outro tipo de economía, outro tipo de vida, é do uso da enerxía primaria total. A enerxía primaria total de orixe renovable en Galicia é do 15 %. Ese é o dato real, para que non pense a xente que o 85 % da enerxía que utilizamos en Galicia, como dicía a señora Nóvoa, é de orixe renovable. A realidade é que, da enerxía total, o 15 % é renovable. É un dato importante pero, evidentemente, queda moitísimo, quédanos un 85 % por diante. E, ademais, o 85 % de toda a enerxía que consumimos en Galicia é importada, esa é a realidade. Ou sexa, que hai moitísimo traballo por diante.

E analicemos outros datos. Evidentemente, nun país espallado como Galicia a produción de enerxía tería que ser espallada, iso é evidente. Pero aquí faise todo o contrario, igual que se está facendo na liña do tratamento dos residuos. Ou sexa, é totalmente incomprendible que nun país espallado se concentren os servizos de toda a cidadanía dispersa por todo o país. E apóstase por unha produción renovable tamén centralizada e en mans de catro.

Miremos algúns datos. En Galicia só temos 20 megavatios instalados de fotovoltaica de autoconsumo, o 0,1 % do total da enerxía eléctrica consumida. Podería dicir cal é o dato en Alemaña tamén. E iso que a tecnoloxía actual baixa o custo dese tipo de enerxía nun 45 %, cun período de amortización de entre seis e sete anos. Só temos 41 megavatios de solar térmica de uso doméstico, 16 megavatios de xeotérmica de uso doméstico. Estas son as consecuencias —estas cantidades ridículas— da política enerxética do Partido Popular en Galicia.

E, como xa dicía, estamos de acordo en pedir máis poxas de renovables ao Estado. Evidentemente son necesarias, pero non da maneira na que o fixo o Goberno do Partido Popular no ano 2016 e 2017, regalando miles de megavatios a puros especuladores. Esa é a realidade. O que se pide son máis poxas para regalarlles miles de millóns a Florentino Pérez e aos señores, por exemplo, de Forestalia. Porque, como vostede saberá, a maioría dos megavatios concedidos nesas poxas que dirixiu o señor Rajoy non se desenvolveron nunca. ¿Que fixeron? Coller o dereito e revendolo a terceiros. ¡Iso si que vai ser un déficit de tarifa para vinte e cinco anos! ¡A ver se consideran iso! Todos os cartos que Florentino Pérez e Forestalia utilizaron e captaron despois de conseguir as licenzas van incrementar o custo da produción de todos eses parques nun 25 %. Deberían de dicir tamén iso.



Por iso nós plantexamos, na primeira emenda que presentamos, que se modifiquen totalmente esas poxas. Plantexamos tamén que a Xunta de Galicia apoie proxectos impulsados por comunidades de montes, cooperativas agrogandeiras ou directamente enerxéticas, e entidades locais. E ¿que é apoiar? Porque non é presentar os proxectos do parques eólicos. E isto é un choio para Florentino. Foi un choiazo. É presentar a oferta e é presentar os avais. ¿Que necesitarían todas estas entidades galegas? O que necesitarían é que a Xunta as apoiara para presentar simplemente o documento para a poxa e os avais que se piden para poder acceder. Evitemos un novo pelotazo de certos amigos do Partido Popular.

Despois tamén plantexamos que hai que ter en conta que todos os parques, cando despois se concretan —¡que raro!—, en Galicia todos son de menos de 50 megavatios. ¿Por que? Porque así se evita o control do Estado e queda todo o control en mans da Xunta. ¿Por que o farán? Será por algo. Pois por iso pedimos que haxa máis protección medioambiental e paisaxística, remuneración xusta aos propietarios dos terreos que están sendo expropiados por catro perras, recursos socioeconómicos reais para as zonas —que non chegan practicamente a nada—, participación dos axentes locais en todas esas iniciativas. ¿Cantos parques eólicos van desenvolver os propietarios dos montes?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: E ¿cantos vai desenvolver Naturgy, cantos vai desenvolver Iberdrola, Endesa..., todos eses señores que se abrazan co señor Feijóo?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CASAL VIDAL: Ben, pois iso, o que plantexamos é todo o contrario desa política enerxética do Partido Popular que vostede vén aquí a tentar colocarnos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Silencio!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Eu quería comezar cun recoñecemento ao Partido Popular. Eu creo que non debemos perder a perspectiva de que é un avance intelectual e cognitivo que asumiran que existe o cambio climático despois de moitos anos negándoo. *(Aplausos.) (Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Malia as nosas diferenzas, temos que recoñecer que é un paso adiante que se desprenderan diso do primo de Rajoy. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, por favor!

¡Silencio, Trenor!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: É que están nerviosos, non sei... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Vén a semana que vén Rajoy presentar o seu libro, vaian mirar se lles conta algo do cambio climático alí, pero déixeme falar. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Señor Trenor, silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio, silencio!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor Couñago, se non lle gusta o que hai que dicir do fracaso estrepitoso en termos industriais e eólicos... *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, señor Pazos, silencio! ¡Estou dicindo silencio!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...ao Partido Popular non lle queda outro remedio en canto os seus colegas de Vox non nos (...) *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! Xa está chamado á orde algún.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E se non lle gusta escoitar, tape os oídos. *(Murmurios.)* E se non lle gusta escoitar, vaia tomar un café e déixenos falar aos demais. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, señor Vega, silencio! Non entren máis, xa abonda. *(Murmurios.)* ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ¡Nada! Eu non teño présa, ¡eh! Podemos quedar aquí ata mañá.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Continúe, por favor. *(Murmurios.)*

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, supoño que me compensará o tempo, señor Calvo.

Ben, xa acougaron un pouco.



Ben, nesta iniciativa a voceira do Partido Popular falou un pouco de todo, case parecía que quería evitar entrar na cuestión do eólico. Eu estívenlle dando moitas voltas a cal podía ser o sentido de que a presentaran. Porque, claro, que un partido político que fixo cabalo da cuestión do eólico e que, despois de estar dez anos gobernando, o único que nos ten que facer é unha petición para mandarlla ao Estado, non deixa de ser un pouco sorprendente. Eu xa sei que vostedes arrancaron a páxina do Estatuto de autonomía que nos dá competencias en planificación industrial, xa o sei. Pero aínda así a min causábame un pouco de estupor. E a conclusión á que cheguei é que realmente é unha iniciativa autoexculpatoria. É autoexculpatoria para ter a quen botarlle as culpas do seu fracaso estrepitoso no ámbito da enerxía eólica e nesa Lei de implantación empresarial dez anos despois de chegar ao Goberno. E iso non tapa a realidade, non tapa a realidade no eólico, non tapa a realidade na crise que está vivindo en emprego este país, con destrución do emprego salvaxe en todos os ámbitos. Mire, eu non sei se hoxe leron o xornal ou se tamén se van ofender por esta pregunta: Galiza destruíu 3.860 empregos no peor mes de novembro en cinco anos. Esta é esa non-crise económica que vai afectar a todo o mundo menos a Galiza, segundo os orzamentos da Xunta de Galiza, xa que vostede facía mención tamén aos orzamentos. O paro sobe en 1.352 galegos en novembro a pesar da campaña do *black friday*. Esa é a realidade do emprego en Galiza que vostedes non poden opacar por moito que busquen culpas alleas.

E a realidade é así tamén no ámbito do emprego industrial e no ámbito enerxético. Todos os indicadores nos afastan da media estatal e nos afastan tamén da media europea, señora Nóvoa, efectivamente. E igual que vostede fixo un *remix* aquí de temas, eu vouno facer tamén.

E, mire, hoxe é mércores. Cadroulle ben a iniciativa, é mércores pola mañá, hai xornalistas atendendo, etc. Pero, mire, os mércores son traizoeiros, porque, cando non veñen aquí falar do emprego industrial, sae o IPI, e hoxe, que veñen falar aquí de que son os máis innovadores do planeta, temos os datos de innovación —lea o que di hoxe o Instituto Galego de Estatística—. No 2018 non chegaron nin a superar a media de investimento que había en I+D+i cando chegaron ao Goberno, nin chegaron tampouco á media estatal ou á media europea. Seguen vostedes afastándonos da innovación, e séguennos afastando da converxencia co Estado ou con Europa. E iso pasa tamén porque en sectores estratéxicos, como é o enerxético —que sobre a teoría nós coincidimos—, vostedes fracasaron estrepitosamente.

Vén aquí dicir, claro, que é a hostia a produción eólica que temos... (*Balbordo.*) Bueno, a ver, ¿non se pode dicir? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non dixen «espírito santo». Esta vez non sei por que se alporizan. (*Balbordo.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! ¡Xa está ben!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: É que..., ¡por favor! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡En fin, vale, non é a hostia, é marabilloso o desenvolvemento en enerxía renovable deste Goberno! (*Murmurios.*) Xa se puxeron aquí algunhas pexas de por que Galiza ten ese índice, que non é grazas a vostedes.

Pero é que, miren, vostedes desde que están no Goberno mandaron ao lixo 2.300 megavatios —que xa estaban adxudicados hai dez anos— por sectarismo político, por ese sectarismo político... (*Murmurios.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que nos custou 3 millóns de euros públicos, señora Nóvoa, que podían ir a eses programas de eficiencia enerxética do Inega e que foron ¿a que? A pagar sentenzas xudiciais. A iso foron, señora Nóvoa. E iso foi o que fixo que en menos dunha década instalaran menos de 500 megavatios. Por moito que agora a Asociación Eólica estime que se pode acabar este mesmo ano instalando catrocentos e pico, iso non resolve dez anos de tempo perdido, que é o que tivemos con vostedes no eólico. Por iso presentamos unha emenda, porque hai que buscar un consenso neste país para recuperar ese tempo perdido. E por iso nós propoñemos un novo plan sectorial eólico. Por iso propoñemos tamén reforzar persoal na Administración galega. Porque a nós ¿que nos din as asociacións de eólicos deste país? Que esa Lei de implantación empresarial non está servindo. E non está servindo porque a parálise administrativa segue por non haber persoal suficiente.

Propoñemos tamén impulsar de novo medidas transformadoras, como a participación pública no sector enerxético. Porque vostedes vetárona. E, por esas consecuencias, as galegas e galegos imos pagar durante este ano a factura máis alta en enerxía eléctrica de todo o Estado, señora Nóvoa. Iso é grazas á consecuencia do canon eólico que vostedes instauraron. Por iso nós propoñemos un retorno á participación pública, máis modelo BNG...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e menos modelo Partido Popular de tarifazo.

E propoñemos tamén medidas para reforzar a vixilancia ambiental, crear un fondo de continxencia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...para este aspecto, salvagardar a Rede Natura e a súa proposta de extensión.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E, en definitiva, poñer fin a eses problemas que está habendo no territorio, como o caso do Iribio... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que saía hoxe pola mañá, señora Nóvoa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Se queren un debate en profundidade sobre o modelo eólico que precisa este país, teñámolo, teñámolo.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas. Xa rematou.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E despois exixamos no ámbito estatal ou no ámbito europeo o que este país decida.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Pero non veñan aquí con esta estratexia de distracción...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Moitas grazas, señora Presas!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...a autoexculpase polo seu fracaso e a botar culpas noutros lados.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Non se queixará de que non foi compensado o tempo!

(Murmurios.)

¡Silencio!

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Común da Esquerda, o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Señora Nóvoa, vostede, tratando de falar das bondades do modelo eólico do Partido Popular, describiu aquí un proceso de colonización do territorio perfecto. Vostede dixo: «Galicia é líder na produción eólica». Galicia non é líder na produción eólica. *(Murmurios.)* Quen é líder da produción eólica é Naturgy, Iberdrola, Endesa e todas estas empresas. A enerxía non é nosa. Polo tanto, Galicia non é líder de nada. Son líderes os seus amigos, que, grazas ao seu modelo, puideron colonizar o territorio. *(Aplausos.) (Murmurios.) (O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, señor Trenor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Pero vostedes veñen aquí explicar que este é o único dos mundos posibles. E como xa levamos demasiados debates e tampouco quero estar sempre pegando contra un muro —que a verdade é frustrante—, creo que vou poñer un exemplo dun país, Dinamarca, que, por decisións políticas e por políticas públicas diferentes, tivo como resultado un modelo totalmente diferente. Baseouse nunha forte interacción entre as institucións públicas de investigación, os reguladores, a industria e os cidadáns, que fixo que Dinamarca sexa líder mundial na produción eólica, na produción tecnolóxica, na tecnoloxía eólica, e, aínda por riba, con retorno social evidente. Dinamarca, con 5,6 millóns de habitantes, ex-



porta 10.000 millóns de euros de media anuais de tecnoloxía eólica. É o líder mundial. Pero neste modelo hai 40.000 daneses e danesas que son partícipes dos parques eólicos. E non é casualidade, é que, dende o 2009, en Dinamarca, cando menos o 20 % da capacidade dos parques eólicos, ¡cando menos o 20 %!, ten que ser ofrecido ás comunidades locais, e máis do 50 % do vento danés é propiedade dos cidadáns daneses. Mentres, aquí, Xoán Doldán ou Rosa Regueira fixeron un estudo que demostraba xa hai anos que o 85 % do capital do eólico é capital estranxeiro. É un proceso de colonización evidente. E en Dinamarca faise unha gobernanza equitativa dos recursos porque se fixeron políticas para a xente, políticas que democratizaron a enerxía. Aquí, dende os anos de Fraga, o que se fixo foi converter recursos naturais, territorio galego e leis —que se fan en cámaras que deberían defender o interese xeral— en beneficios privados, socializando os impactos e privatizando os beneficios. Ese é o seu modelo. (*Murmurios.*)

E agora veñen aquí pedirnos máis, queren máis tarta para esas mesmas empresas, que o Estado licite máis, que subaste máis e que veña instalar eólicos en Galicia. Van liderar agora a transición enerxética limpa Endesa, Iberdrola e Naturgy, que hoxe saen moi guapos no Cumio do Clima. Endesa, Iberdrola ou Naturgy, esas empresas, non van liderar ningunha transición enerxética limpa nin moito menos xusta. Eles só están guiados pola maximización do beneficio, son alleos á nosa realidade e colonizan o noso territorio como vostedes lles deixen facer —por exemplo, no Iribio, con tramitacións, ademais, fraudulentas e feitas a dedo para os seus amigos—. O negocio é o que o guía as súas políticas eólicas.

Galicia non necesita hoxe en día instalar eólicos si ou si, Galicia necesita instalar eólicos alí onde non agridan a paisaxe, o noso patrimonio, o medio ambiente, e con retorno social para que o rural se beneficie das instalacións que alí se poñen. E que non pase como pasou cos nosos ríos ou como pasou co noso lignito. Hai moita xente que o está denunciando. Creouse o Observatorio Eólico de Galicia para incrementar a xustiza co rural. E, por exemplo, a xente que representa este observatorio di: «O desenvolvemento eólico foi unha oportunidade perdida para fortalecer o medio rural, as súas comunidades e as súas xentes. Foi unha especie de colonización. Capital alleo —territorial e socialmente falando— chegou aos montes galegos para instalar si ou si os aeroxeradores sen ningún tipo de contraprestación relevante para os habitantes do medio rural». E fixérono mediante un marco xurídico deseñado pola Xunta de Galicia, que llo permitía e que o fomentaba. Aquí utilízase a declaración de utilidade pública para expropiar barato os cidadáns que viven no medio rural para que veñan outros facer negocios moi suculentos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Hoxe en día factúranse 600 millóns de euros no negocio eólico, que, como xa dixen, o 85 % é de capital estranxeiro e aquí quedan as migallas.

Non enganan a ninguén.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.



Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputadas.

A verdade, señora Marta Nóvoa, é que de actualidade tamén está hoxe o peche dos paridoiros en Ourense. Vostede é de Ourense e vexo que non presentou aquí ningunha iniciativa. É un tema que importa bastante. (*Aplausos.*) ¡Importa bastante, si, si, si, á poboación! (*Aplausos.*) Ao mellor é que non lle deixan... (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¡Pero, bueno...! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: En calquera caso, mire, hoxe quero poñer a énfase na xustificación da urxencia que fai o Partido Popular para poder debater esta iniciativa hoxe neste pleno. Di literalmente: «A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia exprese esta demanda ao Goberno de España canto antes para que a poida valorar desde o primeiro día da súa constitución». É dicir, os deputados e deputadas do Partido Popular presentan unha iniciativa para poñerlle deberes ao Goberno de España en canto se constituía. Ou sexa, o Partido Popular, ese que, carecendo totalmente do necesario sentido de Estado, bloqueou a investidura de Pedro Sánchez no mes de abril, o mesmo partido —o Partido Popular— que co seu bloqueo permitiu e axudou a que este país tivera que ser levado a unhas novas eleccións, (*Fortes murmurios.*) o mesmo Partido Popular que unha vez máis está máis preocupado polo ruído e por arañar un puñado de votos..., (*O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Señor Trenor, dúas veces!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...tampouco agora vai actuar con sentido de Estado e manifesta día tras día que non vai facilitar novamente a investidura de quen volveu gañar democraticamente por maioría as eleccións xerais en novembro. (*Aplausos.*) (*Fortes murmurios.*)

E, mentres tanto, os deputados e deputadas do Partido Popular de Galicia, sen preocuparse pola gobernabilidade do Estado, sen exixirle ao seu candidato que non bloquee máis e que permita gobernar a quen gañou democraticamente as eleccións, pónenlle deberes para cando se constituía. A verdade é que parece unha brincadeira, un conto máis aos que nos teñen acostumados os señores do Partido Popular de Galicia. (*Murmurios.*) Miren, deputados e deputadas do Partido Popular, para gobernar, para xestionar os recursos que son de todos e de todas, non nos podemos permitir nin brincadeiras nin contos. (*Aplausos.*)

Miren, mentres vostedes lles poñen deberes aos outros, esquecen que teñen maioría absoluta en Galicia para gobernar, para xestionar os recursos dos galegos e das galegas. E voulles recordar algúns datos —por se lles esquecen naquel afán de simplemente dirixirse ao Estado— de cal é o seu balance de dez anos de goberno do Partido Popular: 97.000 habitantes menos, 240.000 persoas menores de 40 anos menos, (*Murmurios.*) 50.100 fogares con todos os seus membros en paro, 27.400 fogares sen ingresos, 50.500 ocupados menos respecto do terceiro



trimestre do 2009, 4.400 ocupados menos na industria respecto do terceiro trimestre de 2009. E tamén traio a mesma nota que traía a miña antecesora, a señora Presas Bergantiños: «Galicia pierde 800 autónomas y lidera la caída de autoempleo femenino en 2019» e «El paro sube en 1.352 gallegos en noviembre» —isto nos xornais de hoxe—. (*Murmurios.*) E, mire, volve dar datos de xestión industrial, que tamén os teño. No índice de produción industrial, de media e no que vai de ano, Galicia é a segunda comunidade autónoma que ten peor evolución de todas as comunidades autónomas. En volume exportado neste primeiro semestre do 2019 respecto do mesmo período de 2018 Galicia baixa nun 10 %, mentres que no Estado é positivo co 1,7 %. En 2018 en Galicia constituíronse 509 sociedades menos que as constituídas en 2016. En 2016-2017 a actividade en Galicia de empresas industriais con sede noutras comunidades incrementouse en 1,4 puntos, mentres que a actividade noutras comunidades das empresas industriais con sede en Galicia diminuíu en 1,2. E xa non vou entrar en execución orzamentaria porque, se non, non me vai dar tempo a tocar máis temas.

Miren, señores e señoras do Partido Popular, Galicia liderou a finais do século pasado a implantación de enerxía eólica na península Ibérica, tanto cualitativamente, cos primeiros parques eólicos, como cuantitativamente, sendo a primeira comunidade autónoma en potencia instalada.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Si, vale. Pois... (*Murmurios.*) (*O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Trenor, chámoo á orde, porque xa van sete veces. Está molestando. (*Murmurios.*) (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Aos demais tamén os vou avisando, señor Sánchez, seguro. Ben sabe que vou avisando o resto por aí tamén. (*Murmurios.*) Si, algún sábeo. Así que, silencio. Considéreo unha chamada á orde, a ver se así lle vale. (*Murmurios.*)

Remate, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, presidente.

Pois a anulación do concurso eólico do goberno de Emilio Pérez Touriño foi unha das primeiras batallas do Partido Popular na campaña autonómica de 2009, sen ter en conta as advertencias...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...sobre a inseguridade xurídica que suporía tal anulación.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.



A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Núñez Feijóo, unha vez máis, antepuxo o ruído mediático...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa rematou o seu turno, señora Rodríguez Rumbo. Moitas grazas.

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, a señora Nóvoa Iglesias

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Señora Rodríguez Rumbo e señora Noela Blanco, miren, eu levo dende 2011 sendo a tenente de alcalde dun concello, xestionando recursos e facendo caso aos informes, a moitos informes técnicos. Se vostedes xestionasen e gobernasen algunha vez, saberían que moitas veces os criterios técnicos prevalecen sobre os políticos, señorías. Iso é o que teñen que saber. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora NÓVOA IGLESIAS: Mire, señor Casal, vostedes sempre innovan moito. Pero é que esta vez proponnos que fagamos megaparques en Galicia, megaparques eólicos.

Mire, a Lei de expropiación forzosa e a ambiental son leis básicas, señor Casal, para que o saiba. A nós todas as enerxías renovables nos gustan —a eólica, a fotovoltaica...—. Pero está claro que Galicia ten un potencial en enerxía eólica que dá moita riqueza e xera moito traballo aquí en Galicia. Non como a fotovoltaica, na que a maior parte de produtos se compran a China, señor Casal. Nós defendemos o traballo que se fai en Galicia.

Mire, señora Noa Presas, eu vou responder ás súas preguntas. Non son *Caballero pregúnteme lo que queiro*, eu vou responder ás súas preguntas. *(Risos.) (Aplausos.)* Miren, a vostedes non lles gusta que Galicia conte co 14,5 % de potencia eólica de España, non lles gusta. E vai para os dous, vai para o señor Sánchez e para vostedes, que pertencían ao mesmo grupo naquel momento. Sobre o famoso concurso eólico do Bipartito, vostedes, que falan de adxudicar a empresas amigas, ¿vanme negar, son capaces de negarme aquí, que non adxudicaron a Naturgy, a Enel, a Gamesa ou a FCC? *(Balbordo.)* ¿É que me van negar que non adxudicaron aquí a FCC? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)* ¡Veña xa! ¡Hipocrisía política, señorías! Adxudicaron megavatios a FCC e a Naturgy, señor Sánchez. E vostede militaba no BNG por aquel momento. Eu non, eu non era política, pero vostede si. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora NÓVOA IGLESIAS: Miren, piden aquí plans. Galicia conta cun plan sectorial eólico. Vostedes, que saben moito do tema, saberán que en España só o País Vasco e Galicia contan con plans sectoriais eólicos. Castela-León, que é a primeira potencia de España, non ten plan sectorial eólico. ¿Como fan alí? ¿Como fan alí, entón? E son líderes en potencia eólica. Miren, o seu discurso cae.



E, señora Rodríguez Rumbo, presentan unha emenda aquí de inacción total. É que é surrealista. Quitan as poxas. Pero é que onte o señor secretario de enerxía anunciaba que ían facer as poxas. Vostedes sacaron as poxas da emenda. Mire, pretenden pechar as térmicas, as electointensivas, e non queren que fagamos, que se fagan, poxas de enerxía renovable. Pero ¿con que enerxía imos vivir, señoría? ¿Con cal? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*
En fin... *(Fortes murmurios.)*

Miren, outro dato máis. ¿Saben cantos megavatios subastou o adalid das enerxías renovables, o señor Pedro Sánchez? En 2018, cero megavatios; en 2019, cero megavatios. ¡El adalid del medio ambiente que colle o avión para ir de Madrid a Valladolid, señorías! *(Aplausos.)* *(Balbordo.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

Sobre as emendas, señora Nóvoa...

A señora NÓVOA IGLESIAS: Miren, señorías, o que está claro é que entre vostedes non coinciden para nada.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Un quere quitar as poxas, outro quere modificar o plan sectorial eólico...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Grazas, señora Vilán, por colaborar.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Non se poñen de acordo, e por iso non podemos aceptar as súas emendas, señorías. Non se poñen vostedes de acordo nin entre vostedes mesmos. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa rematou o seu tempo. Sobre as emendas, señora Nóvoa... *(A señora Nóvoa Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas, moitas grazas.

(Aplausos.)

Pasamos entón á votación das proposicións non de lei.

(A señora Blanco Rodríguez pide a palabra.)

Dígame, señora Blanco, para que quere a palabra.

(Fortes murmurios.)

¡Silencio, silencio, por favor!



Dígame para que quere o uso da palabra.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Pido a palabra con base no artigo 76 do Regulamento, pois non estaba no debate e mencionoume a señora Nóvoa durante a súa intervención. (*Balbordo.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, silencio! ¡Tranquilidade! Silencio, por favor, que hai que empezar as votacións.

Mire, eu non vin ningunha alusión que requira ningunha rectificación ou intervención pola súa parte. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, vostede pide a palabra con base no artigo 76, e quen decide é a Presidencia. Igual que pola mañá nas preguntas se fai alusión aos conselleiros que están sentados. E os conselleiros non piden a palabra porque se sintan aludidos. (*Murmurios.*) Entón, eu entendo que esa alusión non lle dá... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Fortes murmurios.*)

Señora Blanco, mire, a quen lle toca a interpretación do Regulamento é a min, así que lle agradezo a súa petición e contéstolla.

Pasamos á votación. E silencio, por favor.

Votamos.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Votación da primeira proposición non de lei, do Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de don Antón Sánchez García.

Aceptouse a emenda do Grupo Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. David Estévez Rodríguez, sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios persoais e orzamentarios necesarios ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, coa cobertura das vacantes de persoal investigador existentes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, este texto queda rexeitado.

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! Se non, non van saber o que votan.



A seguinte proposición non de lei é do Grupo Parlamentario Mixto. Chegouse a unha transacción que supoño que terán todos os grupos. ¿Coñécena? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pois entón votamos esta iniciativa transaccionada.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de Galicia respecto do cambio climático e da deterioración ambiental.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, este texto queda rexeitado.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos agora á seguinte proposición non de lei, que é a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis.

Entendo que se acepta a autoemenda e que se acepta a emenda do Grupo Socialista.

Votamos entón.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas da comunidade hospitalaria referidas ás deficiencias existentes en distintas especialidades e ao futuro do servizo de cociña do Hospital Comarcal de Verín.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, este texto queda rexeitado.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á votación da seguinte proposición, que é do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito máis.

Non se aceptaron as emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre a reiteración polo Goberno galego diante do Goberno central da demanda de retirada da limitación das taxas de reposición de prazas para o sistema sanitario público.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta iniciativa por unanimidade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte votación, respecto da proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez.

Acceptouse a emenda do Grupo Mixto, a do Bloque Nacionalista Galego e a do Grupo Común da Esquerda como engádegas.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta aos pacientes da sanidade pública da súa intervención cirúrxica nun centro concertado, en cumprimento da Lei de garantías de prestacións sanitarias.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, este texto queda rexeitado.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte proposición non de lei, que é a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dous máis.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias que presentan as instalacións e a carencia de material didáctico axeitado no Centro Superior de Música de Vigo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, esta proposición non de lei queda rexeitada.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte votación, sobre a proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores e cinco máis.

Acéptase a emenda do Grupo Común da Esquerda e a emenda de adición do Grupo Socialista. Non a outra, só a parte de adición.

(A señora Prado Cores pide a palabra.)

Si, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Accedemos á votación por puntos, co cal o punto que di: «Deben ser eixos destas políticas...»...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdón, repítame.

A señora PRADO CORES: O apartado que pon «Deben ser eixos destas políticas...», o primeiro, votariámolo á parte. E logo todo o resto xunto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vale. Entón, en primeiro lugar, votamos ese punto por separado e despois o resto.

Votamos.

Votación do punto primeiro do parágrafo que comeza por «Deben ser eixos destas políticas...» do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que se deben levar a cabo en relación co drama da emigración.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 38; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, este fragmento do texto queda rexeitado.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Votamos agora o resto do texto, o resto dos puntos da iniciativa.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás o parágrafo votado por separado, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que se deben levar a cabo en relación co drama da emigración.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á última votación, a da 4.8, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Marta Nóvoa Iglesias e trece máis.

Non se aceptaron as emendas; por tanto, votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria de novas poxas de enerxías renovables para o aumento da potencia eólica instalada en Galicia, así como da produción dese tipo de enerxías.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 16; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposición non de lei queda aprobada.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Rematadas as votacións abran as portas.

Continuamos coa orde do día e pasamos ás interpelacións.

Interpelación de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Consellería do Mar para mellorar a seguridade nas costas tras o naufraxio do cerqueiro *Sin Querer Dos* o día 19 de decembro de 2018, así como os datos referidos ao dispositivo mobilizado por Salvamento Marítimo nese sinistro

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día, e moi bo día ás persoas representantes do sector do mar da ría de Ferrol que nos acompañan tamén desde a tribuna.

Bo día, señora conselleira.

Hai un ano, asistimos a unha traxedia no mar, o afundimento do cerqueiro *Sin Querer Dos*, que se saldou con tres mortes e un desaparecido, aínda a día de hoxe sen aparecer. A aquela altura volveron saltar as alarmas. Foi un tráxico accidente que volveu poñer en cuestión realmente se están garantidas as dotacións de medios, de sistemas e protocolos de control para enfrontar calquera tipo de incidente ou de accidente marítimo nas nosas costas. Volveu poñerse en evidencia que no que vai de século XXI xa son máis de cen barcos os afundidos nas costas galegas, os máis deles pesqueiros, volveu poñerse en evidencia que máis de 40.000 buques pasan apenas a uns quilómetros das nosas costas polo



chamado corredor de Fisterra, e unha parte moi importante deses buques con mercancías perigosas e contaminantes.

E hoxe, un ano despois, volvemos ter as alarmas acendidas porque o pasado 22 de novembro o buque tanque con bandeira de Malta, o *Blue Star*, embarrancaba na costa de Ares. Este buque procedente de Bilbao con destino ao porto da Coruña encontrábase, previo embarrancamento, fondeado na ría de Ares. Por razóns que descoñecemos e que a maioría...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, por favor!

A señora PRADO CORES: ...dos galegos e das galegas tampouco coñecen no día de hoxe —agardo que vostede poida darnos información e razóns que descoñecemos—, nun contexto dun forte temporal, toma a decisión de emprender navegación en dirección ao porto da Coruña. No traxecto queda sen máquina, á deriva, perde o control, e acaba embarrancado na costa e varando no lugar das illas Mirandas.

Afortunadamente para Galicia e para a zona, o buque non portaba carga química perigosa ou contaminante no seu interior, máis alá das 110 toneladas de combustible para o propio o barco, porque, se non, igual estaríamos falando de consecuencias fatais para o ecosistema mariño e para a produtividade desta zona.

E saltan as alarmas porque, ante un novo accidente, volvemos asistir de novo ao escurantismo, á falta de información, cando menos pública, a decisións erráticas, de novo á ausencia do Goberno galego —desde o noso punto de vista ao ninguneo do Goberno galego—. De novo o sector volve estar desinformado, coas alarmas totalmente acendidas e co temor de que volva ser a xente do mar a que pague as consecuencias do embarrancamento deste buque.

Por iso, hoxe lle queremos preguntar porque, dende logo, descoñecemos as medidas que se adoptaron desde Salvamento Marítimo ante a deriva do buque. Parécenos de novo erráticas as decisións porque, tras varios intentos frustrados de sacar o buque do lugar onde estaba varado, utilizando as oportunidades que a preamar ofrecía e vendo que se rompían as estachas, finalmente desistiuse de facelo. Pedíase desde o sector e desde a zona que canto antes se liberara o combustible que tiña o buque, e vemos como houbo que agardar desde o 22 ao 30 de novembro —máis dunha semana— para que ese transvasamento de combustible se realizara. Insisto, a pesar de que había unha demanda social e política desde o primeiro momento, cuestión que non era considerada e que logo vemos que se executou.

Vemos a improvisación e vemos como se demandou que, ante o embarrancamento do buque, se instalaran procedementos, mecanismos de protección, tanto se se ía proceder a intentar refrotalo como a facer este transvasamento de combustible. Vemos como non se realizaron estas medidas de prevención. Afortunadamente, houbo unha pequena vertedura, pequena, pero puido non ser así, e non entendemos como máis unha vez se deixa desprotexida unha zona dun potencial marisqueiro tan enorme. Porque estamos a falar de que este barco embarrancou na ría de Ares, que ten unha riqueza produtiva, pesqueira e marisqueira importantísima. Na mesma efectúase unha actividade importante: mariñeiros da frota de baixura, mariscadoras a flote, a pé, submarinistas de recursos específicos, percebeiros e de confrarías



variadas, da de Lorbé, da de Sada, da de Miño, da de Pontedeume, da de Ares, ademais da da Coruña e Barallobre, que contan con plans de explotacións conxuntas.

Apenas a 500 metros de onde está embarrancado o *Blue Star*, están as illas Mirandas, cunha gran biodiversidade, probablemente a zona máis rica de todo o golfo Ártabro e unha importante zona de reprodución marisqueira, especialmente de crustáceos. Trátase, polo tanto, dun espazo da costa galega especialmente sensíbel e tamén historicamente castigado por episodios de contaminación; en definitiva, dunha área moi dependente da pesca e do marisqueo. Por iso unha das máximas alertas e alarmas que está neste momento a padecer o sector é que recibiron comunicación da prohibición de faenar a unha milla do barco. As illas Mirandas están a menos de 500 metros, e en toda esta zona, con este potencial do que estou falando, teñen a prohibición de faenar. Estamos a falar da prohibición de faenar en pleno mes de decembro, que é a época do ano na que practicamente fan o 50 % da facturación do mes. Dende logo, eu agardo que teña vostede algunha explicación ou información ao respecto desta prohibición e de se se van tomar medidas para protexer os intereses deste sector, de se é certa esta información e de se foi informada a Consellería desta prohibición, de se foi tomada esta decisión de acordo coa Consellería ou de se foi tomada de costas á Consellería e, dende logo, de costas ao sector.

Porque unha das cuestións que hoxe queremos trasladar aquí é a falta total de información máis unha vez ante un sinistro que tivo o sector. Non houbo reunións coas confrarías, nin chamadas para informalos de que estaba pasando, de que estaba acontecendo, de cales eran os riscos, de que medidas ían tomar e de como ían quedar afectados.

Dende logo, no BNG, de acordo tamén co que pensa o sector, non cremos que sexa de recibo que se repita unha vez tras outra, ante un sinistro, ante un accidente no mar, que o sector non sexa informado e non sexa tido en conta.

Tamén nos preocupa e moito —pode crernos, señora Quintana— que da información que vimos na prensa, das comunicacións oficiais de Salvamento Marítimo, se deduza que non houbo relación coa Xunta, que foi mínima. Nas notas de prensa informábase desde Salvamento Marítimo que participaban nas reunións o delegado de Goberno, a Secretaría Xeral de Transporte, o director de Salvamento Marítimo, persoal técnico das autoridades portuarias, representantes da casa armadora e da empresa privada á que lle encargaron a subcontrata para o salvamento, pero en ningún momento parece que houbera ningún representante da Xunta, en ningún momento parece que estivera a conselleira ou algún director ou directora xeral. E a nós, dende logo, preocúpanos, e moito, que ante un accidente no mar con afectación das nosas costas, dos nosos recursos, das nosas xentes do mar, da Galiza en xeral, que non estivese a Consellería. Agardo que mo confirme ou mo denegue. Dende logo, nós imos criticar, imos opoñernos e pedir explicacións se se ningunea o Goberno do noso país ante esta situación. Agardo que non fora consentido por parte da Consellería e que, se esta situación é así, nos dea unha explicación de como aconteceu.

Polo tanto, señora Quintana, gustaríanos saber de que información dispón a Xunta e cal foi a súa participación nesta toma de decisións despois do accidente, porque, evidentemente, os accidentes prodúcense, pero queremos saber como se xestionou este accidente...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...por que saíu o buque do seu fondeadoiro a pesar da alerta amarela e da...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...intensidade do vento —remato, presidente—..., a relación institucional que mantivo o Goberno galego co Goberno español...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: E unha cuestión que tamén nos preocupa é se a ría de Ares ten a consideración de lugar e refuxio... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten vostede despois outro turno de palabra.

Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

Ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, o primeiro que quero facer é un traslado de recordo para as familias do falecido e da persoa desaparecida no accidente do naufraxio do *Sin Querer Dos* fará aproximadamente o día 19 un ano.

A verdade é que o digo con dolor, señora Prado, pero creo que en política non todo vale. Creo que non é de xustiza que vostede traia aquí unha pregunta do ano pasado, referente ao buque *Sin Querer Dos*; unha pregunta que xa lle foi contestada en comisión, para logo facer unhas reflexións sobre o acontecido co buque *Blue Star*. Paréceme que, como digo, en política non todo vale, non vale xogar cos sentimentos das familias que perderon algún familiar nun accidente do mar e non vale intentar utilizar un accidente que aconteceu hai quince días, ao que vostede sequera neses quince días tivo tempo de presentar unha pregunta por urxencia e poder completala.

De calquera xeito, se vostede quere falar do *Blue Star*, imos falar do *Blue Star*, imos falar da actuación de cada un, do que cada un dixo, do que cada un demandou en casos como este. Eu, dende logo, teño moi claro quen mete a política en todas as actuacións e en todos os lugares.

Nin sequera estaba a tripulación fóra do barco cando vostedes xa estaban facendo política. Vostedes, cando nós estábamos atentos ao que estaba sucedendo no barco, xa estaban fa-



cendo política, xa falaban outra vez das transferencias, das competencias e de quen era competencia o salvamento marítimo. E eu dígolle, de verdade, que pode ser importante quen teña as transferencias, pero para min o máis importante é como se coordinan esas competencias. Non sabemos se onde residen as competencias é importante, pero si que a coordinación se fai dende Galicia. As emerxencias marítimas desta zona coordínanse desde o Centro Zonal de Salvamento Marítimo de Fisterra, que está nun monte de Porto do Son. Creo que está ben cerca de Galicia. Os responsables do Centro de Salvamento de Fisterra eran e son galegos. Certamente, o máis importante é que sexan expertos e coñecedores, non a orixe que teñan, pero neste caso teño que dicir que son galegos. Está recollido que esta prestación de servizo está coordinada a través dun real decreto legislativo do ano 2011 e que as competencias son executadas a través da decisión e do labor dos técnicos. Por iso non entendemos en que mellorarían as actuacións se as levamos a cabo os políticos galegos.

Eu creo, sinceramente, que non foi mellor a coordinación cando algúns políticos galegos tomaron decisións sobre salvamento marítimo, e non lles vou recordar aquí o caso da decisión do señor Blanco de facer un heliporto en CEE —heliporto que non é operativo— e de contratar un terceiro helicóptero, que ten que estar en Santiago porque alí non pode operar. E iso fíxose porque a Xunta de Galicia no ano 2009 chegou, fixo un informe e dixo que o máis importante para ter operatividade para o salvamento marítimo era ter dous helicópteros que cubriran toda a costa, cunha resposta de dez minutos, os 365 días do ano. Ata o SEPLA aplaudiu esta decisión da Xunta de Galicia. Iso é o que é traballar polo salvamento marítimo. *(Aplausos.)*

En canto ao tema das transferencias, se non me cren a min, direilles que eu creo que no ano 2007 cando houbo un problema cun barco —non sei se se acordan del— o *Ostedijk*, que andou sete días por aí á deriva, xa o propio presidente Touriño naquel momento a unha resposta do Bloque Nacionalista Galego, co que formaban goberno, lle dicía que hai que distinguir entre gañar competencias e actuar eficazmente cando hai unha crise.

E se falaban da ausencia da Xunta —e vostede díxoo aquí non sei cantas veces—, eu quero dicir que dende o minuto un o subdirector do Gardacostas de Galicia estivo presente na zona. O mesmo sábado pola mañá ordenamos ao buque *Ría de Vigo* que se trasladara para a zona. Estivo o buque *Ría de Vigo* todo o sábado e todo o domingo alí. Vostedes vírono, aínda que son capaces de dicir que estaba o subdirector de Gardacostas nunha lanchiña pequena alí para non facer nada. Nós estivemos presentes, mandamos o buque *Ría de Vigo*, que é o remolcador e é un buque operado coa Emsa, a Axencia Europea de Seguridade Marítima —a addenda que se fai para que ese barco estea operativo pága o Goberno da Xunta de Galicia—, puxemos o Plan de actuación Camgal en fase de alerta dende o minuto un e os técnicos do Centro de Control do Medio Mariño estiveron traballando dende o minuto un, facendo predicións, por se había algunha contaminación ver cara a onde irían as manchas. Esas predicións estábanselle pasando ao Centro de Coordinación de Fisterra. Portos de Galicia puxo operativos os peiraos de Ares e Sada por se facían falta para acumular material anticontaminación. E o helicóptero *Pesca II* do Servizo de Gardacostas de Galicia participou nos labores de rescate da tripulación.

E non sei que máis queren que lles diga. Poñían aquí: «falta de medidas de atención de barreiras». Bueno, pois, mire, é que se poñemos as barreiras, xa me dirá vostede como os bar-



cos que van intentar remolcar o buque poden traballar, porque ou levan as barreiras por diante ou non poden facer o arrastre; dificultaría moitísimo a operación. Entón, eu o que creo, sinceramente, é que nestes casos o que hai é que ter unha boa coordinación, deixar traballar os técnicos e con iso conseguir que ningún recurso natural nin ningunha vida das persoas corra problemas.

Dicían tamén que a coordinación de todo este operativo foi realizada a 600 quilómetros da costa. Bueno, foi realizada desde a Torre de control da Coruña, que creo que desde as mesmas ventás podían estar vendo o barco.

Dicían tamén que en Galicia non había medios e que a empresa armadora tivo que contratar un barco de fóra. Pois, mire, a empresa que contratou á empresa armadora é unha empresa holandesa, que tamén foi contratada no caso do *Ostedijk*, e ten a liberdade para contratar ela os medios que queira. Dende logo, o medio que contratou nin era máis potente nin máis eficaz que calquera dos que temos aquí en Galicia ou que ten o Estado español tamén aquí na nosa costa.

Tamén falaban de que as costas seguen desprotexidas. Eu teño que recordar aquí que os únicos que activaron medios para ter as nosas costas protexidas foron os gobernos do Partido Popular. Os dous buques: *Irmáns García Nodal* e *Sebastián Docampo* foron adquiridos por gobernos do Partido Popular. O buque *Ría de Vigo*, que está coordinado coa Axencia Europea de Seguridade Marítima, está financiado pola Consellería do Mar dende a Xunta de Galicia do Partido Popular. Dispomos de dúas naves loxísticas para a acumulación de material anti-contaminación en Cambados. Redactamos e aprobamos o Plan territorial de loita contra a contaminación mariña no ano 2012, que se actualizou no ano 2016. Participamos en 15 proxectos relacionados coa loita contra a contaminación e condicións oceanográficas a nivel europeo e recibimos tres premios: un co proxecto Arcopol, no ano 2016, outro no ano 2017 e outro co proxecto Marínere no ano 2018. E vostedes, cando gobernaron neses catro anos, ¿que fixeron? Absolutamente nada.

Nós seguimos traballando por ter Galicia mellor dotada de medios e máis preparada tecnicamente e cientificamente, e nesa liña seguiremos a traballar. No único que non nos van atopar nunca é en intentar facer política dunha posible desgraza.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Señora Quintana, eu, que unha conselleira diga que non fai política, é que bueno...; é que se retrata vostede mesma. Efectivamente, nós vimos aquí facer política, vimos defender proxectos políticos e pedir explicacións políticas, (*Aplausos.*) porque vostede ten que dar explicacións políticas.

E mire, quen xoga, dende logo, cos sentimentos da xente é vostede dicindo que pedir aquí explicacións é facerlles algún tipo de dano ás vítimas. Vostede o que quere é, como sempre,



botar cortinas de fume, porque eu o que lle teño que lembrar, señora conselleira, é que non me vai vostede gañar en dor polo afundimento do *Sin Querer Dos*, non me vai gañar vostede en dor, porque alí morreron compañeiros meus. Non me vai gañar vostede en dor, (*Aplausos.*), pero, precisamente por iso, quero que o meu país estea protexido ante os accidentes, precisamente por iso.

E a partir dese accidente preguntábase que medidas tiña previsto adoptar para mellorar a seguridade marítima e se tiña pensado pedir as transferencias do salvamento marítimo e da loita contra a contaminación, cuestións que seguen perfectamente viventes un ano despois; perfectamente viventes, señora Quintana.

E mire, vostede aquí fixo unha emenda a si mesma, porque di que non importa quen teña as competencias, e despois di que, como non temos as competencias, outros deciden onde poñen os recursos, e non o deciden ben. Si que importa quen teña as competencias, claro que importa; claro que importa quen teña as competencias. Se a Consellería estivo presente desde o primeiro momento, ¿por que non aparece ninguén da Consellería nas notas de prensa que se mandan desde o mecanismo de coordinación? É unha cousa sorprendente. Menciónase a todo o mundo menos á Xunta de Galiza, ¡sorprendente! Agora, se vostede quere encubrir o nin-gueneo por parte do Goberno español e lle parece ben, alá vostede e o Partido Popular; ao BNG, non, ao BNG non nos parece ben, non nos parece absolutamente ben.

Gustaríanos saber en que se verifica o convenio de colaboración en vigor subscrito entre a Xunta e o Goberno español en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación.

Eu díxenlle unha cuestión, que era a máis importante, despois de producido o accidente, e era a referida ás consecuencias do mesmo. E díxenlle que desde o sector están alarmados porque lles están chegando comunicacións ás confrarías dicíndolles que non poden faenar a unha milla do barco, nunha zona dunha riqueza pesqueira, marisqueira e de reprodución importantísima. Supoño que vostede non quere contestar esa pregunta. E díxenlle se vostede era coñecedora, se era partícipe e se era consentidora. E, se é así, ¿como teñen pensado resarcir a xente do mar desa decisión?, porque que lle digan que non poden ir traballar aí cando iso supoñía o 50 % máis ou menos da facturación dun ano... Supoño que algo terán pensado, e gustaríame que vostede o explique aquí.

Eu, un ano despois do sinistro, do naufraxio do *Sin Querer Dos*, case dezasete anos despois do *Prestige* e doutros moitos que xusto nestas datas se produciron, teño que volver dicirle: escurantismo, falta de información, decisións erráticas, falta de coordinación, ausencia do Goberno galego, que di que o importante é que se faga. Dá igual, non temos un goberno, e acepta esa posición de subordinación e de ninguneo. E, de novo, o temor das xentes do mar polo que puido acontecer e porque xa estamos vendo que as consecuencias, máis unha vez, destas catástrofes as pagan co seu lombo.

Ante iso, o que agardo é que o Goberno do meu país teña algo que dicir e que teña respostas para a xente que se ve afectada. Vostede na súa intervención non contestou absolutamente a nada desas cuestións, e, ademais, veu dicir como que o faga outro. Temos un goberno que non se preocupa nin ocupa ante unha das maiores preocupacións que ten a xente do mar,



que son os medios e como se actúa ante os accidentes —porque a inmensa maioría dos accidentes son de embarcacións pesqueiras e de embarcacións de recreo, pero os máis graves para efectos medioambientais son os das...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...embarcacións que levan substancias perigosas—, e agardamos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...algún tipo de contestación pola súa parte, señora Quintana...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...pero vemos, como de costume, que nin está nin se lle espera. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Mire, señora Prado, eu non veño aquí facer competencia de quen sente máis dor cada vez que hai un desaparecido, non vou facer unha competencia dese tema; o único que lle digo é, sinceramente, que se vostede quería falar do *Blue Star*, podería ter feito unha pregunta sobre o *Blue Star* e non utilizar unha pregunta rexistrada sobre o *Sin Querer Dos* para facer aquí non sei que manobra. (Aplausos.) Dende logo, sen intención non foi.

Mire, o Goberno galego nin estivo desaparecido, nin está desaparecido, nin estará nunca desaparecido mentres governe o Partido Popular, porque sempre traballamos na defensa dos intereses do noso sector pesqueiro. E para traballar nos intereses e defensa do noso sector pesqueiro traballamos en mellorar todo o que ten que ver coa seguridade marítima, co salvamento marítimo e coa limpeza sobre a posible contaminación das nosas costas.

Vostede vén aquí dicir: ¿e agora sabe vostede algo da prohibición que fixeron para que non poidan faenar? Oia, ¿vostede sabe que houbo un accidente e que, cando hai un accidente, hai que tomar unhas medidas preventivas e que para poder traballar na eliminación do fuel e do gasoil que tiña o barco e para agora facer as operacións de rescate do barco tiveron que prohibir que os barcos de pesca traballaran nunha zona determinada? Señora, é un accidente, hai que evitar iso, e iso é competencia de Capitanía Marítima, que é a responsable na navegación e nos accidentes de decidir se se prohibe faenar alí ou non. Logo xa miraremos como se vai poder sufragar a inoperatividade que puido ter o sector ao verse afectado por esta medida. O que resulta complicado é que vostede pretenda que os barcos estean a traballar men-



tres tamén se están facendo as operativas de rescate, de eliminación do gasoil e do fuel do barco ou tamén de liberación do barco, cando está encallado. ¡Home!, hai que ter un pouco de sentido común.

E non me diga que o Goberno galego estivo desaparecido. Xa lle estou dicindo que nós mesmos fomos os que faciamos todas as predicións, cada cambio de vento ou cada cambio de marea, para pasarllas á torre de control para que utilizaran eses datos por se había algunha vertedura.

Eu non sei se saio na prensa ou non saio, é que non me preocupo en absoluto. Eu do que me preocupo é de traballar pola defensa dos intereses do sector pesqueiro. E, como vostede me di que nada cambiou, eu dígolle que si cambiou, que se teñen mellorado todos os barcos grandes do Servizo de Gardacostas para poder estar máis preparados para un caso dunha situación como a que se deu no *Blue Star*; que temos os helicópteros contratados 24 horas ao día os 365 días do ano, cunha resposta efectiva de dez minutos; que firmamos un contrato coa Emsa, coa Axencia Europa de Seguridade Marítima, para ter o *Ría de Vigo* á disposición de calquera accidente que se produza na nosa costa; que somos a comunidade autónoma que ten máis medios á disposición de Salvamento Marítimo do Goberno central para que se poidan utilizar. Somos a comunidade autónoma pioneira neses casos, participamos en 15 proxectos a nivel comunitario, dos cales resultamos premiados en tres. ¿Que máis quere que lle diga eu?, ¿que non saio nos periódicos? É que non me preocupa. A min o que me preocupa é dicir que o accidente do *Blue Star* se resolveu dunha maneira positiva, que non houbo contaminación na zona, e que agora... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Houbo contaminación na zona, señora Prado? ¡Home!, tres metros cadrados, pero non houbo contaminación, porque hai contaminación se pode afectar os recursos, e non afectou ningún tipo de recursos, señora Prado. Vostedes o que estaban desexando é que aparecera outro *Prestige*. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Aquí si que o estaban desexando, pero no tempo que vostedes estiveron formando parte dun goberno bipartito, nin un só medio puxeron, non actuaron de ningunha maneira para mellorar o servizo.

Mire, volve dicir máis, o que fixeron durante os catro anos do Bipartito. Naquel momento, no ano 2005, cando nós marchamos do Goberno, quedaba un plan de loita contra a contaminación mariña aprobado, que lle daba competencias ao conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos naquel momento. Cando chegou o Bipartito ao Goberno, ¿sabe o que fixeron? Dende a Consellería de Pesca, o primeiro que se fixo foi cederlles as competencias á Vicepresidencia do Goberno. Iso foi o que fixeron no Goberno bipartito. Cando nós chegamos ao Goberno, entendemos que quen tiña operatividade, quen tiña as persoas e quen tiña os coñecementos e os medios era a Consellería do Mar, e volveron esas competencias á Consellería do Mar. Esa é a diferenza entre uns e os outros. (*Aplausos.*) Aí non me vai encontrar a min nunca, señora Prado, nin vou competir con vostede na dor que se xera cada vez que se perde unha vida humana, porque o seu será moi grande, pero o meu pódolle asegurar que tamén. Non vou competir nesa historia.

E nunca farei política. Eu fago política porque eu decido —claro que si— cara a onde quero levar o meu sector, e iso si que é facer política. É política decidir onde se meten os recursos e ampliar os medios para o salvamento marítimo; iso é facer política. Xogar a pedir que veña outro *Prestige*, iso non é xogar á política.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quintana. (*Murmurios.*)

Silencio. (*Murmurios.*)

(*A señora Prado Cores pide a palabra.*)

Señora Prado, ¿para que quere o uso da palabra?

A señora PRADO CORES: Polo artigo 76.3. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Espere un segundiño, que agora mesmo lle digo. (*Murmurios.*)

¿Cal é a expresión que afecta o decoro?

A señora PRADO CORES: A expresión, repetida en dúas ocasións pola conselleira, a señora Rosa Quintana, de que o BNG está desexando e traballando para que veña outro *Prestige*. (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Mire, señora Prado, olvídese...

A señora PRADO CORES: Parécenos... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, mire.

A señora PRADO CORES: ¡É indecente!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, non, non.

A señora PRADO CORES: ¡É in-de-cen-te!

A señora PRADO CORES: ¡Non, non, non! (*Murmurios.*)

Non, mire... ¡Señora Prado! (*Murmurios.*) Señora Prado, aquí está no debate. (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non. (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Xa está! (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) Non está no uso da palabra. (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Non está no uso da palabra! (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Non está no uso da palabra! A quen lle toca aplicar o Regulamento é a min.

Chámooa á orde. (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Chámooa á orde nunha primeira ocasión! (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*)

Chámooa á orde. Xa estou aplicando o Regulamento. (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) Chámooa á orde. Queda anotado. (*Murmurios.*)



Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e media da tarde.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Boas tardes.

Retomamos a sesión e continuamos no punto de interpelacións.

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre a política do Goberno galego en relación co cambio climático

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Boa tarde.

Boa tarde, conselleira.

¿Que lles parecería se eu comezase a miña intervención falando das emisións de gases de efecto invernadoiro e dixese: *Esto no va de quien la tiene más larga. Los del fondo, que os veo muy preocupados, no os preocupéis, no os preocupéis tanto.* Pareceríalles —supoño— unha frivolidade e unha falta de seriedade moi grande pola miña banda. Pois nesa frivolidade é na que viven na Dirección Xeral de Calidade Ambiental. Esa foi unha das frases, un dos parágrafos —lástima que non estea o señor Blanco Paradelo— non sectarios que se verteron o outro día, hai máis ou menos quince días, na presentación da Estratexia galega do cambio climático e da enerxía 2050; unha presentación oficial e aparentemente formal na que estaba vostede, conselleira.

Esto no va de quien la tiene más larga, efectivamente, nin sequera de comprar chinadas nos chinos e cousas así, que se dixeron aquel día, que son frases que é mellor non volver repetir. Isto vai de algo moi serio. Vai de que, ou loitamos contra o cambio climático, ou desaparecemos. Diso é do que vai.

Onte o Grupo Mixto pedíanos que acordásemos, entre outras cousas, declarar a Galicia en situación de emerxencia climática, e xa a declaráramos —é verdade— no Debate do estado da Autonomía. E, claro, vostedes votaron a favor porque a proposta era súa, evidentemente, non era da oposición, porque xa se falara diso con anterioridade e vostedes decidiron calar.

É un acto simbólico, unha declaración simbólica. Pedían máis cousas dende o Grupo Mixto, e vostedes votaron en contra esta mesma mañá a última hora. Calquera cousa que viñese dende a oposición, relacionada coa loita, a mitigación e a adaptación ao cambio climático, vostedes votarían en contra. Pero, curiosamente, a semana pasada no Parlamento europeo votaban a favor. Votaron a favor 429 europarlamentarios, 225 en contra e houbo 19 abstenções. Votaron a favor conxuntamente os liberais, os socialistas e os verdes; vostedes están no grupo dos populares e alí houbo unha escisión, houbo un non acordo, porque hai unha parte que nega o cambio climático. Curiosamente, os eurodeputados españois do Partido Popular votaron a favor da loita contra o cambio climático, e, sobre todo, foron un pouco máis alá e votaron a favor de pedirlle á Comisión Europea que eleve o obxectivo de redución de



emisións de dióxido de carbono para 2030 dun 40 % a un 55 %. É dicir, votaron a favor do que se está a pedir no Cumio do clima e do que está a pedir o presidente do Goberno de España. Curiosamente, nesa Estratexia de cambio climático que é como o maná, as pretensións de redución de emisións que vostedes fan son dun 24,6 %, nin sequera a metade dese 55 % que pediron os seus deputados, os seus europarlamentarios que votaron a favor.

Vostedes que van tanto de que nós non nos poñemos de acordo e non sei que, parece ser que vostedes tampouco teñen moi claro que é o que votan en cada sitio; vese que en cada sitio votan cousas completamente distintas.

Os europarlamentarios votaron tamén a favor de pedirlle á Comisión Europea avaliar o impacto ambiental de cada iniciativa de lei. ¿Por que? Pois porque hai que frear o incremento da temperatura e manter ese incremento por debaixo do grao e medio. ¿Por que? Pois porque, se sobe, polo menos un 20 % do ciclo da auga vai variar; porque, se sobe, vai diminuír a produción de cereais nas zonas tépedas e tamén nas zonas tropicais. Galicia non é tropical, polo menos de momento. Porque, se sobe, algúns hábitats únicos van desaparecer. Porque, se sobe, as enfermidades de transmisión como consecuencia dos alimentos ou da auga vanse incrementar. E porque, se sobe esa temperatura, subirá o nivel do mar.

Nese diario que vostedes len con frecuencia, como se dicía esta mañá, o outro día saía un estudo que dicía que van acabar desaparecendo o Castro de Baroña ou as dunas de Corrubedo, e moitas máis partes da costa de Galicia.

É verdade que esta estratexia contra o cambio climático non é unha lei, non veu a este Parlamento e, polo tanto, os grupos parlamentarios, como tales grupos parlamentarios, nunca puidemos facer aportacións porque non é unha lei. É verdade que vostedes dixeron que fora aberta, que invitaran a todo o mundo, pero, curiosamente, das organizacións que máis enarboran a bandeira da defensa do medio ambiente dende hai décadas e que máis saben de defensa das costas e do cambio climático, como Greenpeace, non sabían nada dese acto, ninguén os invitara. Estaba a alcaldesa de Marín, iso si, en representación de todos os alcaldes de Galicia. Curiosamente, é deputada do Partido Popular no Congreso e alcaldesa de Marín polo Partido Popular. Pero Greenpeace non estaba porque ninguén os chamara, ¡ninguén os chamara! De feito, dixeron, ¿iso cando vai ser? Pois está sendo. Vostedes prescindin de determinadas organizacións que quizais sexan molestas, señora conselleira.

Nós queremos que a Comisión Europea acepte esas peticións dos europarlamentarios, tamén dos europarlamentarios do Partido Popular, porque o que se acordara no Acordo de París é insuficiente para a loita contra o cambio climático.

Precisamos un novo modelo de vida; un novo pacto social baseado na loita contra a desigualdade; un novo modelo económico que se basee na sustentabilidade, no respecto aos ecosistemas e ao patrimonio natural; e un novo marco normativo que inclúa determinados sectores que vostedes prefiren deixar fóra: o enerxético, a industria, o turismo, a agricultura ou os residuos. E necesitamos facelo con urxencia, non vale facelo de boquilla a través dunha estratexia que fale mal dos chinos. É necesario facelo en serio, en serio, non de *chow chow*. O *chow chow* xa non vale porque xa imos moi tarde, e imos tan tarde que



estamos na metade do que se está a pedir de emisións no Parlamento europeo á Comisión Europea.

Hai un estudo, o Estudo de emerxencia climática en España, que coñecemos estes días, elaborado polo Observatorio de sustentabilidade, di que Andalucía, Cataluña, Castela-León, Asturias e Galicia son as comunidades autónomas de España que máis gases de efecto invernadoiro emitiron á atmosfera entre o ano 1990 e o ano 2018. Nos últimos, entre 2018 e 2019, Galicia mellorou, pero mellorou polo peche de Meirama, xustamente.

Tamén di que hai que descarbonizar a economía necesariamente, poñendo un prezo alto ao carbón. Vostede, con relación ao carbón, pouco falou. Fala moito o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, que di que moi mal o Goberno de España, moi mal Pedro Sánchez, porque decide pechar a térmica das Pontes. Pois, curiosamente, Endesa chega e di: non, non, ímola pechar nós, e ademais non vai alongar a súa vida máis alá do ano 2022.

Hai que deixarse de frivolidades, falar con seriedade, con contundencia e con urxencia. Tamén poderían vostedes facer, por exemplo, un plan para que a construción variase. Vostedes, ante as nosas preguntas, simplemente responderon hai un par de días, con relación aos edificios públicos, que a Xunta rehabilitou a envolvente térmica dalgúns edificios públicos, e a nós, polo menos, énos moi difícil de cuantificar, non sabemos cantos son eses algúns.

En residuos, no ano 2020 temos que estar nun 50 % de residuos de reciclaxe separada en residuos urbanos. E segundo o Instituto Nacional de Estatística, no ano 2017 vamos nun 15 % de residuos separados. Pero é que no 2016 estabamos nun 14,82 %, é dicir, subimos a escandalosa cifra dun 0,18 % grazas ás súas políticas, que, efectivamente, son moi efectivas.

Vostede seguro que nos vai dicir que xa ten aprobada a estratexia, que xa votamos a favor no Debate do estado de Autonomía...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...—si, remato xa— e que xa está todo feito.

A verdade é que quedei impresionada dese acto, que eu diría acto político...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...de presentación da estratexia, e gustaríame que vostede veña tamén aquí facer un acto político...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: ...e nos conteste.

Grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
Boa tarde, señor presidente.

Boa tarde, señores deputados e deputadas.

Non me deixa de sorprender a señora Vilán día tras día, e a verdade é que despois dun acto de catro horas no que estaba representada a sociedade galega porque se convidou a todo o mundo, incluídos os grupos parlamentarios, onde estaban as universidades, que deron o seu visto e praxe á Estratexia galega de cambio climático e enerxía, vostede se quede tan só con dúas frases. ¡Que pobreza, señora Vilán!, ¡que pobreza!

A partir de aí... (*Aplausos.*) ...se alguén di algo de China e de repente ten un erro e di chinadas en vez de China, é que vostede non está de acordo co comercio de proximidade, é que está instando os galegos e as galegas a que se compren produtos de China. Non están instando os galegos e as galegas a que compren produtos de proximidade e evitar así emisións de CO₂. A iso é ao que se refería, pero vostedes imaxínense como se pode terxiversar algo e chegar aquí ao Parlamento, que é serio, e dicir unha tras outra sen máis, fóra de contexto. ¡Un pouco de seriedade!

Por outro lado, por outro lado... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É que non vou repetir iso, señora Vilán. Foi unha directora que falou ao longo dunha hora, onde había 200 ou 300 persoas que representaban a Galicia, e resulta que foi vostede a única que se sorprende de dúas frases en concreto. ¡Fáleme vostede da estratexia! ¿Analizou os datos? ¿Colleu os datos? ¿Leu a estratexia? Porque igual poderíamos chegar a ter maiores consensos.

Dito isto, tamén lles direi que Galicia está representada na COP, que ademais faino o día da clausura, faino o día 13, e alí presentará a súa estratexia. Só catro comunidades, señora Vilán, teñen feita a Estratexia de enerxía e cambio climático, o Goberno nin sequera ten a estratexia feita, e véñennos aquí falar de eurodeputados. Fáleme de Galicia, porque Galicia non é o problema, señora Vilán, Galicia é a solución. ¿Sabe vostede cantas emisións aporta a nivel mundial Galicia? O 0,05 %. ¿E sabe vostede cantas aporta a nivel Europa? O 0,6 %. Polo tanto, pídalle ao seu goberno que se poña a traballar e que as emisións se reduzan a nivel nacional, porque, por exemplo, en Estremadura o incremento de emisións supera o 50%, e en Galicia, nos últimos dez anos, reduciuse nun 4,7 %.

Dito isto, igual que esta conselleira, xunto con técnicos da Consellería de Sanidade e tamén de Industria, estarán representados na COP, e onte, convidada por outras organizacións, estivo a conselleira de Infraestruturas, seguiremos traballando. Seguiremos traballando nun eido, e cando falamos de residuos e falamos dos tantos por cento, temos que falar tamén de concellos, señora Vilán. Polo tanto, nós imos acadar a neutralidade climática.

Acúsaseme de que non falo de Endesa, de que non falo do carbón. ¿Hai que descarbonizar? Si. Pero ¿hai que facelo con xeito? Tamén. ¿E dunha maneira programada? Por suposto. ¿E



que Endesa investiu 250 millóns de euros para a modificación...? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Efectivamente, 250 millóns. ¿Danse conta de que ten que ser a frase en si, porque nunca se equivoca a señora Vilán? Por suposto.

Señora Vilán, son 250 millóns de euros (*Aplausos.*) para a modificación da autorización ambiental integrada, e iso é porque había un futuro e porque a descarbonización era no 2050, non era no ano 2019, esa é a realidade.

Acusásenos a todos de non facer o noso traballo, de que eu non quero falar de carbón, ¡por suposto!, porque é compatible o desenvolvemento económico, a sostibilidade e a neutralidade climática. Ademais, como vostede estivo presente na presentación da estratexia, saberá que foron dous anos continuados de traballo onde, ao parecer, non poden aportar nada os grupos políticos porque, se non vén aquí, non sae publicado nin poden facer as aportacións pertinentes, ¿non? ¡Pois se vostede o di...! Hai outras organizacións que si o fixeron. ¿O PSOE non o fixo? Pois aínda está vostede a tempo de realizalo.

Nós seguimos traballando, e seguiremolo facendo, polo Pacto de alcaldes para o clima e a enerxía. Neste momento hai cento cincuenta concellos adheridos, e estámolos asesorando de xeito personalizado porque hai singularidades en Galicia e o tratamento non pode ser o mesmo nunha gran cidade que nun concello de montaña ou nun concello moi rural, e para iso presentamos aquí orzamentos. De repente tamén podemos falar de orzamentos a nivel nacional para facer certas estratexias e resulta que non os temos enriba da mesa, pero Galicia si que os ten. E para ese pacto de alcaldes duplicamos os orzamentos. E hai alcaldes de todas as ideoloxías, señora Vilán, non é cuestión de enumerar unha a unha, aínda que a vostede lle molestase que en representación de todos os alcaldes estivera a alcaldesa de Marín. ¿Por que se fixo? Porque é muller, porque é moi proactiva e, simplemente, porque o resto dos concellos se ven representados na alcaldesa de Marín, aínda que a vostede non lle guste.

Pero centrémonos no que é a realidade en si e, polo tanto, centrémonos no que é o traballo que está levando a cabo a Xunta de Galicia. Só catro comunidades teñen estratexia, Galicia tena. Pero non só estratexia. E non só nos situamos como unha comunidade á vangarda —e así nolo recoñecen non só a nivel nacional, señora Vilán, senón tamén a nivel europeo—, somos das comunidades máis proactivas en canto á Estratexia do clima e cambio climático se refire.

Polo tanto, deseñada esta estratexia, planificada a mesma, dobre obxectivo. Facer de Galicia un referente, como está sendo agora mesmo, no cambio cara a un modelo económico e de consumo baixo en emisións —aínda que despois lles chame a atención que digamos que mellor é comprar produtos locais que comprar os que veñen de China—. E converter a Galicia en parte activa e de solución ao problema do cambio climático, como así o está sendo.

Por iso, imos seguir traballando —estámolo facendo—, e despois da estratexia comezamos co Plan rexional integrado de enerxía e clima 2019-2023, con 170 medidas, onde están dende os residuos ao turismo —turismo de calidade, turismo verde, turismo sostible e dinamización—, poñendo tamén en valor o noso rural e as nosas cidades. Son 1.250 millóns de euros, a través dun traballo realizado por todas as consellerías no que se amosa un compromiso do Goberno



galego contra o cambio climático, fomentando un modelo enerxético baseado en enerxías limpas e na mellora da eficiencia de todos os sectores, impulsando a innovación e a investigación.

O Goberno galego aspira a que Galicia sexa un referente. Faino, ademais, poñendo en valor dous ámbitos: un é o sector primario, que é parte da solución; e outro son os nosos bosques, que temos a obriga de coidar, de mimar e de ampliar, que forman parte da absorción porque non imos ser capaces de deixar de emitir todo, poñendo en valor a nosa propia natureza e orografía, que son privilexiadas, para fomentar as enerxías limpas. Enerxías limpas que despois tamén son criticadas, porque, se non é un grupo é outro, vostedes non se poñen de acordo.

Os residuos e o turismo tamén contan como obxectivos e liñas concretas definidas dentro desta estratexia e dentro do Plan rexional integrado de enerxía e clima 2019-2023. Pero xunto con esta estratexia temos a da economía circular, que aprobaremos, señora Vilán, antes de que remate o ano.

Falando de leis, terán vostedes a oportunidade de facer as contribucións —a poder ser, que sexan positivas— na lei de residuos, que tamén traeremos a este parlamento antes de que remate o ano 2019. Polo tanto, Galicia vai xerar novas oportunidades, e tamén son oportunidades empresariais de negocio, de emprego verde e de fixación de poboación.

Aumenta o grao de coñecemento da cidadanía sobre o cambio climático, e debemos seguir aumentándoo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): E xunto coa estratexia mellorará a vida dos galegos e das galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Rolda de réplica. Ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Conselleira, eu non vin aquí para dicir ningunha frase que non se dixese nese acto, simplemente repetín dúas frases. E o terrible, o terrible desas frases non foi que as dixese eu nin que as dixese outra persoa, nin que se dixesen neste Parlamento, o terrible é que nun acto oficial da Xunta de Galicia a máxima responsable técnica da súa consellería na loita contra o cambio climático permitiuse o luxo de facer ese tipo de comentarios. Iso é o terrible, conselleira, porque é a persoa que está á fronte da loita contra o cambio climático na súa consellería, nunha dirección xeral.

Señor Trenor, se ten algo máis que dicir, pode vir aquí e contarmo, porque de verdade que molesta vostede...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Señor Trenor!



A señora VILÁN LORENZO:

É como o típico can que está por detrás *ñam, ñam, ñam, ñam*. (Risos.) ¡Molesta vostede moitísimo, de verdade!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Trenor, vostede ten unha chamada á orde e está moi próximo da segunda. E alégrome, señora Vilán, de que se dea conta de que iso de estar *ñam, ñam, ñam, ñam*, fastidia mogollón.

A señora VILÁN LORENZO: É verdade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Trenor, silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio!

A señora VILÁN LORENZO: Vese que hai varios que se suman ao coro. Non hai un só.

Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Trenor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora VILÁN LORENZO: Seguimos, seguimos, vai ser mellor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non sei, ao mellor é que non se pode continuar.

Curiosamente, nese acto oficial vostede, señor Trenor, non abriu a boca. Non lle molestou o de *quien la tiene más larga* nin o dos chinos, non lle molestou nada. Agora si, molesta que eu o repita aquí, no Parlamento de Galicia.

Por certo, non estaba representada toda a sociedade galega. E, curiosamente, agora veñen vostedes con que estaba a alcaldesa de Marín porque é muller. Pero é muller do Partido Popular. Hai moitísimas alcaldesas en Galicia, pero xustamente estaba a alcaldesa de Marín.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora VILÁN LORENZO: Pois é curioso, jé moi curioso! De verdade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora VILÁN LORENZO: Pero fíxose porque era muller, non se fixo porque fose do Partido Popular. Iso non. Nós somos todos moi mal pensados.

Imos ver, conselleira, temos a fábrica máis contaminante de todo país en Galicia. En emisións imos —non o digo eu— por debaixo da metade do que se está a pedir por parte do Parlamento Europeo á Comisión Europea; por debaixo da metade, un 24,6 %. Esa é a súa previsión na estratexia. Vén na estratexia, non o estou inventando, vén na estratexia. Vostede non o negou, quere dicir que aí vén. Cando para o 2030 se está falando dun



40 % e se lle está pedindo á Comisión Europea que o suba a un 55 %, vostedes están nun 24,6 %. Non sei se foi unha cifra que puxeron hai dous anos, cando comezou a estratexia, que non a revisaron e por iso está aí. En residuos imos nun 15 % de recollida separada, ¡nun 15 %! No ano 2020 temos que estar nun 50 % en urbanos, conselleira. A ver como van facer vostedes para dar ese salto do 15 % ao 55 %. Estaría ben que nolo contestase.

Vostede di que lle gusta falar do carbón. Que é compatible a industria coa neutralidade climática. Supoñemos que non será a industria do carbón, supoñemos que será outra, porque todos os técnicos do mundo, salvo vostede e a súa directora xeral de Calidade Ambiental, pensan outra cousa diferente, porque non é compatible. De feito, o que está a facer a Unión Europea é exixirlles aos países que pechen as súas térmicas. E Endesa di que a vai pechar no ano 2022. Vese que o resto vivimos noutro mundo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora VILÁN LORENZO: E di vostede que nós criticamos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! Silencio, señor Tellado.

A señora VILÁN LORENZO: ¡Que cousa, de verdade! Vostedes van ter que tomar unha tila despois de comer..., ou antes, non sei.

Vostede di que criticamos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! Señor Tellado, ¡non está vostede no uso da palabra!

A señora VILÁN LORENZO: Fale vostede con Endesa e a ver que lle din. Porque nós aquí, dende logo, non somos os donos da térmica, é Endesa. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! Señor Tellado, chámoo á orde. ¡Isto é fantástico!

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

E logo di vostede que criticamos —cando non son uns, son outros— as enerxías limpas. Nós non criticamos as enerxías limpas. Critícanos a vostedes dende o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia cando ditan un auto e din que vostedes non están protexendo o medio ambiente como exige o artigo 45 da Constitución. Iso é o que din no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, non o dicimos nós, conselleira.

Non me contestou practicamente a nada do que lle preguntei. O malo está en que o mundo avanza, avanza ao 55 %, e vostedes quedaron no 24,6 %. Van vostedes no coche dos Pica-piedra cando o resto do país vai no coche eléctrico. Esa é a diferenza, ese é o problema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, era a pedales. Era a pé.



Conselleira, se seguimos así, vai pasar isto. Este non é o río Furelos, é calquera outro río de Galicia. Porque se fose o río Furelos, o cabalo estaría desintegrado e morto. Pero é certo que isto é o que vai pasar se imos ao ritmo dos Picapiedra que van vostedes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que ás veces un vén aquí e di: en realidade vimos perder o tempo. Veñen vostedes dicir que están traballando sen traballar. Céntrase vostede en dúas frases dunha directora, e a miña pregunta é: ¿algo que obxectar da Estratexia de cambio climático e enerxía 2050 de Galicia? A miña pregunta é: ¿que comunidades autónomas son as que teñen estratexia? De repente, o señor Sánchez dixo que as emisións ían ser aínda moito menores. E ¿onde está a estratexia a nivel nacional? ¿Que fixo o Ministerio de Transición Ecolóxica? ¿Que fai o señor Sánchez máis que improvisar e pechar industrias? Dá igual, que en Alemaña hainas e non ocorre nada, en Portugal hainas e non ocorre nada, pero de repente o problema está única e exclusivamente na industria. Hai algo que se chama transición ecolóxica ordenada, que é o que non están facendo nin o señor Sánchez nin a ministra. (*Aplausos.*) Esa é a realidade. A partir de aí, titular tras titular, e se pode ser alarmismo, moito mellor.

Eu púxenlle datos enriba da mesa, e vostede é imposible que os rebata porque tampouco rebateron a estratexia. E eu dígolle: ¿cantas emisións aporta Galicia a nivel España? O 8,6 %, señora Vilán. O 8,6 % de emisións de CO₂. É que parece que emitimos o 80 %. E despois dígolle: hai comunidades, como a de Estremadura, que incrementaron un 50 % nos últimos anos as súas emisións. ¡Ai, pero resulta que o problema está en Galicia! Que non está en Galicia o problema, señora Vilán, que en Galicia está a solución. Poña vostede en valor os galegos e as galegas. Poña vostede en valor as universidades galegas, que son as que lle deron o beneplácito á estratexia. Poña vostede en valor os técnicos, e non intente dicir que en Galicia non se fai nada porque en Galicia se está facendo todo e máis. Falamos de estratexia, só catro comunidades teñen estratexia.

Na COP vaise presentar a estratexia non só para España, senón a nivel mundial, porque así nolo requiriron e porque así nolo pediron, señora Vilán. Pero é que tamén temos a Estratexia de economía circular. Dígame, ¿ten o Estado a Estratexia de economía circular feita? Tamén era a súa obriga. ¿Que estiveron facendo ata o de agora para non tela?

Pero tamén presenta a nosa lei de residuos, e Galicia vai chegar ao vertido técnico cero no ano 2020, señora Vilán. Iso si, esqueceuse de que aquí hai competencias, e unhas son da Xunta de Galicia e outras non son da Xunta de Galicia, outras son dos concellos, e aí estaremos nós para amparalos e para apoialos, e facémolo cun incremento substancial nos orzamentos, de maneira que opten pola reciclaxe, de maneira que instalen o quinto contedor, o



contedor marrón, e, polo tanto, que cumpran coas súas obrigas. É máis, falabamos de compostaxe e orzamentáronse 25 millóns de euros, dos que 5 se van investir nunha nova planta. Unha está en Sogama, entra en funcionamento.

Por suposto, téñense que adherir os concellos. Parece que non se enteran de aquí hai unhas responsabilidades e unhas competencias, e os concellos son libres para facelo. E nós apoiámoslos para que cumpran e, polo tanto, non haxa sancións. E no ano 2020 están orzados 5 millóns de euros para unha nova planta pública de compostaxe que se fará nunha das outras tres provincias, que previsiblemente será na de Pontevedra.

Polo tanto, a Xunta de Galicia está facendo o seu traballo. A Xunta de Galicia está un paso por diante do resto das comunidades autónomas, pero é que é máis, a Xunta de Galicia está moi por diante do Estado no que se refire a estudos e estratexias, pero non só estudos e estratexias, senón tamén orzamentos co fin de implementar sistemas para a investigación e, polo tanto, chegar á neutralidade climática no ano 2050.

Moitas grazas e nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre a política do Goberno galego en materia de atención pediátrica

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor Almuíña.

O pasado pleno preguntabamos precisamente pola atención que recibía por parte da Xunta de Galicia —a falta de atención, máis ben— o servizo da cociña do Hospital de Ourense, e hoxe, desgraciadamente, temos que estar aquí trasladando un tema non menor, senón moito máis preocupante, como é neste caso a perda do paridoiro no Hospital de Verín a raíz do recorte do Servizo de Pediatría.

No pasado pleno xa remarcamos que, probablemente, a provincia de Ourense sexa a máis desatendida en materia sanitaria por parte do Partido Popular. E xa trasladamos noutras ocasións as dificultades que existían en relación coa falta de fisioterapeutas, a falta de matronas en atención primaria, os recortes dos hospitais comarcais e un longo etcétera que culmina esta semana —casualidade ou non, xa estaba convocada a mobilización— con esa gran mobilización na que, como xa dixemos onte, hai que felicitar non só a dignidade dos profesionais e das veciñas e dos veciños de Verín, senón tamén a das persoas que se achegaron das outras áreas sanitarias que corren o risco de ter a mesma sorte de perda de servizos, porque, evidentemente, os datos que se ofrecen en relación co asunto do número de partos é moi semellante noutras áreas sanitarias como pode ser a do Barco de Valdeorras.



Pero entremos nesta cuestión. Vostede veu aquí tamén —de feito o BNG preguntoulle nalgún pleno relativamente recente— pola cuestión da pediatría en Ourense. E díxose a aquela altura que non se substituían os pediatras porque non había, pero que vostedes estaban a facer un grande esforzo para buscar os substitutos e as substitutas deses pediatras. Soamente un par de semanas despois vostedes suprimiron esa praza e pecharon o paridoiro. Polo tanto, señor Almuíña, vostede hoxe aquí debería anunciar a súa dimisión porque a súa palabra como conselleiro de Sanidade non vale absolutamente nada, señor Almuíña. ¡Nada! ¡Non vale nada! (Aplausos.)

Prometen vostedes unha serie de cousas que non cumpren, pero ademais cren que a xente, a cidadanía de Verín neste caso, a da provincia de Ourense, as galegas e galegos, non teñen madurez suficiente para entender que os están enganando. Trasladámolo pola mañá e xa sei que non había área propia. Cando discutimos o que pasaba coas EOXI, dixeron que estábamos enganando cando dicíamos que se ían perder servizos nos hospitais comarcais, e estámolo vendo agora. Porque o problema non é que só en Verín —é o problema maior neste momento— se perda o paridoiro, é que se perde dermatoloxía, é que non hai anestesiastas suficientes, é que non hai medicina interna, é que non hai persoal para as plantas, esa é a tónica xeral dos hospitais comarcais, porque vostedes son un goberno que odia o rural e odia a equidade sanitaria. (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: É a realidade, demóstrase con feitos. ¡Demóstrase con feitos! (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, señor Vega. ¡Silencio!

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Pechar servizos é ter odio aos dereitos que teñen os cidadáns que viven no rural. Non se pode anunciar aquí que vai ser a lexislatura do rural e retirar continuamente servizos. Dixémolo tamén no debate de onte.

¿Para que van traer unha lei de demografía se non vai quedar ninguén que poida ter fillos cando rematen as actuacións do Partido Popular neste sentido? A xente vaise, hai menos nacementos, pero se vostedes retiran os servizos, o problema crece exponencialmente. A xente vaise porque non hai servizos, se os retiramos, o problema, obviamente, só vai engordar. Esa é a realidade.

Hoxe queríamos trasladar esta interpelación que rexistramos un par de semanas antes precisamente polas dificultades que denunciaba o xefe de servizo de Pediatría do Hospital Universitario de Ourense, do Complexo Hospitalario, que recoñecía que se estaban adiando continuamente consultas de pediatría porque non había persoal suficiente para atendelas. A cuestión da pediatría tratouse nesta Cámara en innumerables ocasións, e queremos saber que é o que están a facer vostedes, porque a teor do que están a facer pechando servizos, non están facendo nada para solventar a situación, ¡nada! E se xa había problemas en atención primaria, o que xa nos faltaba é que se eliminaran as gardas de pediatría dos hospitais, ¡o que xa nos faltaba!, ¡o que xa nos faltaba!



Esta mañá escoitamos unha serie de afirmacións por parte do presidente da Xunta, que ademais repiten as dos días anteriores, que eu creo que deberían rectificar, e non só xa porque llelo pidan as mulleres, porque llelo pidan os profesionais da sanidade, porque llo pida o Partido Popular de Ourense, non só por iso, senón porque dicir que isto é unha cuestión de comodidade, que as protestas son pola comodidade das mulleres, ¡hai que ter valor para vir aquí afirmar unha cuestión como esta!

Estamos falando dun problema de equidade sanitaria, e unha persoa que viva na Mezquita ten que ter os mesmos dereitos que unha persoa que viva en Vigo, e unha persoa que viva en Ribadeo ten que ter os mesmos dereitos que unha persoa que viva en Lalín. (*Murmurios.*) A situación é que non se están cumprindo eses dereitos, e afectan neste caso...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...ás persoas máis vulnerables, que son as nenas e os nenos.

¿Para que serve celebrar o Día da nena e do neno, que se cumpriron agora trinta anos desa declaración, dese momento no que os nenos e nenas foron entendidos como suxeitos de dereito, se despois lles retiramos os dereitos que teñen a unha asistencia sanitaria de calidade?

Os profesionais —vostede o sabe porque estiveron reunidos con eles— reclaman neste momento por escrito o protocolo de actuación, porque o problema xa non é só que vostedes pecharan o paridoiro, que, por suposto, exiximos aquí que se volte abrir ese servizo. O problema é que tampouco hai pediatra para trasladar os nenos e as nenas nos desprazamentos a Ourense, e un neonato non é un neno de catorce anos; un neonato non é un neno ou unha nena de catorce anos. Díganme quen vai ir desprazado, dos diferentes concellos de toda a área, cando teñan que irse desprazados ao hospital de Ourense ou a Vigo, porque lembramos unha vez máis que seguen vostedes sen repor o Servizo de Cirurxía Pediátrica, e pode haber un neno ou unha nena que teña que percorrer 200 quilómetros para ir a un servizo urxente sanitario. ¿Que tipo de equidade e de dereitos dos menores se está ofrecendo no noso país?

Por iso, hoxe trasladamos esta interpelación, parécenos un asunto moi grave. Eu lamento moito ter escoitado o que escoitei esta mañá, porque ademais é un discurso absolutamente clasista, no que se puñan en valor os profesionais médicos do hospital grande, do da cidade, os outros valen menos; pero bueno, as matronas xa nin valen, porque a opinión das profesionais que atenden os partos, mellor nin a temos en conta. Creo que deberían, sinceramente —dígollo como recomendación, como muller e como sanitaria—, revisar ese discurso, porque ademais fan moi fraco favor ao noso sistema sanitario. A calidade asistencial dentro do paridoiro de Verín é excelente, e non só porque o digan os sanitarios, senón porque figura, evidentemente, nos datos que a Consellería ten en relación coa supervivencia, a atención ás enfermidades que poden ter os recién nados, a atención que se dá no parto, o Apgar de todos os recém nacidos que naceron nos últimos anos no centro. Cuestionar ese elemento, tratar un parto como se fora un elemento absolutamente efémero, é, dende logo —creo—, polo menos pouco axeitado, e o discurso que se deu aquí bastante clasista; nin sequera se escoitou ás matronas que traballan no centro, nin tampouco ao resto de profesionais médicos que traballan no centro.



Comparouse o parto cun infarto, outra comparación absolutamente desafortunada, e xa se lle dixo aquí onte —non sei se vostede estaba escoitando o debate que houbo nas mocións desa xornada de pleno—, e ademais nunha provincia que non ten Servizo de Hemodinámica. Por certo, trasladábao o Partido Socialista, estamos agardando aínda que a doten dun servizo que vostedes comprometeron nunha lei hai uns cantos anos, ¿verdade?

Ademais, efectivamente, moitos partos non revisten dificultade, son partos normais que poden ser atendidos neste paridoiro, e cando existía unha complicación —un neno que vén en podálica, unha valoración que se fai por parte dos profesionais— que require un desprazamento, xa se recomenda ese desprazamento. Non se pode xustificar, e esconderse detrás dos profesionais sanitarios, da calidade asistencial, que se peche o paridoiro porque hai inseguridade. Os partos no Hospital de Verín eran cen por cento seguros, e os profesionais teñen suficiente pericia para saber cando é necesario o desprazamento dunha nai, ten suficiente pericia. Dígame vostede aquí se é que non se fía dos profesionais que traballan en Verín, dígame se non se fía das matronas, dígame se non se fía do xinecólogo, dígame se non se fía do pediatra que agora mesmo tivo que xubilarse.

E, en relación con isto, xa trasladamos á Comisión de Sanidade hai moito tempo que ía pasar isto, e estivemos varias veces no Hospital de Verín, porque ata tres veces prorrogaron a xubilación do pediatra. Non é que a última hora non atoparan un substituto, non; é que tres veces se prorrogou a xubilación deste profesional, que tiña que facer o traballo de atención primaria e as gardas do hospital, unha persoa que entregaba a súa vida a facer este traballo. Pero a irresponsabilidade de que non houbera un profesional é súa, porque as condicións de traballo —remato xa— son tan malas, señor Almuíña, tan malas, que deberían vostedes plantexarse...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...cos representantes dos traballadores cales son as primas que teñen que dar, cales son as condicións para intentar incentivar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...que teñamos pediatras, porque así non os van atopar. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes, señor presidente, señores deputados.

Na área sanitaria de Ourense, e concretamente nun dos distritos de Ourense e Verín, estamos a facer unha reordenación da atención obstétrica e pediátrica, unha decisión avalada pola evidencia científica e o criterio profesional. Unha decisión responsable que ten como obxec-



tivo prioritario a seguridade dos nenos e nenas recién nacidos e das súas nais, e tamén facilitar o traballo aos profesionais.

A asistencia obstétrica constitúe unha das actividades máis habituais nos hospitais galegos, ao ter sido o parto o proceso habitualmente máis frecuente entre a nosa poboación.

Se toda a actividade asistencial supón riscos, na atención obstétrica e pediátrica é onde a súa minimización acada unha especial importancia, dadas as potenciais consecuencias que poden derivar, tanto para o neonato como para a nai, así como para o contorno familiar e social.

É coñecido que o descenso da natalidade é un dos retos máis importantes que temos que afrontar as sociedades modernas, especialmente no coñecido como o primeiro mundo. Esta baixada de natalidade, especialmente en determinadas áreas, vén facendo que mude por completo a situación respecto dos partos e obriga a adoptar decisións organizativas baseadas —como dixen anteriormente— na evidencia científica e a través de informes técnicos, nos que debe primar, por enriba de todo, a seguridade dos nenos e nenas e das nais e, por suposto, tamén a calidade do servizo.

España e Galicia —e, por suposto, a área sanitaria de Ourense— non son unha excepción a esta baixada de natalidade. Desafortunadamente, a comarca de Monterrei está moi afectada por esta baixa natalidade, as cifras indícanos así. Dende o ano 2010 a poboación da comarca diminuíu de 30.000 a 26.000, un 13,6 %. Ao mesmo tempo, as mulleres en idade fértil —as comprendidas entre 15 e 45 anos—, tamén dende o ano 2010, diminuíron un 26,6 %; e a proxección ao 2025 é que diminúa un 7,45 % máis. Isto condúcenos a unha dramática diminución dos nacementos; de 147 partos en 2010, a arredor de 60 neste ano, unha diminución de case o 60 %. Estamos a falar, por exemplo, de que no mes de setembro de 2019 se produciron dous partos no hospital, e no mes de outubro un parto e unha cesárea.

Os riscos dos partos. «O parto é, en efecto, un proceso natural, pero non carente de riscos» —iso díxo un xinecólogo, o doutor Rodríguez Zambrano—. O risco 1, o medio, é cando aparece algún dos vinte e oito factores de risco, que se pode deber desde a anemia leve ou moderada ata a sospeita de malformación fetal. De risco 0 —é dicir, fóra disto, fóra destes factores de risco—, o cálculo que hai en Verín é que habería ao ano dez ou quince partos. Ademais, a caída da natalidade acompáñase dun incremento na complexidade de atención aos embarazos debido a causas tales como o aumento da idade materna —trinta e tres anos a idade media en Galicia neste momento—, as xestacións múltiples, a obesidade e o sobrepeso, as técnicas de reprodución humana asistida, a comorbilidade obstétrica e incluso a comorbilidade social, que fai que un proceso como o embarazo ou o parto requiran cada vez maior especialización e maior uso de recursos.

En definitiva, o manexo do recém nacido é máis complexo e con maiores exigencias de pericia neonatolóxica e tamén de tecnoloxía. De feito, as mulleres con embarazo de alto risco —once neste ano— xa veñen sendo atendidas e parindo en Ourense —sen incidencias, por certo—, e non parece razoable que as de baixo risco teñan máis problemas de desprazamentos que as de alto risco. Tivemos que facer nove traslados no 2019; nenos que nacen no



Hospital de Verín e que se trasladan posteriormente por unha complicación. O problemático, ademais, é que nos primeiros seis meses foron dous, e nos seguintes cinco meses levamos trasladado sete nenos a Ourense unha vez que ocorreu o parto. Outra circunstancia que estamos padecendo é a escaseza de pediatras a nivel nacional, profesionais imprescindibles no momento do parto para unha correcta atención ao neno que acaba de nacer.

Todo isto levounos a tomar a decisión de atender os partos das mulleres da comarca de Monterrei no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense; unha decisión baseada na responsabilidade, tendo en conta, antes que ningún outro criterio, a seguridade dos nenos e as nenas e das súas nais.

¿E cales foron os asesores? Pois, mire, en primeiro lugar os profesionais sanitarios da área, os xefes de servizo de Obstetricia e Pediatría desta área; pero, xunto a eles, corenta e catro xinecólogos, obstetras e pediatras da área sanitaria de Ourense. As sociedades científicas: a Sociedade Española de Neonatoloxía, a Sociedade Galega de Pediatría, a Sociedade Internacional de Ultrasonidos en Obstetricia, o Colexio Médico de Ourense e tamén a Administración, o Ministerio de Sanidade, coas recomendacións de Maternidade hospitalaria, estándares e recomendacións, que falan de que onde haxa un paritorio debe ser unha área poboacional de referencia que xere unha demanda superior aos 600 partos ao ano, excepto por razóns de tempos de desprazamento ou accesibilidade que así o aconsellen, como en Galicia ocorre en diferentes lugares.

En Verín concorren estas dúas circunstancias: unha caída drástica do número de partos e unha distancia ao centro de referencia non superior a corenta e cinco minutos por autovía, tempo aceptable para garantir unha accesibilidade axeitada, comparable á doutras localidades que xa teñen o Hospital Universitario de Ourense como referencia directa.

Paralelamente, hai que indicar que o Hospital de Verín non ten Servizo de Pediatría desde o ano 2006, curiosamente gobernando o Bipartito. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Desde aquí, desde a Consellería de Sanidade, temos feito moitas accións que a señora deputada parece que non quere recordar, como que conseguimos, despois de moito esforzo e de moita insistencia, que nos acreditaran sete prazas máis de pediatra, e na próxima convocatoria teremos vinte e sete MIR de primeiro ano de Pediatría; ampliamos a idade da xubilación, que tamén aliviou de forma importante esta situación; e, desde logo, seguimos facendo OPE e estabilizando a nosa plantilla. De feito, creamos dúas interinidades no Hospital de Verín —o 26 de xuño foron publicadas—, ás que desgraciadamente non se presentou ningún candidato para poder ocupar esas dúas prazas.

Señorías, os mesmos que agora cuestionan unha decisión baseada nos informes técnicos que fundamentan esta decisión criticaríanos se con eses informes non tomásemos a decisión de reordenación. Preferimos tomar esta decisión antes de que teñamos que lamentar consecuencias irreversibles para unha muller ou para o seu bebé. Priorizamos a seguridade das nais, e sobre todo a dos recién nados, sobre as críticas que estamos recibindo.

E se a distancia que se establece dise en moitos casos que é unha barreira para chegar a tempo a un parto, evidentemente non é así, porque, desde logo, nunca un parto baixa das



tres horas e media. Como dicía antes, as mulleres embarazadas de alto risco —que neste ano foron once — xa están indo a Ourense sen ningunha incidencia. E en canto aos traslados de embarazadas, parto, ameaza de parto e hemorragia ante parto en toda Galicia, no ano 2019 serán aproximadamente 289 os que se fan con ambulancia. Dicir que a gravidade non é unha das causas dese traslado.

¿Que ten o Hospital de Ourense que non ten o de Verín para o parto e sobre todo para o tratamento —como dicía— e a atención ao neonato? Pois unha UCI de adultos para as nais, por exemplo, unha UCI pediátrica para os recién nados, e consultas de subespecialidades e especialidades de pediatría.

¿Elimínanse —dise tamén— as urxencias de pediatría en Verín? Non. En Verín —como dicía anteriormente— non hai Servizo de Pediatría, polo tanto, as atencións aos nenos, nese caso, fíanse ben desde os pediatras de atención primaria, ben no PAC, ou ben a través do Servizo de Urxencias, que ten unha capacitación, desde logo, para revisar, para atender aos nenos. Dentro do Programa de formación de residencia de médico de familia hai unha rotación por servizos de Pediatría, polo tanto, non é así.

Preguntaba pola lista de espera. Os datos a 30 de xuño eran uns datos eu creo que moi bos, cunha espera na cirurxía pediátrica de 36,9 días e unha demora de primeira consulta de pediatría no hospital de 7,2 días; ou, como dicíamos tamén, consultas e cirurxías todas elas realizadas nun período inferior a tres meses.

Estes datos, evidentemente, podían ter algunha variación estas últimas semanas polas dificultades que tivemos —como se dixo e se defendeu aquí anteriormente— nas consultas de subespecialidades do Hospital de Ourense.

Ata o mes de outubro tivemos 1.676 ingresos, 12.800 consultas e 125 intervencións. Quero deixar moi claro, ademais, que a atención pediátrica e a atención primaria de todos os concellos desta área teñen tres pediatras que están atendendo estes nenos, o que dá...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...setecentos doce nenos por pediatra, desde logo, un ratio dos mellores que temos en Galicia.

Non están en cuestión os hospitais comarcais, que fan un magnífico traballo. É unha decisión concreta, ante unha situación concreta, que se basea en informes dos responsables médicos que realizan a atención en toda esta área...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...co único fin de protexer a saúde das cidadás da comarca de Monterrei.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Respóndame a unha pregunta, señor Almuíña: ¿vostede cre verdadeiramente que retirando o paridoiro e servizos do Hospital de Verín van nacer máis nenos e nenas? Respóndame aínda que só sexa a esa pregunta. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Porque, efectivamente, coincidimos, hai unha redución dos partos, pero esa redución dos nacementos non vai mellorar se vostedes quitan servizos; en todo caso, esa situación pode empeorar. O que aquí pasa é que vostedes están deseñando uns servizos para a poboación arredor da AP-9. O resto de provincias, o resto de concellos, o resto de galegas e galegos non teñen nin a posibilidade de protestar; porque se lles di que son cómodas, que hai problemas porque a xente pare máis tarde, porque hai obesidade... ¡Por favor! Os datos que están enriba da mesa, señor Almuíña, non indican risco ningún. E eu pídlle, por favor —e rétoo a que o faga—, que me deixe aquí enriba ou que me traslade ao escano o informe cos datos que vostede di que existe e que avalan o peche do paridoiro. ¡Porque non existe, señor Almuíña! *(Aplausos.)* Non hai evidencia científica. Vostede leu aquí o mesmo artigo ca min dese manual, desa guía de maternidade hospitalaria, que vostedes utilizan para esconderse. Efectivamente, hai un elemento que é a distancia, as isócronas. Non hai dereito a que se retire este servizo, jé unha auténtica barbaridade! ¿Vostede non se dá conta? ¡¿Vostede non se dá conta?!

Claro, hai menos dun mes non se ía suprimir o servizo, ¿como lle imos crer? Hai menos dun mes ían buscar pediatras para Verín e —recordo— para Valdeorras, que temos o mesmo problema, señor Almuíña. E agora estamos aquí, menos dun mes despois, tendo que asumir —parece ser— que vostedes pechen alegremente servizos sen ningún tipo de evidencia científica. ¿Que profesionais son os que llelo recomendan? ¡Os seus xefes de servizo de Ourense! ¿Con que profesionais de Verín falaron vostedes que lles recomendasen pechar o servizo? *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Tamén quere falar vostede de Esquerda Unida? ¡Veña aquí falar! *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Despois falamos ao rematar. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora Solla FERNÁNDEZ: ¿Que profesionais? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.



A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ¿Que matronas llelo recomendaron? ¿Que obstetras lle dixeron que había risco... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...nos partos que se estaban facendo no hospital de Verín?

Mire, o Colexio de Enfermería trasladou unha nota de rexeitamento de todas as provincias na que din algo moi interesante e que vostede debería escoitar, señor Almuíña, en relación cos desprazamentos. Os partos de baixo risco que agora se estaban a facer en Verín pasan a facerse en Ourense, e implica que directamente ese embarazo pasa a ser de risco. Hai un desprazamento, e, non, os partos non se poden previr. Pódese orientar a súa data probable de parto, que é o cálculo que fan as matronas, os enfermeiros, as enfermeiras, os xinecólogos e os obstetras, pero non se pode poñer: vostede vai parir este día, salvo que vostedes estean pensando en instrumentalizar máis os partos.

Este país tardou moitos anos en reducir o número de cesáreas, e aínda estamos por enriba do recomendado. Pero hai un número moi elevado aínda de instrumentalización nos partos, e, de feito, o Hospital de Verín estíbese preparando para aplicar os mesmos protocolos que o Hospital do Salnés para ser hospital amigo das nenas e nenos cos partos respectados. Hai unha guía —esa tamén a pode ler— do ministerio sobre o parto respectado, señor Almuíña.

Polo tanto, o que acontece —e así o trasladan— é que se obriga a esa nai que non sabe que día e en que momento vai parir a facer un traslado, que pode ser dunha hora, que pode ser de hora e media, e se hai mal tempo pode ser de dúas horas. Vostede non o sabe, e non pode anticipar aquí que non vai nacer ningún neno nin ningunha nena polo camiño. E aínda que así fora, vostedes non teñen dereito a retirar este servizo, ¡non teñen dereito a retirar este servizo!

Se vostedes sacan —como dixo vostede aquí— dúas prazas e quedan vacantes, talvez en vez de pechar o servizo debería preguntarse vostede por que ningún pediatra quere asumir ese traballo. ¿Cales son as condicións de traballo? ¿Cal é a precariedade? ¿Cal é a promoción profesional? ¿Cal é a formación? ¡É o seu traballo, señor Almuíña! Levamos case consumida a lexislatura e non abordou ningunha medida efectiva nin real para atallar o problema da pediatría no noso país. Dixémolo pola mañá, ao Goberno que veña, e ao que veña do que veña, vaille quedar un problema gravísimo para suplir o que significou pasar cinco anos amortizando prazas, aplicando as taxas de reposición e aplicando unhas condicións de traballo...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...que só dependen de vostede, absolutamente pésimas, que fan que a xente marche...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...porque necesita conciliar a súa vida familiar e laboral.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora Solla Fernández: Resolvan o problema. Abran o paridoiro. Rectifiquen, que estamos a tempo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, xa rematou o seu tempo. *(Aplausos.)*

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que é curioso vir aquí falar de calidade de atención sanitaria, especialmente a embarazadas e a nenos e nenas, e escoitar palabras como odio, escoitar que hai odio nas decisións que toma o Goberno do Partido Popular. Decía que o novo goberno virá solucionar este problema, pero, curiosamente —non sei se a señora deputada o sabe ou non—, o caso é que o anterior Goberno bipartito foi o que acabou co Servizo de Pediatría do Hospital de Verín. Esa é a realidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esa é a realidade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Sei que molesta a realidade, pero hai que dicilo de vez en cando. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Fala de que os traslados de neonatos desde Verín a Ourense van ser un problema, pero a idea, señora Solla, é evitar que haxa traslados de neonatos, que, evidentemente, esa é unha mala condición de asistencia.

A nosa idea, desde logo, non é un invento, non é que nós queiramos facer isto por fastidiar a ninguén, senón simplemente porque escoitamos os profesionais sanitarios, os que saben da situación. Sei que vostede pode saber máis que eles, pero nós confiamos moito neles.

E, fíxese, non fala un xinecólogo, ou un obstetra, ou un pediatra de Ourense capital, que parece que son malos, senón que o presidente do Colexio de Médicos de Ourense di: É unha decisión de xestión que se basea en informes. *Ojalá todas las decisiones del Sergas se basaran en criterios profesionales.* Creo que non é dubidoso desde logo de estar co goberno. O xefe do Servizo de Xinecoloxía, que ten unha gran experiencia, moitísima experiencia, no campo da obstetricia e xinecoloxía, di: O peche do paridoiro de Verín é para atender con garantías ao neonato. ¿Por que? Porque a atención ao neonato non é só que haxa un pediatra neonatólogo, senón que tamén haxa un equipo multidisciplinar, unha tecnoloxía arredor, e, desde logo, neste momento pode darse porque o temos no hospital de Ourense. E como ben sabe, incluso na provincia de Pontevedra hai lugares máis alonxados dun hospital con estas características que o ten.

É certo que hai algún político a nivel nacional que di que se solidariza con Verín, pero despois elixe un gran hospital con unidade de neonatos. Iso sempre é falar por falar, demagogia tras demagogia. Nós non, nós puxemos por diante o que necesitan os cidadáns. *(Murmurios.)*



Todo isto é un proceso profundo, cunha repercusión, sobre todo atendendo ao razoable, aos informes que existen, aos informes que di vostede que non existen. Aquí temos informes, os informes que levan a tomar esta decisión están aquí, nós non inventamos nada. E, desde logo, foi comunicado a todos os que están implicados, aos profesionais do Hospital de Verín, á xunta de persoal, ás mulleres embarazadas, nunha reunión triste que foi rebentada por algún político que estaba alí, nesa sala, e non deixaba falar aos profesionais para explicar esa situación.

Tamén acudín a Ourense o pasado luns a explicar esa situación e a escoitar a profesionais que deron o seu punto de vista. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Eu, desde logo, son un gran defensor dos profesionais que temos en todo o sistema sanitario. Esta é unha cuestión puntual para un momento concreto. Foi unha decisión moi difícil que tivemos que tomar porque, ante a seguridade das embarazadas e dos neonatos, non imos estar aí.

E como conclusión para todo isto, non falo de odio, non digo que a oposición trate isto con odio, pero, desde logo, o Goberno tampouco. Non están en discusión para nada os hospitais comarcais nin os extraordinarios profesionais que día a día neles fan un magnífico labor, nin, por suposto, está en cuestión o futuro do Hospital de Verín, onde temos proxectos en marcha a curto, a medio e a longo prazo. Falaba o presidente do proxecto que ten aprobado o plan de espazos e o plan funcional das novas urxencias dese hospital. Trátase dunha medida concreta ante unha situación concreta.

Quero agradecer a todos os profesionais do distrito de Verín o seu traballo diario por mellorar a calidade de vida dos veciños. Tamén quero agradecer a todos aqueles profesionais que, contra vento e marea, están defendendo a postura que consideran que é a profesionalmente aceptable, a que dá seguridade aos pacientes. Porque o xuramento hipocrático nos leva precisamente a iso, a defender a vida dos nosos pacientes,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...a mellorar esa calidade de vida.

Desde logo, tamén quero pedir comprensión á poboación polas molestias que se poidan causar neste proceso...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...pero quero dicirlles que o único fin que ten esta decisión é velar pola seguridade dos cidadáns da comarca.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.



Pasamos ao seguinte punto da orde do día, as preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á existencia dunha nova declaración de impacto ambiental á empresa responsable da construción do parque eólico da serra do Iribio

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten a palabra, para formular a pregunta, a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde, conselleira.

Preguntámoslle hoxe, como ben se dicía, pola construción do parque eólico na serra do Iribio. Contextualizando rapidamente, vostede coñece este caso e hoxe xa saíu ao longo do pleno. Falamos dun proxecto que iniciou a súa tramitación en 2004, que conta cunha declaración de impacto ambiental aprobada en 2005 —é dicir, hai catorce anos—, autorizado en 2007 e 2009, pero que a empresa titular decidiu non construír durante unha década.

En 2018 presenta un proxecto de modificación para instalar menos aeroxeradores pero de maior tamaño e de maior potencia, cuestión que contou co visto e prace da Xunta de Galiza por se tratar —dicían— dunha modificación non substancial.

As obras comezaron este ano 2019 nun espazo natural como é a serra do Iribio, que conta a día de hoxe coa máxima protección ambiental e paisaxística, sendo desde o ano 2014 espazo Rede Natura. Desde o ano 2009 —vostede isto xa o sabe— a Lei do sector eólico prohibe expresamente construír parques eólicos en espazos Rede Natura, igual que o Plan director da Rede Natura 2000.

Diante das denuncias presentadas pola Plataforma Salvemos o Iribio, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza decidiu suspender o acordo do Consello da Xunta de xuño de 2019 mentres non se actualizase a declaración de impacto ambiental aprobada en 2005, é dicir —insistimos—, hai catorce anos. É unha decisión firme, sobre a que xa non cabe máis recurso, e o tribunal, ademais, é moi conciso e é moi claro na súa decisión. Di o tribunal literalmente: «Non se pode falar de repotenciación dun proxecto non executado. A declaración de impacto ambiental establece condicións que non se cumpren de altura, diámetro de barrido e ubicación dos aeroxeradores nos puntos de maior altitude, polo que a súa actualización resulta imprescindible para protexer os valores existentes no territorio, maioritariamente polos cambios legislativos operados en materia de protección da paisaxe, da natureza, da fauna e da flora. Mudanzas normativas —e cito literalmente a decisión do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza— que deixan a declaración de impacto ambiental obsoleta». Por iso lle preguntamos, conselleira, que é o que vai facer a Xunta de Galiza, se vai exixir unha nova declaración de impacto ambiental como reclama o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.



Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señora Rodil, a resposta a esta pregunta é clara e concisa: A vixencia e a legalidade dunha declaración de impacto ambiental vén marcada pola normativa ambiental, Lei 21/2013, 9 de decembro e dou traslado á súa lectura.

«As declaracións de impacto ambiental publicadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei perderán a súa vixencia e cesarán na produción dos efectos que lles son propios se non houbera comezado a execución dos proxectos ou actividades no prazo máximo de seis anos dende a entrada en vigor desta lei, é dicir, decembro de 2019».

A execución deste parque eólico iniciouse con anterioridade a decembro do 2019, polo que a declaración de impacto ambiental non se pode considerar polos técnicos como caducada. Aquí o que non debemos é mezclar cautelares con sentenza firme. O que hai é unha cautelares, non hai ningunha sentenza firme.

Agrádame que vostede fixera un relatorio de cando se fixo a declaración ambiental deste parque eólico do Iribio, que foi publicada no ano 2005, alégrame, porque se non dá a impresión de que é o Partido Popular aquel que decide facer declaracións ambientais ou aquel que decide dar autorizacións sen máis, pero resulta que, cando vostedes estiveron gobernando, tívose que facer a declaración ambiental, (*Murmurios.*) tívose que dar a autorización correspondente, e o que fan os técnicos da Consellería de Medio Ambiente, e non só os técnicos da Consellería de Medio Ambiente, senón o resto dos técnicos das distintas consellerías, é acatar a lei, única e exclusivamente, tal e como lle acabo de ler o parágrafo. Non hai interpretación posible. Aquí do que falamos é que o parque tiña que estar comezado —tal e como acabo de dar lectura— antes de decembro do ano 2019, e isto foi así.

Polo tanto, a conclusión é que o proxecto do parque eólico autorizado no seu día polo seu grupo, cando gobernaron na Xunta, atópase en plena vixencia, motivo polo cal a Xunta de Galicia recorreu, e estamos á espera de que haxa unha sentenza firme ao respecto. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Efectivamente, é que falamos de medidas cautelares, non de sentenzas firmes.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Non enganemos a xente.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, está falando a conselleira. Silencio. (*Murmurios.*)

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Dito isto, o que é completamente certo é que en xaneiro de 2018 o promotor solicitou autorización para unha modificación que os técnicos consideran non substancial. E consideran non substancial porque, aínda que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...vostede fale de repotenciación, é certo que a nivel paisaxístico...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...a nivel patrimonio natural, así o consideraron.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten a palabra, para a réplica, a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Imos ver. Eu léolle literalmente, porque eu non sei se pensan que somos idiotas. De verdade que eu hai veces que creo que nos toman a todos por parvos. Desestimar o recurso de reposición interposto contra o Auto estimado o 16 de outubro de 2019. Contra a presente resolución... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. Silencio. ¡Silencio!

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...non cabe interpoñer recurso ningún. Contra a presente resolución non cabe interpoñer recurso ningún.

E o que exige o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...para poder continuar co proxecto de construción do parque eólico na serra do Iribio é que se actualice esa declaración de impacto ambiental, que está obsoleta, (*Aplausos.*) e cito literalmente ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, porque di: «Houbo en catorce anos, efectivamente, mudanzas legais que protexeron como debía ser a serra do Iribio, cun grao máximo de protección ambiental como é o espazo Rede Natura 2000». E a pregunta é sinxela, ¿que é o que van facer vostedes chegados a este punto? ¿Van exixir unha nova declaración de impacto ambiental para este novo proxecto como pide o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ou non?



Non me estraña, e fixo ben vostede en recalcalo moito, tiñan que empezar as obras antes de decembro de 2019, efectivamente. Tanto se apuraron que o fixeron sen ter toda a normativa debidamente cumprida, até o punto de que vostedes tiveron que pararlles as obras porque entraron alí a machete sen as autorizacións e licenzas correspondentes.

Repito a pregunta: ¿van exixir unha nova declaración de impacto ambiental como reclama o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza? E tamén lle digo unha cousa. Case me atrevo, e poño a man no lume, a que coa lei na man hoxe non hai declaración de impacto ambiental que considere ese parque eólico legal onde está.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Cautos é o que debemos de ser, señora Rodil, ante a decisión do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que rexeita o levantamento da medida cautelar, posto que aínda non recaeu sentenza sobre se a vía está ou non caducada. De todos modos, eu teño que dicirlle que o Goberno vai respectar e acatar a decisión que tome a xustiza, ¡faltaría máis! Nós, cando temos que paralizar, paralizamos. Parece (*Interrupcións.*) que para unhas cousas non queda outra, pero para outras resulta que non debemos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! Está falando a conselleira. Señor Sánchez, silencio. ¡Silencio!

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Chama moito a atención que vostedes optaran —porque así o tiñan que facer, cando gobernaban co Bipartito— por dar as autorizacións pertinentes e que agora poñan o grito no ceo cando se pide unha modificación non substancial porque así o din os informes técnicos, señora Rodil. E se fose o contrario, tamén o diría. Polo tanto, cautos, cautos, e diferenzas entre sentenzas firmes e cautelares.

Gustaríame recalcar que a avaliación de impacto ambiental realizada e as posteriores modificacións avaliadas do proxecto se consideraron compatibles cos valores medioambientais, e así o reflicten os informes dos distintos técnicos, que algúns deles estaban na época do Bipartito porque non se xubilaron, continúan nos seus mesmos postos. Non podían dicir unha cousa e a contraria, sobre todo, cando hai unha declaración de impacto ambiental que vai marcada pola normativa ambiental, señor Sánchez, Lei 21/2013, do 9 de decembro.

Continuaremos e acataremos as decisións xudiciais, señora Rodil —non ía eu equivocada—, ao contrario que fan vostedes, que poden dicir unha cousa e a contraria; cando lles interesa,



acátana, e cando non, non. Preséntase o recurso pertinente e, cando saia a sentenza, este goberno actuará en función dela.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

¡Silencio, por favor!

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do horizonte temporal establecido entre os anos 2015 e 2017 para o remate da actuación denominada VAP Costa Norte, treitos A Coruña e resto dos treitos, prevista no Programa de vías de altas prestacións

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Imos cara ao remate da presente lexislatura. O próximo ano 2020 será o último no que a actual Consellería de Infraestruturas e Mobilidade teña a responsabilidade de dinamizar as actuacións relacionadas coas infraestruturas viarias da nosa comunidade, pero hoxe veño preguntarlle pola construción dos tramos pendentes da VAP Costa Norte; un proxecto polo que o actual goberno do señor Feijóo nunca apostou.

A construción desta vía de comunicación serviría para vertebrar e mellorar a mobilidade e competitividade dos veciños e veciñas da comarca de Ortegá e da comarca da Mariña lucense. Isto era o que dicía o señor Cuiña Crespo cando no ano 2001 se anunciaba a construción desta vía de comunicación.

Despois, o Goberno do señor Feijóo deseñou o Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica 2009-2015, máis coñecido como Plan MOVE. É un plan con boas intencións, por exemplo, contribuír á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns; mellorar as condicións de accesibilidade e de mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global; acadar unha mobilidade sostible. Pero estamos vendo que esta boa intención quedou simplemente nunha boa intención de publicidade e propaganda, se non, señora conselleira, pregúntelles aos veciños e veciñas destas dúas comarcas. (*Aplausos.*)

No ano 2001 un goberno do Partido Popular, hai nin máis nin menos que dezaioito anos, fai o anuncio da construción desta vía de alta capacidade; unha infraestrutura que terá como beneficiarios potenciais, directa ou indirectamente, a máis de trescentas mil persoas. Non só a mobilidade de persoas vai resultar beneficiada pola obra, senón tamén a mobilidade de



mercadorías de todo o tecido produtivo asentado nestas comarcas; entre outros, o sector da pesca, explotación forestal, industria mineira, téxtil, alimentación, turismo, etc., veríanse beneficiados por esta infraestrutura.

Como dicía antes, o Goberno do Partido Popular e do señor Feijóo non fixeron nada por avanzar as obras, non expropiaron nin un só metro de terreo para a construción destes tramos pendentes. Vostedes deseñaron o Plan MOVE sobre o compromiso que existía, segundo o Goberno da Xunta de Galicia, para impulsar todos os itinerarios de nova construción e execución de autovías ou, se é o caso, de vías de circulación con deseño desdoblable para transformarlas en autovías cando o tráfico así o demandase e lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de dez minutos dunha VAP, situación que nestas comarcas non se cumpre, como vostede ben coñece.

Tamén é certo que, dentro da planificación existente do Plan MOVE...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PÉREZ SECO: ...figura a VAP Costa Norte, treitos A Coruña e resto dos treitos, cunha lonxitude de aproximadamente 67 quilómetros e cun orzamento de pouco máis...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Na seguinte pode continuar.

Moitas grazas, señor Pérez Seco.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías.

Señor Pérez Seco, ¿sabe cal é o maior incumprimento en materia de infraestruturas? O de Abel Caballero cando era ministro de Transportes, dicindo que o AVE a Galicia chegaría no 1993. (*Aplausos.*) Con este plano, que era certamente imposible, quedaba en Valladolid, paraba en Valladolid. (*Aplausos.*) E incumprimentos en materia de infraestruturas dos Gobernos socialistas hai un rosario deles, incluso algún de actualidade. E con ese rosario de incumprimentos, ¡vostedes chitón!, claro que si, (*Aplausos.*) que é o que fan vostedes.

Vólvolle dicir o que lle dixen ao seu compañeiro recentemente, creo que hai que poñer as cousas no seu contexto. Sabe vostede que pasaron nos últimos anos dúas circunstancias excepcionais, fundamentalmente, non propaganda como di vostede, circunstancias excepcionais. Unha importantísima crise económica que, dende logo, como Administración pública responsable, sufrímola e tivemos que traballar intensamente, concentrando os esforzos nos servizos esenciais como a sanidade e a educación; espero que a iso non lle chame propaganda, a centrar os esforzos cando hai crise económica na sanidade e a educación. E tamén esa hipoteca de 3.900 millóns de euros que deixou o Partido Socialista en materia de conce-



sións na Axencia Galega de Infraestruturas, na Consellería de Política Territorial, o que deixaron a deber, porque o lema do Partido Socialista é: *Yo invito y tu pagas*, e claro, iso si que é publicidade e propaganda.

En calquera caso, tivemos que deseñar a maneira de facer viables as infraestruturas vía orzamentaria e por fases, facéndoo con criterios obxectivos de rendibilidade social e seguridade viaria. Aínda así, en plena crise económica incrementamos nun 70 % as vías de altas prestacións. Impulsamos, dende logo, a vía de altas prestacións VAP Costa Norte, e permítame lembrarlle que quen fixo a variante de Ortigueira foi este Goberno, e tamén a vía de altas prestacións en Celeiro-San Cibrao. Foi este Goberno nos anos máis duros, cen millóns de euros, 16 quilómetros de vías de altas prestacións na VAP Costa Norte. E vostedes non foron capaces no Bipartito, cando tiñan catro veces máis de orzamento para facer obras; non fixeron nada, nin un quilómetro da vía de altas prestacións.

Elaboramos unha estratexia para facer e asegurar a viabilidade destas actuacións. Acordamos cos alcaldes continuar polos extremos e así estamos traballando, polos extremos. Na zona da Coruña, no proxecto de San Sadurniño-Sanguineira, e na Mariña lucense, cunha nova ponte sobre a ría de Viveiro; 1,7 quilómetros dunha nova ponte para resolver coa menor afectación. Pidan vostedes ao Goberno de Viveiro que non bloquee esta actuación tamén, porque bloqueou a variante de Viveiro, por iso non a puidemos facer.

En calquera caso, son moitas cuestións. Aínda que o Partido Socialista non queira, como o alcalde de Ferrol, que non quere que fagamos a intermodal, seguiremos investindo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica, ten a palabra o señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

Señora conselleira, penso que no caso do AVE todos teñen máis ou menos culpa. O señor Aznar tamén ten culpa, porque creo que o Partido Popular tamén gobernou, prometeu, e o AVE non chegou cando gobernaba o PP. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estamos de acordo en que pasamos unha crise económica, pero podían ir preparando os proxectos e estudos de impacto ambiental para, cando pasase esa crise económica, poder licitar os tramos e ir facéndoos pouco a pouco.

Foi o Goberno do señor Pérez Touriño —ese Goberno bipartito que a vostedes tanto lles gusta falar del— quen licitou eses dous tramos que están postos en marcha e que o señor Feijóo soamente inaugurou. O que lles ten que dicir aos veciños e ás veciñas das comarcas de Ortegaleira e da Mariña lucense é cal é a previsión real da Xunta de Galicia para continuar cos tramos pendentes da VAP Costa Norte, e non vir falar da estación intermodal de Ferrol.

Señora conselleira, se pensa vostede que vai ter contentos os veciños e veciñas —sobre todo de Ortegaleira— cos arranxos que están prometidos para a AC-862 e a AC-566... Por certo,



benvidos sexan, porque iso xa o plantexaba o señor Feijóo cando era conselleiro de Política Territorial e Obras Públicas, e, polo menos, vemos que despois de tantos anos é unha cousa que van cumprir coa comarca de Ortegal, unha comarca que o Goberno do señor Feijóo ten totalmente abandonada.

Señora conselleira, desde aquí pídolle que deixen de enganar os veciños e veciñas das comarcas de Ortegal e da Mariña Lucense e que se poñan a traballar en serio na construción dos tramos pendentes da VAP Costa Norte.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pérez Seco.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle): Grazas, señoría.

Voulle explicar o que imos facer, o que estamos a facer en materia de estradas e o que vos tedes, por certo, fan de menos. Creo que lles importa pouco. Aquí veñen disimulando que lles preocupan as estradas, pero impórtanlles ben pouco. Aí están as fochancas que non arranxa o Partido Socialista nos seus concellos: as fochancas de Lugo, as fochancas de Ferrol, tamén as fochancas na Coruña, os do periférico aquí en Santiago. O Ministerio de Fomento e o Partido Socialista, polo tanto, non saben arranxar fochancas e piden vías de alta capacidade cando non saben arranxar fochancas. *(Aplausos.)*

E tamén as emendas aos orzamentos do ano 2020, que eu as miro e as leo, esas emendas que propuxeron vostedes de quitar 28 millóns de euros en materia de conservación de estradas... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): ¡Silencio!

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle): ...e tamén case 21 millóns de euros, quitando millóns de euros no concepto orzamentario onde estaba a Costa Norte. Deberían ruborizarse un pouquiño, creo eu. En todo caso, dende logo, non saben arranxar fochancas e piden vías de alta capacidade.

Eu creo que o compromiso do Goberno de Sánchez coas comarcas de Ferrolterra, Ortegal e A Mariña era o que debía de preocuparlles a vostedes, porque o certo é que o compromiso do Goberno de Sánchez, do Partido Socialista en Madrid, é acabar con Ferrolterra, Ortegal e A Mariña. É acabar e facer unha desfeita, se non, pregúntenlles aos traballadores de Endesa e de Alcoa.

Nós imos traballar, incluso tamén ao nivel do seu partido, con esa ministra coruñesa que dixo que As Pontes estaba en Lugo, o que tamén é significativo da preocupación. *(Aplausos.)*



Nós si que imos traballar coa vía de alta capacidade VAP Costa Norte, porque é tan necesaria como ambiciosa esa actuación e imos traballar. Temos 4,4 millóns de euros no orzamento do ano 2020 que vostedes querían emendar e quitar. Nós seguimos con ese investimento e avanzaremos nos extremos co proxecto de San Sadurniño-Sanguineira e tamén coa nova ponte de Viveiro.

Pero a vía de altas prestacións Costa Norte non debe ser o único soporte para mellorar a competitividade en Ferrolterra, en Ortegal e A Mariña. Temos unha planificación real, viable —porque o sabemos facer, temos exemplos—, para seguir avanzando a curto e medio prazo en materia de estradas, en materia de mobilidade, en materia de seguridade. Aí está a estrada Viveiro-Cabreiros, a 540, xa licitamos o proxecto construtivo para melloralala. Na estrada O Barqueiro-Porto de Bares, a C-100, investimos nela. E, dende logo, o acondicionamento e a mellora da estrada Valdoviño-Cedeira, a C-533; a mellora da estrada C-862 entre San Sadurniño e Ponte Mera, que é a primeira fase, 12,6 millóns de euros. Licitaremos esas actuacións a principios do ano 2020 porque son importantes, mellorando e ampliando as calzadas e rectificando curvas. E non só puxemos en servizo 16 quilómetros e 100 millóns de euros, senón que seguiremos. Polo tanto, se lles preocupa Ferrolterra, Ortegal e A Mariña, eu creo que deberían preocuparse polo que fan os gobernos do Partido Socialista.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora conselleira.

Continuamos coa orde do día.

Pregunta de D^a Paula Quinteiro Araújo e catro deputados/as máis, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir o futuro da empresa Unitono, en Ourense, co cadro de persoal actual

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidenta.

Moi bo día, conselleiro.

Lamentamos ter que volver traer a situación dramática que están a vivir as traballadoras do sector do telemárketing no noso país, e preguntámoslle hoxe polas 130 traballadoras de Unitono de Ourense, que levan meses tratando de que as escoiten, pero tamén temos moi presentes, por suposto, as traballadoras de Extel da Coruña, subcontrata de Movistar, que, como sabe, están sendo despedidas por enfermar grazas ás súas reformas laborais.

Todo isto acontece porque vostedes levan moito tempo de costas ao sector do telemárketing, un sector tremendamente precarizado, onde as traballadoras viven coa incerteza constante, co medo a ser despedidas, sen que a Administración faga absolutamente nada. E a pesar de



que repiten unha e outra vez o mantra de que escoitan as traballadoras, a verdade é que non o demostran coas súas accións.

No caso de Unitono chegan moi tarde, demasiado tarde, porque as traballadoras estiveron meses avisándoos a vostedes. Neste Parlamento debateuse sobre esta cuestión en moitas ocasións, sobre o risco de deslocalización do servizo de atención ao cliente de Naturgy a países como Colombia ou Cataluña. Vostedes negárono, sistematicamente dixeron que isto non ía acontecer, que se ían manter os postos de traballo, e nin sequera fixeron algo tan sinxelo como abrir un papel de mediación entre Unitono, a eléctrica e as traballadoras; unha mesa de negociación para falar da cuestión. Negáronse, dixeron que non pasaba nada e que non podían facer nada.

Continúan mentido agora que esta deslocalización xa é unha realidade, porque no último pleno, noutra pregunta sobre esta cuestión, vostede afirmou que a Xunta lle trasladou a Naturgy a súa desconformidade con esta decisión. Eu pregúntome en que se concreta esta suposta desconformidade, porque din que están desconformes con esta decisión pero días despois danlle un contrato millonario a esta mesma empresa; danlle máis de cen millóns de euros a unha empresa coa que supostamente ían tomar algún tipo de medida, unha empresa que está destruindo emprego no noso país. Porque hoxe falamos destas 130 persoas, pero xa antes foron despedidas outras traballadoras eventuais, sábeno perfectamente, a pesar de que tamén o negan.

E este non é un ataque só ás traballadoras de Ourense, é un ataque ao conxunto de galegas e galegos, porque falamos dunha empresa que espolia os nosos recursos naturais e á que vostedes lle dan diñeiro sen poñerlle ningún tipo de condición de que xere emprego de calidade, de que manteña o emprego que hai no noso país, o mesmo que aconteceu, por exemplo, con outra empresa do sector como pode ser R.

E é un ataque tamén porque con estas decisións se está dificultando e non se vai poder exercer o dereito de todas as usuarias a ser atendidas na nosa lingua. Eu pregúntome se está satisfeito co seu balance, o balance de converter o noso país nun deserto industrial. Pregúntolle se vai ter un mínimo de empatía e que van facer para que se manteñan estes postos de traballo e estas condicións laborais. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Quinteiro.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Quinteiro, a verdade é que se equivoca vostede de tempo verbal e de verbo. Equivócase de tempo verbal porque a pregunta non é que imos facer, vostede debería de saber que estamos a facer dende o primeiro momento. Primeiro, estando ao lado das traballadoras, estando nun labor de mediación coa empresa Unitono e, sobre todo, cumprindo o acordo deste Parlamento. E equivócase de verbo. Non debería utilizar o verbo mentir con respecto a este



Goberno, debería ser moito máis coidadosa e, seguramente, vir un pouco máis informada. *(Aplausos.)* Se fora así, seguramente non utilizaría ese tipo de verbo, señora Quinteiro.

En calquera caso, si lle podo trasladar que este Goberno, dende o primeiro momento, desenvolveu todo o seu labor de mediación e de atención a todas as partes implicadas. Mantivemos máis de quince reunións vinculadas coa situación de Unitono, con múltiples contactos con todas as partes implicadas, sempre intentando traballar para salvagardar o emprego e, sobre todo, para abordar o futuro do sector de telemárketing con garantías.

Polo tanto, señora Quinteiro, ao vir dicir aquí que este Goberno chegou tarde, ou simplemente que este Goberno non fixo nada, vostede debería de ser moito máis rigorosa non só na utilización dos tempos verbais, senón tamén do propio verbo. Incluso dentro destas reunións está a celebrada con GSS, que como sabe é a nova propietaria do centro Unitono en San Cibrao, e nesa reunión a empresa trasladou o seu novo proxecto e a vontade de reconducir a situación provocada polo abandono de Naturgy, buscando, polo tanto, novos contratos e novas oportunidades.

En segundo lugar, estamos tamén cumprindo o mandato deste Parlamento co desenvolvemento do estudo sobre a situación do sector, xunto á Universidade de Santiago, precisamente para coñecer a situación actual e definir todas as alternativas para apoiar o sector.

E con respecto a Naturgy, señora Quinteiro, eu non lles vou ocultar aos galegos e ás galegas a nosa decepción con Naturgy, non llela vou ocultar, e xa lle temos trasladado a nosa total desconformidade coa súa actuación neste asunto. En primeiro lugar, porque a súa decisión implica esquecer o seu compromiso con Galicia, e, en segundo lugar, porque a decisión nada ten que ver coa competitividade e a calidade do servizo prestado en Galicia. Polo tanto, entendemos que a empresa non ten argumentos obxectivos para xustificar as decisións que está tomando. Eu pediríalle que, en vez de vir aquí intentar facer política coas traballadoras de Unitono, viñera buscar solucións.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Mire, señor conselleiro, é que os seus compromisos non se viron, e todo iso que supostamente están facendo non é que non o vexamos nós, é que non o ven as traballadoras. Di que están moi decepcionados con Naturgy e queda aquí moi emotivo. Están decepcionados, pero danlle máis de cento setenta millóns de euros nun contrato millonario e non poñen nin unha soa condición para que manteñan carga e calidade de traballo no noso país. Entón, ¿esa decepción en que se concreta, señor Conde? A min, explíquemelo. En realidade, toman parte por Naturgy porque lle están dando diñeiro público.

Despois non fixeron nada, e eu volvo reafirmarme en que mentiron porque vostedes negaron que se fose dar a deslocalización. Negárono neste Parlamento, e está a hemeroteca. Unha



vez se fixo evidente, cando xa o servizo se deslocalizou, a Xunta di que fixo todo o posible por evitalo, pero neste mesmo Parlamento vostede negouse a convocar a mesa coas tres partes. Di que falou en máis de quince xuntanzas, pero nin unha soa vez tivo lugar a xuntanza que tiña que ser, que era entre Naturgy, Unitono e as traballadoras. Tiveron xuntanzas unilaterais, pero non convocaron unha mesa que solucionara verdadeiramente o problema. Non sei o que fixeron, pero as consecuencias xa chegaron. A día de hoxe, hai 41 traballadoras que xa viron reducida a súa xornada e 27 traballadoras —das 130— sen carga de traballo, e as 130 no seu conxunto continúan con medo, con incertezas e sen ningunha resposta clara por parte da Xunta de Galicia. E a resposta que dan hoxe, señor conselleiro, tampouco as vai deixar máis tranquilas.

Fala de GSS, de que tiveron unha xuntanza e que hai vontade. Pero ¿que é a vontade? ¿En que se concreta a vontade? É que non necesitamos vontade, necesitamos compromisos reais, porque a vontade e os discursos falsos, cando viñeron aquí repetir unha e outra vez que non ía darse o problema da deslocalización e que ían presionar a Naturgy, xa vimos como remataron. Agora o mesmo, hai vontade de que GSS... Non, vontade non, ten que haber un compromiso firme, e a Xunta de Galicia o que ten que dicir é que vai garantir si ou si os postos de traballo e a calidade do emprego. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Quinteiro.

Para a resposta, ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señora Quinteiro, lamento que non saiba utilizar os verbos. Laméntoo profundamente, porque xa non é un problema só lingüístico, senón que tamén é un tema de coñecemento do propio dereito. *(Murmurios.)* En calquera caso, as traballadoras de Unitono, señora Quinteiro, saben perfectamente que o Goberno sempre lles dixo a verdade, sempre, a elas directamente e neste Parlamento, e sempre actuamos coa verdade por diante.

O que eu lamento é o seu descoñecemento do dereito mercantil, do dereito laboral e do dereito administrativo, e para vir falar ao Parlamento da situación dos traballadores e de como se poden acadar estas solucións, creo que sería bo que recordase as normas que estamos todos obrigados a cumprir. Isto non é Venezuela, señora Quinteiro, isto é España, jisto é España! Aquí temos normas, temos que cumprilas, e eu espero que vostede non lle estea pedindo a este goberno que prevarique. Espero que non lle pida iso a este goberno. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede sabe que dende o punto de vista da normativa..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...da lexislación laboral, estamos falando de que o telemárketing se rexe pola lexislación estatal, sábeo perfectamente. Polo tanto, cando se está plantexando a lexislación sobre protección de datos, esa competencia estatal en ningún caso é autonómica. Vostede sabe que esta administración, a Administración autonómica, ten que cumprir coa Lei de contratos do sector público, e sabe



que esa lei é estatal, polo tanto, sabe que nós non podemos deixar de adxudicar contratos, señora Quinteiro, confúndese, confúndese. Este goberno ten que cumprir coa Lei de contratos do sector público, polo tanto, non podemos deixar de adxudicar contratos nin tampouco podemos rescindir ningún tipo de contrato ao noso antollo, señora Quinteiro. Isto non é Venezuela —insisto—, isto é España.

Temos que cumprir a lexislación estatal, e así seguiremos. Pero a Xunta, dende logo, vai seguir con total contundencia defendendo os intereses dos galegos. Con respecto a Naturgy, recórdolle que o Instituto Galego de Consumo e da Competencia abriu 2.800 expedientes dende o ano 2012, e o 83 % deses expedientes son sancionadores con respecto a Naturgy, máis de 20 millóns de euros, señora Quinteiro. Este goberno só ten unha referencia, que son os galegos e as galegas e a defensa dos seus intereses, e neste caso, a defensa dos intereses das traballadoras de GSS. O que vai facer este goberno vai ser defender os seus dereitos cumprindo a lei, e non lle pida a este goberno, por favor, que prevarique.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o desenvolvemento dun plan de futuro que permita garantir os postos de traballo, os dereitos laborais e a actividade nos estaleiros e empresas auxiliares do sector naval da ría de Vigo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Moi boa tarde, señor conselleiro.

Vimos aquí transmitirlle e traerlle a preocupación extrema na que están vivindo o comité de empresa, os traballadores e as industrias auxiliares do naval de Vigo pola situación crítica que están pasando dous estaleiros históricos como Vulcano e Barreras, nun contexto, ademais, de desmantelamento industrial na comarca de Vigo e en toda Galiza.

A verdade é que temos que recoñecer que a situación nestes estaleiros é endemoniada, aínda que non é por casualidade, non é chovida do ceo. Vostedes, o Goberno galego, teñen moita responsabilidade nesta situación. Teñen responsabilidade na crise de Vulcano pola súa inacción, porque vostedes enganaron e abandonaron os traballadores de Vulcano e agora están amparando os paos nas rodas que está poñendo o señor presidente da Autoridade Portuaria de Vigo para unha posíbel solución. E teñen tamén responsabilidade na crise de Barreras porque os problemas de Barreras non comezaron onte, non comezaron nin sequera neste ano, senón que vostedes crearon o problema coa operación Pemex, que ía ser unha oportunidade histórica e unha alianza estratéxica; vostedes crearon o problema coas mentiras e cos enganos de Pemex, coa corrupción de Pemex, que agora lles está estoupando na cara. E lémbrolle que a operación Pemex foi apadriñada por vostede e polo señor Feixóo.



Vostedes, por certo, tamén apadriñaron ao señor García Costa, destacado militante do Partido Popular, para que levase o barco ás pedras, a esta situación na que hai 200 traballadores en paro e 30 empresas e máis de 1.000 postos de traballo na picota.

Agora estamos con outra operación, a operación Ritz, co fondo voitre Oaktree, tamén apadriñada por vostedes cando foron a Miami buscar estes socios para Barreras; por certo, naquela viaxe interrompida. E nesta operación hai de novo moitas sombras e moitos riscos, porque hai a sospeita fundada por moita xente de que o único que procuran os norteamericanos e estas empresas é resolver o seu problema, facelo con axudas públicas e axustando custos; custos da parte traballadora, como sabemos que operan estes fondos voitre.

Preocúpanos moito a falta de transparencia e preocúpannos moito, tamén, as súas declaracións deste luns, nas que dicía non saber nada dos datos deste acordo que acaban de anunciar, e é grave que o Goberno galego estea fóra deste acordo. Por iso, señor conselleiro, cremos que hai que garantir unha solución de futuro para estas empresas e queremos que nos diga se vostede aposta pola transparencia, por que haxa unha mesa na que participen todas as partes para buscar unha solución de futuro na que estean os traballadores e tamén as auxiliares. Queremos saber se vostedes aposta pola...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...intervención pública e por un centro de reparacións do naval na ría de Vigo, que sería unha solución de futuro para este sector.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Grazas, señor presidente.

Señor Bará, a verdade é que é sorprendente a obsesión que ten o Bloque Nacionalista Galego co Partido Popular. É unha verdadeira obsesión. E esa obsesión, señor Bará, impídelle abor- dar —e seguramente o deslexitima— temas de tanta importancia como é a situación dun sector estratéxico como o sector naval.

Non pode vir aquí intentar trasladar responsabilidades ao Goberno de cuestións que non son da súa responsabilidade, entre elas, xestionar estaleiros privados. Se vostede parte xa de intentar trasladar ese tipo de responsabilidades, simplemente se está equivocando. Preocú- pame enormemente que vostede estea utilizando permanentemente a situación do sector naval para desprestixiar o propio sector naval, e así, señor Bará, non facemos país.

O sector naval está demostrando o seu bo facer, está apostando pola innovación, pola industria 4.0, pola diversificación, pola formación, e temos un sector naval perfectamente competitivo. Que vostede veña aquí intentar desprestixiar o sector naval, o único que fai é deslexitimar unha vez máis o Bloque Nacionalista Galego.



A Xunta de Galicia, dende logo, non vai entrar nese xogo. A Xunta de Galicia vai seguir prestixiando a industria do sector naval e vai seguir defendendo a situación dos estaleiros. O noso compromiso é máximo, témolo demostrado. Demostrámolo cando na época máis complicada o comisario socialista Joaquín Almunia puxo en cuestión o sector a través do expediente do *tax lease*. Agora que se encontra unha etapa de crecemento, o que non parece razoable é que dende a oposición vostede intente danar o sector naval, porque iso é o que vostede está intentando.

A Xunta de Galicia seguirá ao lado do sector naval e vai propoñer solucións. Nós propuxemos solucións ao problema do *tax lease*; propuxemos solucións á busca de carga de traballo. Recórdolle que Barreras non tiña carga de traballo, e quen trouxo carga de traballo para Barreras foi este goberno; o que non fixo o Goberno foi xestionar o estaleiro.

Propuxemos solucións tamén para Vulcano. A Vulcano propuxémoslle solucións non só no ano 2012, salvando a situación do concurso, senón no ano 2017, dándolle financiamento para finalizar o ferri, pero este Goberno non xestiona estaleiros, señor Bará.

Polo tanto, o Goberno vai seguir garantindo a continuidade e o impulso do sector naval na ría de Vigo; imos seguir traballando para defender a situación de Barreras, a situación de Vulcano e, sobre todo, señor Bará, defender a situación da industria auxiliar, por iso establecemos unha liña de axudas e de préstamos para, precisamente, estar ao lado da industria auxiliar e da industria do sector naval.

Seguiremos traballando, e eu espero que o Bloque Nacionalista Galego abandone esta inquina que ten contra o sector naval.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señor conselleiro, ¿sabe cal é a nosa obsesión? A nosa obsesión é dar a matraca as veces que faga falta para defender o sector naval da ría de Vigo (*Aplausos.*), para facer propostas en defensa do sector naval da ría de Vigo, como fixemos no 2008 co centro de reparacións navais da ría de Vigo, centro, por certo, que vostedes pecharon con sete chaves, gardaron nun caixón e boicotearon durante dez anos, e agora está sendo reclamado polas industrias auxiliares. Esas foron as propostas que puxo enriba da mesa o BNG.

¿Sabe quen desprestixia o sector naval da ría de Vigo e o sector naval galego, señor Conde? Desprestixian o naval os que van de ganchete con empresarios corruptos como os de Pemex, como foron vostedes, (*Aplausos.*) que trouxeron aquí ese bicho, ese cancro. Eses son os que desprestixian o naval.

Di vostede que non xestionan os estaleiros, pero si que os xestionaron estes socios, os socios de Pemex e agora os socios de Ritz que buscaron vostedes en Miami cando foron alí, e pre-



sumiron diso. Son socios especuladores, son fondos voitre que veñen aquí coller o diñeiro e marchar; non son empresarios deste país, nin empresas que teñan aquí o centro de decisión.

Por iso lles dicimos que a Xunta ten que intervir, ten que haber unha intervención pública, e non sería a primeira vez que se fai. Unha intervención pública para garantir empregos, e empregos de calidade, empregos con dereitos, non o que está pasando agora e o que leva pasando estes dez anos no sector naval da ría de Vigo.

E por iso lles facemos propostas claras. Queremos intervención pública, da Xunta de Galiza —e se fai falta do Estado, tamén—, da man das empresas e da man da industria auxiliar, para saír adiante cunha proposta de futuro para Barreras, e tamén unha intervención pública para sacar adiante ese centro de reparacións do naval que sería garantía de futuro para o sector do naval, para as empresas do naval da ría de Vigo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, para a réplica do Goberno, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, eu lamento que non traian aquí propostas realistas. Os traballadores de Barreras e de Vulcano, e os traballadores da industria auxiliar, non llelo van agradecer. Se vostede vén traer aquí unha proposta de nacionalización de Barreras, vostede sabe que iso é simplemente extemporáneo e sabe perfectamente que iso non lles vai dar solucións nin aos traballadores de Barreras, nin aos traballadores de Vulcano, nin á propia industria auxiliar. Vostede simplemente vén facer unha proposta de máis gasto para que os galegos e as galegas teñan que asumir de forma subsidiaria aspectos que non lles competen. Polo tanto, a solución non pasa en ningún caso pola nacionalización. Sábeo, e pretenden vostede e o seu grupo enganar os traballadores.

Barreras. Non se trata de rematar un determinado buque e logo pensar que facer, señor Bará, non se trata diso. E a Xunta de Galicia non vai participar nese xogo. A Xunta de Galicia vai formar parte da solución do futuro de Barreras sempre que se plantexe unha solución na que se inclúan os traballadores e na que se inclúa unha solución para a industria auxiliar. Aí é onde vai estar a Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia, dende o primeiro momento, está traballando co ministerio, está traballando con Cesce, que sabe que ten garantías por 130 millóns de euros, e está traballando con Pymar. E estamos traballando conxuntamente todas as administracións precisamente para darlle unha solución de futuro a Barreras.

Polo tanto, vir aquí intentar sementar dúbidas sobre o papel que ten a Administración, sinceramente é descoñecer a realidade e o que está a facer este goberno. Hoxe mesmo, o Goberno estivo reunido co ministerio, estivo reunido con Pymar, estivo reunido con Cesce,



estivo reunido con Ritz-Carlton e estivo reunido con Havila. Polo tanto, este Goberno está traballando para atopar esa solución, unha solución de equilibrio na que se lles dea resposta aos armadores, pero que, ao mesmo tempo, se lles dea unha resposta de futuro aos propios traballadores de Barreras e aos traballadores da industria auxiliar.

Con respecto a Vulcano, xa llo trasladei. Estivemos con Vulcano no ano 2012, estivemos con Vulcano no ano 2017, sabemos que a situación financeira non é doada, pero temos que ser realistas e sinceros, e, señor Bará, nunca, xamais, enganamos os traballadores de Vulcano; nunca, xamais. E vostede debería de estar un pouco máis informado, simplemente.

En calquera caso, señor Bará, trasládolle claramente que a Xunta de Galicia non ten ningunha dúbida sobre apoiar a Barreras e a Vulcano, seguramente a dúbida son vostedes. Polo tanto, a pregunta é se vostedes lle van dar un cheque en branco ao Goberno de Pedro Sánchez con Podemos para exixir unha solución para os traballadores e traballadoras de Barreras. A dúbida é se vostedes lle van dar un cheque en branco ao Goberno de Pedro Sánchez para dar unha solución a Alcoa ou ás Pontes. Esa é a dúbida que realmente ten Galicia e os galegos con respecto ao Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Daniel Vega Pérez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o mantemento polo Goberno central dalgún contacto coa Xunta de Galicia para presentar algunha solución á problemática existente na factoría de Alcoa, en San Cibrao

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Vega Pérez.

O señor VEGA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías. Moi boas tardes, conselleiro.

Realmente facemos esta cuestión, esta pregunta, noutra ocasión xa a fixemos neste hemisiciclo, pola preocupación que existe na comarca da Mariña por unha actitude de desprezo, polas súas formas de gobernar; mellor dito, por non actuar en favor desta comarca e en favor de todos os traballadores.

Realmente, se observan vostedes a prensa de onte e de hoxe, a preocupación é palpable e é visible nos distintos medios de comunicación. Recordaban os señores socialistas, algúns alcaldes, que non escoitan aos seus alcaldes da comarca, porque din realmente: queremos que se vexa un apoio unánime, que estamos todos unidos por un obxectivo común. Realmente non están co Grupo Parlamentario Socialista, non están co seu Goberno en funcións, que podía realmente actuar.

Hai unha falta de compromiso cunha comarca, evidentemente. Hai unha falta de compromiso, realmente, con todos os veciños. E hai unha deslealdade institucional que se converte



nunha deslealdade co pobo galego. Hai unha falta de estratexia da industria, que iso repercute, e hai unha falta de compromiso co emprego. Realmente, iso elévaos a vostedes á categoría de dignos representantes do paro; a iso xa están acostumados todos os galegos, e nós tamén.

Onte coñeciamos a subasta, unha subasta de interrompibilidade, un mecanismo que axuda a Alcoa a paliar o custo eléctrico, un 40 % superior aos seus competidores en Europa. A subasta do 2020 é a máis baixa da historia e a peor distribuída. É dicir, repito para que tomen nota: a máis baixa da historia e a peor distribuída de toda a historia.

Subasta 2020, na actualidade, 1.000; con anterioridade, 2.600. Tomen nota. Con anterioridade, 2.600; na actualidade, 1.000. Antes repartidos en bloques de 40 megavatios, e agora 0. Iso significa que con vostedes non hai un compromiso real do Goberno.

Con anterioridade, as subastas repartían 186 millóns de euros, e agora, 0 euros. Polo tanto, non hai garantía de potenciar unha industria como é Alcoa en beneficio dunha comarca como é A Mariña. Repito por se non se enteraron: 2.000 postos de traballo directos e 6.000 indirectos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Vega, eu o primeiro que quería trasladar hoxe é a solidariedade deste Goberno cos traballadores de Alcoa San Cibrao e cos traballadores de todas as empresas electrointensivas galegas e do resto de España. Estamos ante unha situación de emerxencia na que o Goberno, lamentablemente, non está trasladando ningún tipo de solucións. A situación é agónica e de emerxencia, e a subasta que se publicou onte no *Boletín Oficial do Estado* é unha demostración máis de que este Goberno non ten na súa axenda a industria, e iso, lamentablemente, pode ter consecuencias sen retorno para o emprego e a industria en Galicia. Polo tanto, nestes momentos este Goberno lles traslada solidariedade aos traballadores e lles traslada tamén que vai seguir ao seu carón, que vai seguir loitando para que en Galicia se poida desenvolver a industria, para que en Galicia se poida volver producir aluminio primario en Alcoa Coruña, para que se poida seguir producindo aluminio primario en Alcoa San Cibrao e para que as empresas electrointensivas poidan ter un escenario de certeza e de estabilidade.

O que lamento profundamente é que neste Parlamento os traballadores non escoiten unha voz única defendendo os seus intereses. Lamento profundamente que o Goberno non estea dando solucións. Pero máis lamento que hoxe, ao longo das diferentes intervencións, todos os grupos parlamentarios: o Partido Socialista, o Grupo Común da Esquerda e o Bloque Nacionalista Galego estean falando de desmantelamento industrial. Non escoitei nin unha soa palabra de apoio aos traballadores de Alcoa San Cibrao; non escoitei nin unha palabra de



apoio ás empresas electrointensivas; (*Aplausos.*) e non escoitei nin unha palabra de trasladarlle ao Goberno central de Madrid que así non.

A responsabilidade dos grupos políticos en Galicia é defender os galegos, e por moito que o Partido Socialista de Galicia e por moito que Podemos queiran gobernar en Madrid e por moito que o Bloque Nacionalista Galego queira apoiar a Pedro Sánchez en Madrid non se merecen os traballadores de Alcoa San Cibrao que non se defendan os seus intereses. (*Aplausos.*)

Señorías, a realidade é que levamos ano e medio e o Goberno non traslada unha solución e unha certeza dun prezo eléctrico para as industrias electrointensivas e, nomeadamente, para Alcoa San Cibrao. Levamos varios meses nos que a Xunta de Galicia trasladou unha proposta e non se lle contestou. Hai unha falta de respecto permanente, unha indiferenza permanente do Goberno do Partido Socialista Obreiro Español de Galicia cara á industria, cara aos traballadores galegos. E iso, señores do Partido Socialista, Galicia e os traballadores de Alcoa San Cibrao non o merecen.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Vega Pérez.

O señor VEGA PÉREZ: Moitas grazas, señor conselleiro.

Entendo o seu enfado, entendo a súa indignación, porque é o enfado e a indignación que temos todos os veciños da comarca da Mariña; ese é o enfado que temos todos. Eu, dende logo, dígolle unha cousa, señor conselleiro: vostede vén aquí e responde ás preguntas, ás preguntas que lle fai un humilde servidor, un grupo parlamentario... Vostede non é o señor Caballero: «Caballero, as preguntas que eu quero». (*Murmurios.*) Esa é a diferenza entre un goberno serio e un goberno ou un grupo que pretende ser un goberno. Dende logo, os seus pactos denotan que hai un ataque directo á comarca da Mariña.

O que non podemos seguir permitindo é que se pague un prezo electrointensivo. Esperamos ese estatuto, que poden aprobar, que puideron aprobar. Non podemos seguir pagando 53 euros o megavatio. Se os países competidores están pagando nunha horquilla de entre 30 e 40 euros, ¿como non fan vostedes unha análise e non se centran realmente no importante, que é en defender 2.000 postos de traballo directos e 6.000 postos de traballos indirectos? Ese é o gran beneficio para todo un conxunto dunha comarca que demanda postos de traballo. Dende logo, nós imos seguir defendendo eses traballadores.

Señor conselleiro, eu doulle as grazas porque vostede sempre deu a cara na comarca e no conxunto de Galicia. Vostede foi alí reunirse con eles, cos traballadores, non foi ás portas escoitar a algún amigo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Nós estivemos perfectamente reunidos, mirándolles...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio...



O señor VEGA PÉREZ: ...aos ollos aos traballadores para dicirles que hai un goberno leal, non un intento de goberno que pacta con extremos e quere abandonar o conxunto da comarca. Fíxense ben, señores socialistas, nunca, nunca os veciños da Mariña lles imos perdoar este ataque directo a todos os veciños da nosa comarca.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Vega.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Vega, efectivamente, a situación que está a atravesar nestes momentos toda a comarca da Mariña é unha situación límite e cremos que hai que trasladarlles aos traballadores, como dicía, a solidariedade, pero, sobre todo, temos que falar con claridade, porque os políticos estamos para ser útiles aos cidadáns, e os políticos estamos para darlles solucións aos cidadáns. Durante os últimos dez anos este goberno, a Xunta de Galicia, estivo ao lado dos traballadores de Alcoa e o Goberno do Partido Popular de Mariano Rajoy estivo ao lado e dando solucións aos traballadores de Alcoa San Cibrao. Deulles solucións o Goberno de Mariano Rajoy cando no ano 2012 estableceu un mecanismo de poxa que garante de seguridade xurídica as poxas de interrompibilidade. Deulles solucións cando no ano 2017 a Comisión Europea exixiu unhas regras máis competitivas para o sistema de interrompibilidade. Deulles solucións cando aprobou as partidas para os mecanismos de compensación polos custos de dereitos de CO₂. E estáballe dando solucións o Goberno de Mariano Rajoy cando estaba negociando coa Unión Europea un novo mecanismo que vinculase o apoio da interrompibilidade ao desenvolvemento das renovables. En definitiva, tivemos un goberno en Madrid co Goberno de Mariano Rajoy que deu solucións e deu un prezo para que Alcoa San Cibrao puidera desenvolver a súa actividade.

Nestes momentos estamos ante unha situación na que o Goberno non cumpriu ningún compromiso con Galicia nin cumpriu ningún compromiso cos traballadores de Alcoa San Cibrao. En primeiro lugar, hai un silencio e unha indiferenza do Goberno sobre o Estatuto do consumidor electrointensivo. Non temos ningunha información sobre a promesa de solución anunciada antes das eleccións nin temos ningunha información sobre as medidas formuladas pola Xunta de Galicia co respaldo do sector e deste Parlamento.

Hai un silencio e unha indiferenza tamén sobre a Mesa industrial solicitada xunto cos traballadores de Alcoa San Cibrao, que segue sen convocarse. E hai unha realidade, que é a poxa de interrompibilidade para o primeiro semestre do ano 2020, que é a máis baixa da historia.

Lamentablemente, a única mensaxe que recibimos do Goberno de Pedro Sánchez vai no senso contrario; é unha mensaxe de pechar Alcoa e de poñer en risco outras industrias en Galicia como é Ferroatlántica Sabón. Dende logo, a Xunta de Galicia non vai estar ao lado do



Goberno de Pedro Sánchez, o que esperamos é que o resto de grupos desta Cámara tampouco estean ao lado de Pedro Sánchez (*Murmurios.*) e que, polo tanto, se lle exixa ao Goberno do Partido Socialista unha solución inmediata para os traballadores de Alcoa San Cibrao, para os traballadores das empresas electrointensivas en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Pregunta de D^a María de la Concepción Burgo López e don D. Luís Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o mantemento polo Goberno galego, na actualidade, do compromiso de creación do Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando, en Lugo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Señor conselleiro, como vostede sabe, imaxino, señor conselleiro, acaba de formarse en Lugo unha plataforma cidadá en defensa da realización do Museo da Romanización en Lugo e no cuartel de San Fernando. Esta plataforma está formada pola Federación Provincial de Veciños, a Federación de Comercio, a Asociación Lugo Centrum, a Asociación de Autónomos de Lugo, Comerciantes da Milagrosa, a Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo, a Confederación de Empresarios e múltiples asociacións culturais, entre elas, por exemplo, a última, Lugo Monumental. Todos eles defenden a necesidade de facer o museo en San Fernando e demandan claramente e especificamente á Xunta de Galicia que cumpra as súas promesas; promesas que se están facendo dende 2001, precisamente porque estas promesas non se cumpren. Estes colectivos e moitos cidadáns non teñen problema en manifestar claramente que se senten enganados pola Xunta de Galicia e que se senten indignados pola falta de compromiso e incumprimento.

Mire un titular dun medio de comunicación de Lugo, di o seguinte: «*Indignación social por el rechazo de la Xunta a intervenir en San Fernando*». Este é o clima que existe nestes momentos en Lugo en torno a unha promesa que vostedes levan facendo de forma ininterrompida desde 2001 e despois co Goberno de Feijóo. Non soamente fixeron a promesa, é que tamén fixeron un anteproxecto de rehabilitación que custou máis de 200.000 euros.

E en 2013 dixeron que seguramente habería que esperar un pouco pola crise, cousa que os cidadáns e tamén o Goberno de Lugo entendemos. O que non entendemos é cando o señor Balseiro empezou a facer determinadas e moi pintorescas declaracións. A primeira é que en Lugo había moitos museos e que non era necesario outro. Eu, por favor, recoméndolle que non vaia a Madrid ou a Málaga porque (*Risos.*) lle dá un mal inmediatamente. (*Aplausos.*) E Málaga, que ademais está formando esa...



Logo tamén nos ilustrou con que era suficiente con mandar unhas pezas ao Museo Interactivo da cidade. Mandamos unhas pezas e xa temos o Museo da Romanización. Isto si que indignou os cidadáns, isto si que fixo que as forzas culturais, económicas e académicas de Lugo consideraran que estaban tomándonos o pelo, que o señor Balseiro estaba tomándonos o pelo. Esperamos que o señor conselleiro, non, e que faga outra política.

Ademais, non teño tempo para falarlle doutro problema moi grave, señor conselleiro, que é...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: ...o depósito dos restos romanos que existen en Lugo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, dona Concepción.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Burgo, a verdade é que na súa presentación plantexa tres eixos que, se se avalían un por un, non son certos e faltan realmente á obxectividade.

Primeiro vostede plantexa a situación actual do Museo da Romanización como un clamor cidadán. Creo que aquí podemos facer certas matizacións.

Segundo, plantexa a historia, a longa historia deste museo, como un feito absolutamente lineal, sen que houbera cuestións polo medio que alterasen as estratexias, e tamén é pouco certo.

Tamén plantexa coma se houbera un abandono por parte da Xunta de Galicia da situación cultural de Lugo —que creo que hai datos que o desmenten— e coma se o Partido Popular non tivese interese en poñer en marcha este proxecto, cando realmente quen o puido facer no seu momento tampouco o fixo.

Irei caso por caso. Desde o punto de vista dos investimentos culturais na cidade de Lugo, esta consellería só no ano 2020 está facendo uns investimentos que cremos importantes: na igrexa de San Pedro, 800.000 euros; en reformas e melloras na muralla, 650.000; no pazo de dona Urraca e na casa-torre da Tinería, xunto con Medio Ambiente, preto de 800.000 euros. Estamos a falar no ano 2020 de investimentos só nesta área moi importantes, aos que se lles sumamos outros investimentos da Xunta —pensamos no barrio da Residencia ou no ámbito educativo—, potentísimos investimentos, vemos que a Xunta fai unha aposta moi decidida e moi importante pola cidade de Lugo.

A verdade é que o que queremos facer dende a Xunta de Galicia neste campo, como noutro campo, é facer investimentos, pero facelos ben; queremos investir ben o diñeiro dos cida-



dáns, porque en toda esta historia particular hai un momento que vostede non di, que é a posta en marcha do Museo Interactivo da Historia de Lugo, o MIHL, coñecido como MIHL; un investimento de 12 millóns de euros, de en torno a 12 millóns de euros, feito integramente polo Concello de Lugo; cando eses 12 millóns de euros, se realmente naquel momento o Partido Socialista tivese un interese real de impulsar o Museo da Romanización, ben poderían ter ido a este museo, ao Museo da Romanización, ou a plantexar algo diferente nunha infraestrutura que vostede sabe coma min que realmente ten un uso social e un retorno social realmente moi cativo. Os datos do Concello —non son os datos da Consellería— dinnos que neste museo hai 4.300 visitas/ano. No Museo Xeolóxico de Quiroga hai en torno a 7.000. No Museo do Mar de San Cibrao en torno a 18.000–20.000; no propio Castro de Viladonga, en torno a 25.000. Co cal, temos que investir, efectivamente, pero témolo que facer con moito, moito sentidiño.

E respecto do clamor unánime...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...eu tamén lle quería dicir que hai voces. Este luns víronse voces...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...que plantexan diferentes usos para este equipamento...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...e mesmo a nivel cidadán hai pouco os medios de comunicación plantexaron unha serie de enquisas, e os resultados...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez, ten despois outro turno.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...non son tan claros desde o punto de vista do clamor, que vostede plantexa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Señor conselleiro, non crea vostede no clamor, que vai levar unha sorpresa en determinadas eleccións, xa verá vostede. (*Aplausos.*) Pero, ademais diso, mire, o Concello de Lugo fixo o Museo Interactivo e non o Museo da Romanización. ¿Sabe vostede por que? Porque tiña a promesa da Xunta de Galicia de que o ía facer. Tiña un protocolo de



intencións firmado polo Goberno da Xunta de Galicia de que ía facer esa infraestrutura e de que o Concello daba, cedía o edificio do cuartel, e a Xunta facía esa infraestrutura, precisamente por confiar nas promesas da Xunta de Galicia —que está claro que non se pode—.

Pero, mire, os veciños de Lugo están vendo xa que non se pode confiar en vostedes. Eses veciños e esa plataforma cidadá —que, por certo lle pediu unha cita, que espero que vostede lle dea— están dicindo cousas como esta —non son palabras miñas, son palabras deles—: «As asociacións cualificaron de incompreensible e inaceptable a actitude do conselleiro de Cultura e Turismo con declaracións escasas de ambición sobre a cidade e propostas que ninguén lle demandou, co único fin de obviar a súa responsabilidade e competencias e tratar de enmarañar e dividir a cidadanía». Eu non podoo dicilo mellor, están enmarañando e intentando manexar e manipular a cidadanía. O MIHL non é un edificio que estea previsto para un museo e non pode albergar un museo da romanización, que, señor conselleiro, ten que ser tamén un centro de investigación, de conservación, de rehabilitación de pezas, porque quero recordarlle, señor conselleiro, que vostede ten aparcadas miles e miles e miles de pezas en almacéns que non están nin sequera catalogadas. Vostede é responsable de ter abandonados moitos dos restos romanos aparecidos en Lugo. Non pode vostede....

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: ...dicir o que acaba de dicir, ten que facer o Museo da Romanización...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: ...onde estaba previsto, no cuartel de San Fernando, e Lugo, señor conselleiro, sábeo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo.

Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas.

Señora Burgo, non se deixe levar polos enganos dos espellos porque, ao final, pensamos que todos somos narcisos. Vostede sabe que Narciso se miraba ao espello dunha balsa de auga e acabou afogado.

A primeira forza política de Lugo non é o PSOE, espero e supoño que vostede o saiba. Goberna o PSOE, pero a primeira forza política de Lugo é o Partido Popular; absolutamente foi quen gañou as eleccións.



E, mire, eu simplemente quería dicirlle que, ante o seu clamor, o que vostede plantexa, hai medios de comunicación que fan enquisas públicas e os datos non son así, e tamén hai outras voces que non replican o que vostede está dicindo, o que vostede plantexa nesta sala.

Para resumir, para que quede moi claro e para que a cidade de Lugo e toda Galicia vexa claramente cal é a nosa intención, voulo dicir moi claro: Museo da Romanización, si, sen dúbida; cometer os erros do pasado, non. Non queremos investir 12 millóns de euros ou 10 millóns de euros nunha infraestrutura cultural con reminiscencias turísticas que non ten uso. Queremos rendibilizar e pór en valor o que xa existe. Non seríamos bos xestores dos recursos que nos poñen os cidadáns nas nosas mans se somos incapaces e replicamos os erros do pasado; co cal, temos que ver que erros cometemos no pasado —cometeu, neste caso, o Concello no pasado— para evitalos. Debemos mellorar a oferta cultural e turística da cidade, sen dúbida. Lugo é unha cidade que ten un enorme futuro na perspectiva cultural e turística, e todo o que poidamos facer para mellorar, para potenciar, para xerar desenvolvemento económico e xerar emprego en torno á cultura e ao turismo, benvido sexa.

Respecto do cuartel de San Fernando, ¿rehabilitación desta fantástica construción para un uso cultural ou turístico? Sen dúbida ningunha, si. ¿Improvisación pola oportunidade política? En ningún caso. Non imos xogar a facer oportunidade política dun caso concreto, senón que queremos ter unha visión máis longa, máis profunda e que posibilite desenvolver accións que melloren a oferta cultural desta cidade e con iso a potencia turística que pode ter.

¿Converter esta construción nun referente que mellore a oferta de Lugo? Tamén, sen dúbida ningunha, e facelo sen improvisación. Estamos traballando nun informe, nun proxecto, que presentaremos dentro de moi pouco tempo, de xeito inmediato, onde imos poñer puntos sobre os is, branco sobre negro, sen ningún tipo de improvisación, obviando e superando os erros do pasado, o que plantexa, o que plantexamos neste caso, cunha perspectiva integral, cunha perspectiva global para a cidade de Lugo. Aquí imos definir usos, estratexias e ímolo facer de xeito inmediato, publicamente, co concurso dos cidadáns, e estou seguro de que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...unha vez que se plantexe de xeito inmediato esta estratexia incluso vostedes, ao mellor, a aplauden.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os datos do Goberno galego respecto do grao de cumprimento da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, no referido ao apartado correspondente aos tempos máximos de acceso a elas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Núñez Centeno.



O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Os grupos da oposición levan anos coa teima dos recortes e a privatización da sanidade pública galega nos gobernos do Partido Popular. A semana pasada caeu un dos pilares dos recortes, da teima dos recortes, o auto xudicial que exculpa a dona Carolina Gómez-Criado e a don Félix Rubial das acusacións de homicidio imprudente e de prevaricación que eu particularmente considero mesquiñas.

Toda a alharaca política e mediática que perseguiu estas dúas boas persoas, que non facían máis que o seu traballo no servizo á cidadanía galega, durou case catro anos. Hoxe eu pido outra vez ás persoas que insultaron e faltaron ao respecto a estes servidores públicos que pidan desculpas. (*Aplausos.*) En primeiro lugar, a Carolina e a Félix, pero tamén a todo o Grupo Parlamentario Popular, á Consellería de Sanidade e ao presidente Feijóo.

De todas e cada unha destas persoas temos escoitado neste hemiciclo verdadeiras barbaridades. Reitero, esperamos as súas desculpas, que xa tardan dabondo.

O segundo mantra dos grupos da oposición son as supostas privatizacións do sistema de saúde. Señor conselleiro, a aprobación da Lei de garantías veu precedida e acompañada de constantes manifestacións dos grupos da oposición en relación co interese privatizador da mesma. Era, segundo estes voceiros, a única razón da existencia desa lei, crear un nicho de negocio para os hospitais privados galegos, aos que se derivaría unha gran parte deses procesos garantidos en 60 días para cirurxías e 45 días para probas diagnósticas e primeiras consultas. Esa falacia segue a ser repetida de xeito constante polos grupos da oposición, obviando resultados feitos públicos por vostede e o seu equipo en distintas ocasións que reflectían a inexistencia de derivacións a hospitais concertados e o mínimo número de casos que foron atendidos en hospitais públicos doutra área sanitaria.

Pero estamos acostumbrados, señor conselleiro, nin se piden desculpas por falsas acusacións nin por utilizar con fins electoralistas constantes e repetidas falsidades que non teñen nada que ver coa realidade. E seguen a mesturar e a confundir —hoxe mesmo tivemos o exemplo— as cifras das listas de agarda, as mellores da serie histórica en Galicia, coa aplicación da Lei de garantías. Cumpridos os dous anos da publicación do Decreto polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas, os deputados e deputadas deste grupo queremos preguntarlle: ¿que datos pode facilitar a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia sobre os resultados do cumprimento do Decreto de garantía de tempos máximos de espera no acceso ás prestacións sanitarias públicas?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Núñez Centeno.

Ten a palabra, para a contestación, o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, presidente.

Señores deputados, o 10 de xaneiro de 2018, como vostedes saben, entrou en vigor o Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantías de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas. Este texto normativo completa o desenvolvemento da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, e súmase ao decreto que regula o dereito á segunda opinión médica, libre elección de profesionais e centro hospitalario e ao que regula o funcionamento do Rexistro Galego de Instrucións Previas.

O Goberno Feijóo pensou sempre que había que dar, ter garantías, dentro da prestación de servizos. A través deste decreto garántense os seguintes tempos máximos: un prazo máximo de espera de 60 días naturais para intervencións cirúrxicas programadas e non urxentes, cancro e outras patoloxías graves; un prazo máximo de espera de 45 días naturais para as primeiras consultas externas hospitalarias programadas e non urxentes de vía rápida de cancro; e un prazo máximo de espera de 45 días naturais para as primeiras probas diagnósticas ou terapéuticas programadas e non urxentes garantidas, relacionadas todas elas con vías rápidas de cancro.

Con ese decreto, desde a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde adquirimos un novo compromiso cos pacientes, xa que se pasa dunha xestión global de tempos de espera por prioridades, unha espera media, para todas as doenzas, a un compromiso individual por paciente e por patoloxía.

A selección destes procedementos realízase tendo en conta a gravidade das patoloxías, a efectividade e a oportunidade da atención sanitaria e os protocolos de priorización contrastados coas sociedades científicas.

Este decreto selecciona patoloxías oncolóxicas malignas, valvulopatías, patoloxías vasculares arteriais, patoloxías cerebrais benignas e patoloxías oftalmolóxicas. A estas doenzas irán incorporándose outras de xeito progresivo.

Ademais, é importante sinalar que cando desde o Servizo Galego de Saúde non se lle poida ofrecer ao cidadán a atención no tempo máximo establecido este poderá optar por continuar na lista de espera do centro que lle corresponde ou requirir a atención garantida noutro centro acreditado na Comunidade autónoma, ben nun centro público doutra área sanitaria ou nun centro concertado.

Nestes casos, o Servizo Galego de Saúde asumiría directamente o pagamento dos gastos derivados da intervención e, como ben di vostede, non houbo, despois de case dous anos deste decreto, ningunha derivación a centro concertado; non houbo a privatización que a oposición anunciaba.

Polo que se refire aos resultados da entrada en vigor da norma o 10 de xaneiro de 2018 ata o 28 de novembro de 2019, como dicía, hai case dous anos, beneficiáronse 85.200 pacientes, 20.944 en intervencións cirúrxicas e de diagnósticos garantidos, 32.000 de consultas e 31.000 de probas diagnósticas.



Unha vez máis Galicia está considerada...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...como a cuarta comunidade autónoma que menos listas de espera ten. Seguimos mellorando con máis garantías...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...menos esperas, máis calidade de atención, menos pacientes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Grazas, pola resposta, señor conselleiro.

Dende logo, creo que pasa o tempo e se confirma que voceiros e voceiras dos grupos da oposición tentaban enganar a cidadanía galega. Parece que todo serve para arrancar votos.

Esa lei privatizadora estase a converter nun instrumento eficaz para a priorización dos procesos cirúrxicos, das probas diagnósticas e das primeiras consultas de enfermidade. Cúmrese en todos os casos, e no cen por cento deles utilizando medios da sanidade pública en centros públicos; 85.200 actuacións en centros públicos. Queda claro que non dicían a verdade na crítica a esta lei, que favorece as persoas e mellora as prestacións sanitarias, valorando e priorizando os procesos pola súa gravidade.

Aproveiten, señorías da oposición, as desculpas que deben á cidadanía polo seu comportamento no caso da hepatitis C para facelo tamén cos cidadáns por telos enganados en relación coa Lei de garantías. As persoas que viron cumpridas as súas expectativas nas citas para consultas, probas e cirurxías así llelo demandan. Non dan aprendido. Non tenten gobernar utilizando a mentira repetida. Xa fallaron en varias ocasións, fallaron naquel panfleto socialista das eleccións do ano 2012, que profetizaba que o Goberno do Partido Popular ía cobrar para todo, por todas as prestacións sanitarias. Non dicían a verdade. O xulgado confirmou a titularidade pública do Hospital Álvaro Cunqueiro, tampouco dicían a verdade. Non se cobrou por utilizar os sillóns deste hospital, como insistiron aquí en distintas ocasións, tampouco dicían a verdade.

Señor conselleiro, este grupo está orgulloso da aprobación desta lei e dos datos que nos ten aportados vostede hoxe en relación coa aplicación da mesma.



Pola nosa parte, non hai máis preguntas. Non sabemos se vostede quere ampliar algún dato máis en relación coa aplicación da lei na segunda quenda de intervencións.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Núñez Centeno.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

O avance en recoñecemento de dereitos vén marcado pola aprobación da Lei do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, que ten por obxecto: outorgar as garantías necesarias aos usuarios do sistema público de saúde de Galicia para o exercicio dos dereitos de atención nos prazos establecidos, a libre elección de médico de familia, pediatra e persoal de enfermería, así como de centro hospitalario, a solicitude dunha segunda opinión médica e a formulación das instrucións previas e de información de dereitos, deberes, servizos e programas do Sistema público de saúde.

Mentres outras comunidades están aínda tratando de diminuír o que é a lista de espera cirúrxica, nós, como dicía anteriormente, estamos na cuarta posición das comunidades autónomas que menos espera teñen. Loxicamente, estamos avanzando en dereitos para todos os cidadáns.

Os resultados. Cada un destes apartados creo que é interesante que os coñeza este Parlamento. O primeiro é o dereito á libre elección de médico de familia, pediatra ou profesional de enfermería de atención primaria, así como de hospital ou complexo hospitalario desde a entrada en vigor da norma. A libre elección de profesional de medicina de familia, pediatría e de atención primaria foi o 21 de abril de 2015; a libre elección de profesional de enfermería en atención primaria, o 20 de agosto de 2015. Ata o 31 de outubro de 2019 realizáronse 533.478 solicitudes, sendo ademais numerosas as de médico de familia e persoal de enfermería de atención primaria. Máis de medio millón de persoas decidiron cambiar nalgún momento de profesional ou, como dicía, dalgún outro de referencia, non só médicos de familia, pediatras ou persoal de enfermería, senón tamén de centros hospitalarios.

O dereito a dispor de segunda opinión médica tamén garante aos pacientes esa segunda opinión médica en relación cun primeiro diagnóstico ou proposta terapéutica emitido por un profesional médico do Sistema público de saúde. Creo que é fundamental que unha persoa, ante unha decisión importante da súa vida, poida ter esta segunda opinión, non só no que se refire ao que é patoloxía oncolóxica, senón a outros casos tamén, como digo, de enorme gravidade que poidan producir unha invalidez crónica e que poidan afectar moitas persoas. Desde a entrada en vigor o 17 de maio de 2015 ata decembro do 2018 estimáronse máis de 1.500 solicitudes. Por esta lei garántese o dereito á manifestación das instrucións previas do paciente, que serán tidas en conta polo persoal sanitario no marco establecido na legalidade vixente. Neste momento xa exerceron este dereito unhas 10.000 persoas, e estamos agora mesmo cun protocolo coa Fegamp para tratar de estender os puntos onde poidan facer esta declaración.



Señorías, temos unha sanidade innovadora que investiga e que forma magníficos profesionais, e sobre todo unha sanidade na que a persoa, o paciente, está presente en todas as nosas decisións e actuacións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e é o destinatario de toda e cada unha das medidas e dos avances que permitan mellorar a calidade da súa saúde.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Cambio no desenvolvemento da orde do día

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos agora ao debate acumulado das preguntas 7.8 e 7.9.

Pregunta de D. Julio Torrado Quinteiro e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da perda progresiva de servizos que se vén producindo no Hospital de Verín

Pregunta de D^a Paula Vázquez Verao e tres deputados/as máis, do G. P. Mixto, sobre as razóns da Xunta de Galicia para recortar servizos sanitarios no Hospital Comarcal de Verín

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra, en primeiro lugar, o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Dicía o Partido Popular o 20 de novembro, hai dúas semanas, aquí, que a nova organización permite garantir os servizos en Verín. Hai dúas semanas. Tres días despois, decidiron suprimir o paritorio de Verín. Miraban para adiante prometendo servizos, pero gardaban a man co machete para recortar servizos; a man dereita, que sempre é a que recorta servizos, ademais, non o olvide.

Hai un recorte de servizos programado e sistemático nos hospitais comarcais, e ten o seu fundamento unicamente nun criterio: cartos, recortes. Porque vostedes toman esa decisión por cartos, non hai ningún outro criterio técnico que a decida, e sabe vostede, ademais, que é así. Porque, entre outras cousas, se Ourense está tan cerca de Verín, Verín está igual de cerca que Ourense, e os profesionais lle dan solucións: ademais de ter o persoal estable alí, danlle a solución dos profesionais rotatorios, que vostedes teñen falado desa posibilidade noutras ocasións —curiosamente, non nesta—.



Están vostedes experimentando con Verín, a ver que é o que pasa, a ver como reacciona a xente, e como están tan desconectados da realidade, non esperaban estas reaccións, porque, baseándose nos criterios que vostedes utilizan, todos os hospitais comarcais perderían os paritorios, ¡todos! Polo tanto, se vostede segue con isto, saiban os deputados e deputadas do Partido Popular que cando teñan responsabilidades de explicar que pasa nos hospitais comarcais van ter que dicir que permaneceron calados, e agardo que non o fagan.

Pero, fronte a isto, vostedes fuxiron para adiante, coa soberbia da Consellería, insultando a profesionais, dicindo que non había calidade e que non tiñan pericia. Logo corrixiron e traballaron na política do medo de Feijóo, de meterlle medo á xente coa seguridade, que sabe vostede que, ademais de ser mentira, é bastante, bastante lamentable.

Ese desprezo aos profesionais levou a 20.000 persoas á rúa. Chegou vostede incluso aquí, con esta situación perdida na que están, a falar da vida privada dalgúns políticos. ¡Bastante perdido hai que estar! De feito, empezou a falar de que había que dar exemplo a algúns políticos de onde parir, e eu a verdade tiven bastante medo polo que ía dicir, pero non parece lóxico falar desas cousas para escusarse.

Esta resposta cidadá, e de moitos e moitas profesionais, moitísimos e moitísimas profesionais, foi un clamor atronador, señor conselleiro, e ademais sen máis bandeiras que a sanidade pública e a defensa do hospital de Verín, porque se levásemos bandeiras de partidos, que non se levaron, vostede sabe que estaría tamén a do seu, porque había compañeiros e compañeiras seus alí, e xa non pode vostede dicir que estamos alarmando coa sanidade pública. Vostede está hoxe pasando un exame, non co noso grupo, por suposto, está pasando un exame co seu grupo, e non parece que o vaia aprobando. E lembre, neste Parlamento xa houbo deputados pechados nun piso en contra dunha acción da Xunta, e doulle un dato obxectivo: a oposición máis os deputados de Ourense do PP suman maioría. *(Aplausos.)* Rectifique, señor conselleiro. ¡Rectifique!, sobre todo, porque, se non rectifica vostede, señor conselleiro, vano facer rectificar, e se o teñen que rectificar a vostede é malo para todos, tamén para Verín. Rectifique, que é o mellor para o sistema sanitario. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado. Rematou o seu tempo.

Ten a palabra agora a señora Vázquez Verao, en representación do Grupo Parlamentario Mixto.

Moitas grazas.

¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

Ten vostede a palabra.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si, están a tempo de rectificar, e, efectivamente, hai un clamor cidadán, e haino porque é a primeira vez que a Xunta pecha un servizo de partos nun hospital comarcal, e iso que é o Goberno da lexislatura do rural e o que dicía que a creación das EOXI ía mellorar a calidade da atención. Non sei se as mulleres de Lemos poderemos parir en



Monforte no 2020, porque o caso é que nin no Barco nin en Monforte se chega nin á metade deses 600 partos anuais. Xa dixeron que non ían pechar estes paritorios, pero, ¿por que Verín si? ¿Por que en Verín non se ten en conta a distancia? Pois a razón é ben sinxela, porque é que é máis fácil cargar sobre as mulleres que xestionar ben, que buscar solucións, porque solucións habíaas, pero implican xestionar a sanidade tendo en conta a realidade do poboamento disperso do país e poñendo recursos sobre a mesa.

Din que falaron cos profesionais. ¿E falaron coas matronas? Porque temos a estas profesionais de referencia do parto normal aquí na tribuna e elas mesmas, que veñen de reunirse coa valedora do pobo para evidenciar que as mulleres de Verín e da comarca quedan en desigualdade con respecto a outras comarcas galegas, estaban dispostas a facer xornadas no CHUO antes de que pechara o servizo. Non sei se tamén falaron cos obstetras e pediatras de Verín. Porque ¿cal é o criterio científico que levou a que non haxa gardas de pediatría en Verín e se haxa que desprazar 70 ou 100 quilómetros para unha urxencia pediátrica? O certo é que se incrementaron os traslados de neonatos a Ourense. ¿Que sucedía? Buscábanse argumentos para o peche da Unidade de Partos de Verín. Pero vaíamos aos argumentos, aos argumentos que deu a Xunta para o peche da unidade, porque foron contestados pola Asociación de Matronas Galegas, polos colexios de enfermería de Galicia, polas profesionais sanitarias de Verín e por outros hospitais comarcais. Ata o PP de Ourense lles cuestionou o peche deste servizo. Hoxe mesmo tamén o fixo na SER o xefe de sección de Obstetricia do Hospital 12 de outubro. Porque, en primeiro lugar, o umbral dos 600 partos anuais é un criterio para a apertura de novos servizos, pero non para pechar aqueles en áreas dispersas, porque a Administración debe garantir que alí onde haxa un desprazamento moi longo haxa unidades de partos sempre que sexa posible, porque aumenta o risco ao aumentar a distancia.

Os colexios de enfermería tamén descartan o argumento da perda de experiencia profesional polo número de partos, porque, lembremos, nun parto normal son as matronas as profesionais de referencia e as que manteñen actualizados coñecementos e prácticas a través da formación continua —por certo, que o Sergas está obrigado a impartir—.

É curioso que non teñan en conta todas as recomendacións da OMS e do Ministerio de Sanidade. ¿Por que non as teñen en conta na recomendación que incide na necesidade desa atención personalizada, que si se dá en Verín esa atención de rateo dunha matrona por unha paciente? Porque a realidade é que faltan profesionais en todo o sistema para atender individualmente as mulleres embarazadas.

A idade da nai por si soa non é un factor de risco, e é máis, vaise engadir un problema engadido, que é que van aumentar os ingresos antes de tempo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Van aumentar os ingresos antes de tempo porque as mulleres, nunha situación de estrés, van acudir antes, van ir a Ourense e van ter que ser ingresadas antes de tempo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.



Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes de novo, señor presidente.

É certo que vostedes non queren falar de datos, que queren falar de sentimentos. Eu teño que falar de datos porque son o responsable da asistencia sanitaria.

Señor Torrado, non estou temblando, de verdade que non estou temblando.

Mire, ante os contundentes informes dos responsables médicos dos servizos de Obstetricia, Xinecoloxía e Pediatría da área sanitaria de Ourense, tomamos a difícil decisión de facer unha reordenación da atención obstétrica e pediátrica, que é atender os partos das mulleres da comarca de Monterrei no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense; unha decisión responsable, tomada tendo en conta, antes que ningún outro criterio, a seguridade dos nenos e das nenas e das súas nais. Argumentos avalados pola evidencia científica e o criterio profesional.

Se toda actividade asistencial conleva riscos, é na atención obstétrica onde a súa minimización acada unha especial importancia, dadas as potenciais consecuencias que poden derivar, e, como digo, fundamentado no que hai que fundamentalo, en informes dos profesionais, dos que firman os ingresos e as altas dos pacientes, das pacientes, dos nenos e das nenas.

Desafortunadamente, na comarca de Monterrei, igual que noutras áreas de Galicia e de España, temos un problema de natalidade, un problema importante. A poboación descendeu desde o ano 2010 nun 13,6 %. O número de partos — téñeno vostedes aquí— pasou de 147 no ano 2010 a 60, que quedarán este ano. As mulleres en idade fértil tamén diminuíron de forma importante, nun 26,6 %, e aínda se calcula que a proxección diminuirá un 7,45 % máis. Isto condúcenos a unha dramática situación, como dicía, do número de partos acadados.

Ademais diso, hai que engadir que os partos son máis complexos: nais con máis idade —a idade é un factor moi importante, señora Vázquez Verao, moi importante—, pero tamén a patoloxía asociada, a hipertensión, a diabetes, a obesidade, a fecundación *in vitro*, que fai que un proceso como o embarazo e o parto requiran cada vez especialización maior no uso de recursos.

Por esta razón, o manexo do recém nacido é máis complexo, con maiores exixencias de pericia neonatolóxica e tamén tecnolóxica. De feito, as mulleres con embarazo de alto risco xa veñen sendo atendidas e parindo en Ourense. As embarazadas de alto risco —11 en total nese ano 2019— van a Ourense e non hai ningunha incidencia. Non parece razoable que as de baixo risco teñan máis problemas de desprazamentos que as de alto risco.

Ademais, un tema de moita preocupación para nós: nos últimos cinco meses trasladáronse, unha vez nados, 7 nenos. O traslado dun recém nacido cunha urxencia teórica —se non, non había que trasladalo a Ourense— é moito máis perigoso que antes do parto.

Outra circunstancia que estamos a padecer é a escaseza de pediatras a nivel nacional, profesionais imprescindibles no momento do parto para unha correcta atención ao neno e á



nena que acaba de nacer. Todo isto levounos a tomar esa decisión de atender os partos das mulleres da comarca no Complexo Hospitalario de Ourense; unha decisión responsable, como dicía, e difícil. ¿E quen son os nosos asesores? Pois profesionais sanitarios, aqueles nos que confiamos, aqueles que salvan vidas, aqueles que a máxima preocupación que teñen é que a saúde do paciente, sexa a nai, sexan os nenos, sexa a mellor posible. Pero tamén as sociedades científicas, a Sociedade Española de Neonatoloxía, a Sociedade Galega de Pediatría, a Sociedade Internacional de Ultrasonidos en Obstetricia, o Colexio de Médicos de Ourense, como dixemos anteriormente, e tamén os criterios de administración. É certo que o Ministerio fala de 600 partos. Aquí, a nivel galego, falamos de 300. Pero logo fala da distancia, e, loxicamente, aquí non estamos falando de hospitais comarcais, estamos falando dun caso concreto nun momento concreto.

En Verín concorre unha caída drástica do número de partos e unha distancia ao centro de referencia non superior a 45 minutos por autovía, tempo aceptable para garantir unha accesibilidade axeitada. Hai lugares do propio Ourense que tardan máis en chegar agora mesmo ao hospital de Ourense que desde Verín, como Lobios e outras partes de Ourense, e no resto de Galicia tamén os hai.

Paralelamente hai que indicar que o Hospital de Verín non ten servizo de pediatría desde o ano 2006, ano que gobernaba, por certo, o Bipartito. Nós fixemos unha convocatoria o 26 de xuño do 2019 que quedou deserta, á que non se puideron incorporar.

Polo tanto, señorías, os mesmos que agora cuestionan os informes técnicos que fundamentan esa decisión, son os mesmos que nos criticarían se con eses informes non tomásemos a decisión de reordenación. Nós preferimos tomar esas decisións, antes de que teñamos que lamentar consecuencias irreversibles para unha muller ou para un bebé. E desde aquí, á parte de saudar os profesionais que están hoxe con nós neste Parlamento, quero dicir que o traballo de todos os profesionais de hospitais comarcais e, por suposto do Hospital de Verín, é magnífico; é un magnífico traballo durante moitos anos, pero nós temos que velar polas circunstancias concretas en momentos concretos e tomar decisións difíciles (*Aplausos.*) que, desde logo, só buscan a seguridade dos pacientes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra, en primeiro lugar, o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Si, son moi bos, pero quítalles o servizo. ¡Fantástico! (*Aplausos.*)

Respecto dos profesionais, señor conselleiro, vostede e o señor Feijóo apelan á cuestión da seguridade e do medo. Permítanme facerlle algunha consideración sobre os profesionais. Algúns deses profesionais nos que vostede di que se basea —non confunda profesionais con entidades, por certo— levan anos presentando os mesmos informes —os mesmos—: «Esta



decisión, que é o apoio» —que dixo algún profesionalv «debería de terse tomado hai anos». ¿Están vostedes dicindo, entón, que levan anos —¡anos!—, non tomando unha decisión que hoxe din que fan por seguridade e por urxencia? Porque iso é o que están dicindo. Polo tanto, é unha decisión política, porque queren, non técnica.

Hai varios profesionais que firman, si, e hai un xefe de xinecoloxía de Verín que algo saberá e hai un xefe de xinecoloxía do Barco que algo saberá. Voulle dar outro dato, que agora non dixo e que foi moi interesante hoxe pola tarde. Citou un dos seus asesores, o doutor Rodríguez Zambrano. ¿Por que falamos do doutro Rodríguez Zambrano —médico no hospital de Torreledones—? Fíxese nunha curiosidade —casualidade ¡eh!—: médico nun hospital privado, propiedade da empresa que ten o maior número de clínicas privadas de xinecoloxía en Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se, ao final, os labirintos da Consellería acaban sempre no mesmo lugar, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

Pero, mire, eu voulle dar unha referencia dun profesional da pública —xa que vostede me apelou a un de Madrid, eu fállolle doutro de Madrid—, porque hai profesionais para todo e non hai unha decisión clara, técnica, correcta e dogmática. O xefe de Asistencia ao Parto do Hospital 12 de Outubro —algunha cousa saberá— di: «Non se perde pericia nesa situación. As escusas son ante unha medida que simplemente é de aforro de persoal. E hai un risco para as mulleres de percorrer esa distancia con dores de parto». Iso dío un profesional tamén.

Por certo, se lles fan caso aos profesionais tanto como din agora, ¿onde está a Hemodinámica para Ourense, a ambulancia de 24 horas en Foz ou as Urxencias en Santiago? (*Aplausos.*) ¿Que pasa co xefe do Servizo da Atención Primaria en Vigo, señor conselleiro? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Vostede usa os profesionais como chicles, de usar e tirar, porque a vostede non lle importa nada todo isto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Xa rematou o seu tempo.

O señor TORRADO QUINTELA: É unicamente para xustificarse. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moi ben. Moitas grazas.

Ten agora o turno para réplica a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si, en canto aos informes científicos, trasládeos, porque as profesionais de Verín o que nos din é que non os coñecen e que, por informar, nin sequera se lles trasladou oficialmente como vai ser o novo protocolo de traballo, o cal é tremendo.

Falemos de datos, si. Pois os datos son que en quince anos, con 2.500 partos atendidos, non houbo problemas de gravidade na Unidade de Partos de Verín. escoite o xefe de Xinecoloxía



de Verín, que avala estes bos resultados: nin unha soa morte fetal intraparto. Cando había pediatra en Verín, evidentemente, non había que derivar, non había tamén ese risco. ¿Vaise tamén garantir nos traslados que haxa pediatra? Iso tamén está en cuestión.

En canto aos tempos de desprazamento, claro que hai mulleres no noso país que pasan máis dunha hora de desprazamento para o hospital, por exemplo, as que viven no Courel. Pero é que estamos a falar dunha comarca e dunha área do hospital que abarca unhas 30.000 persoas que queda sen unidade de partos e sen servizo de pediatría de urxencias.

E hai que escoitar os profesionais —xa foi dito aquí—. Escoite a todos e todas e fágalles caso a todos e todas, despois de valorar todas as opinións, non só as que interesan, e escoite tamén os xinecólogos de Verín e do Barco. Feijóo dixo que si, que se baseaba na opinión dos profesionais, pero iso, só cando interesa. En primeiro lugar, se só se toman decisións técnicas, pois entón non farán falta altos cargos no Sergas. En segundo lugar, pois iso, que hai profesionais que non avalan os seus argumentos, sobre todo esta cuestión que dixo o señor Feijóo pola mañá de que un parto se podía programar. ¿Significa isto, entón, que en lugar de facilitar ao máximo que os partos sexan o menos intervidos posible —como pretendían facer cun servizo de referencia as profesionais en Verín— vai apostar por unha taxa aínda maior de cesáreas? Porque iso é o que vai pasar, que en lugar de apostar por servizos que garantan unha atención individualizada por parte das matronas —que é o que tamén recomendan as guías internacionais— vaise aumentar a instrumentalización do parto. No Hospital de Verín podíase ter un seguimento personalizado.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: As profesionais que están aquí coñecían a cada xestante...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...dende o inicio ata o final do proceso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A verdade é que non podo estar de acordo con que diga que os profesionais que traballan no Hospital de Ourense van facer máis cesáreas que os doutro paritorio. A verdade é que a min me sorprende cando se ataca a profesionais que... *(Murmurios.)* Mire, os asesores que temos —como dicíamos— son os profesionais, pero non un nin dous, senón todos os que están no Hospital de Ourense, 23 pediatras e 21 xinecólogos, que firman un escrito dicindo que cren que é a mellor medida posible —non o di a Consellería—. A Consellería claro que toma decisións, pero baseadas sempre en criterios profesionais. ¿Que pasaría se fora ao revés, que os criterios profesionais non fosen aceptados pola Consellería? Creo que sería un gran erro.



A gran diferenza que houbo nos últimos anos, señor Torrado, pois precisamente é esa da que estamos falando: a diminución importantísima de partos. Ese é un elemento fundamental. ¿E que van ganar as mulleres e os nenos por este traslado a Ourense? Pois que van ter ecografía de alta resolución, unha UCI de adultos para as nais, unha UCI pediátrica para os recién nacidos, se o necesitan, (*Murmurios.*) e, desde logo, consultas de subespecialidades que están nese propio hospital.

Dise tamén que se eliminan as Urgencias en Verín. As Urgencias en Verín están cubertas, como o estaban ata o de agora, porque as urxencias primeiras as fan os pediatras de atención primaria, que, como dicía na intervención da primeira hora da tarde, teñen unhas ratios das máis baixas de España, 700 nenos aproximadamente por pediatra. E despois no PAC, como en todos os PAC de Galicia, porque hai profesionais moi ben formados que poden atender esa primeira urxencia. E, desde logo, hai un protocolo en caso necesario de derivación para facer o traslado a outro hospital, neste caso ao Hospital de Ourense.

Polo tanto, non hai que sementar o pánico na poboación, que é o único que buscan algúns de vostedes. (*Murmurios.*) ¿Por que? Porque os asesores que o utilizan... (*O señor conselleiro de Sanidade amosa unha fotografía.*) Estes son os asesores, cunha foto de fondo do Hospital de Verín: son alcaldes, senadores, deputados... Pero a realidade é que quen fai a atención son estes profesionais, que firman un manifesto dicindo que están de acordo con isto.

E hai un desmantelamento —que é outro argumento que utilizan vostedes do Hospital de Verín—. Pois a verdade é que parece que non é moi razoable o que din. Pese a perder poboación —unhas cifras importantes de poboación, como dicíamos, desgraciadamente, na comarca, como pasa noutras zonas de Galicia—, aumentamos o persoal —estamos comparando o ano 2010 co ano 2018— de 254 a 298 profesionais; en médicos, de 37 a 39. Como dicíamos, desgraciadamente, a plantilla do Bipartito... No ano 2006 había plantilla, pero o Bipartito acabou con ela, non a hai, (*Murmurios.*) pese a esas prazas que sacamos que non podemos cubrir por non presentarse absolutamente ninguén. En persoal sanitario, pasamos de 179 a 208, e en persoal non sanitario de 34 a 49. É certo que en directivos pasamos de 4 a 2, aí si houbo recorte de directivos no hospital.

Na actual situación de insuficiencia de persoal médico especialista, a existencia de áreas integradas é a que está a permitir que profesionais de Ourense se despracen a Verín e manteñan cobertura doutros moitos servizos, como Oncoloxía Médica, Nefroloxía ou Dixestivo. Desde logo, estamos tratando de facer todas esas melloras.

¿Que non hai futuro para o Hospital de Verín? Hai futuro para o Hospital de Verín. Hoxe o presidente da Xunta falou dun proxecto importante que estaba demandado, que era a ampliación do Servizo de Urgencias e PAC. Temos xa aprobado o Plan de espazos e o Plan funcional para a continuación poder chegar e licitar ese proxecto. Desde logo, nestes momentos tamén estamos coa mellora do laboratorio, a nova sede do 061 e outros proxectos que temos para aí.

Imos seguir traballando porque o labor da Consellería e dos profesionais é seguir facendo as cousas como hai que facelas, con criterio científico, evidencia científica, e seguindo o que os nosos profesionais, con moitos anos de experiencia, seguen a dicir.



Para nós — como dicía anteriormente — neste momento non están en discusión os hospitais comarcais nin os extraordinarios profesionais que día a día fan neles un magnífico labor nin, por suposto, está en cuestión o futuro do Hospital de Verín — como dicía — porque temos proxectos en marcha; e outros a curto, a medio e a longo prazo. Trátase dunha medida concreta ante unha situación concreta.

Quero agradecer a todos os profesionais do distrito de Verín o seu traballo diario por mellorar a calidade de vida dos veciños. Quero pedir a comprensión á poboación polas molestias que se poidan causar, pero quero dicirlles que o único fin que ten esta decisión é velar pola saúde dos cidadáns da comarca. Dedicaremos todo o tempo necesario para seguir informando a poboación das bondades desta medida.

Cando un político xura ou promete un cargo, faino para protexer os dereitos dos cidadáns. E o dereito máis importante é o de protección da saúde.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor conselleiro.

Continuamos coa orde do día.

Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance do Goberno galego respecto da posta en marcha do proxecto Red May, de apoio e mantemento comunitario de persoas maiores no contorno rural

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Ten a palabra, para formular a pregunta, a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señora conselleira.

Boa tarde.

En xuño do ano 2017 o daquela conselleiro de Política Social, o señor Rey Varela, comparecía neste Parlamento para explicar os proxectos aprobados pola Unión Europea en materia de política social, e falaba de catro proxectos, cun orzamento de 7,8 millóns de euros. Hoxe nós queremos preguntarlle sobre un deses catro proxectos, concretamente, sobre o Proxecto Red May, esa rede de apoio ás persoas maiores que viven no rural... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...coñecido como Programa de coidados porta a porta; un programa que leva ao domicilio servizos gratuítos como oftalmoloxía, podoloxía ou atención ao Alzheimer. Naquela comparecencia os grupos da oposición viñeron desprezar os proxectos, aos que denominaban «proxectos esperpento», «programiñas» ou «migallas da Unión Europea». Incluso o Partido Socialista chegou a dicir que o máis interesante que dixera o conselleiro nesa comparecencia fora dar as boas tardes aos señores e ás señoras deputadas.



Pois ben, en xuño do ano 2019 póñense en marcha esas unidades móbiles en 20 concellos do rural galego, cun equipo de profesionais e cun orzamento só este programa de 1,1 millóns de euros. Obtiveron o recoñecemento de distintos sectores sociais por representar non só un avance na atención ás persoas maiores e no envellecemento activo, senón tamén por prestar eses servizos no contorno rural.

Para nós, para o Grupo Popular, si é importante coñecer os datos e o detalle dese programa que se está a desenvolver en Galicia, coñecer cales foron os concellos que visitaron estas unidades móbiles, cantos usuarios, cantas persoas maiores foron atendidas e que perspectivas de futuro ten vostede en relación con este programa.

Por iso hoxe queremos saber que balance fai vostede da posta en marcha deste Programa de cuidados porta a porta para as persoas maiores no rural.

Máis nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Rodríguez Arias.

Para responder ten a palabra a conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidenta

Deputada Rodríguez Arias, moitas grazas tamén a vostede por traer a este Parlamento de Galicia unha pregunta acerca das cuestións primordiais, como é a atención aos nosos maiores.

O Goberno galego centra o seu esforzo en aumentar cada día os servizos que poñemos á disposición das persoas maiores para que sexan principalmente elas as que escollan que tipo de servizo lles convén. Porque, señoría, cando lles preguntamos ás persoas maiores como e onde queren pasar esta etapa da súa vida, a maioría das persoas maiores dinnos que eles queren quedar nas súas propias casas, ao carón da súa xente e na súa contorna de sempre. En definitiva, como é lóxico, non queren deixar atrás as súas vidas nin deixar atrás as súas lembranzas.

E por iso a Xunta de Galicia seguirá achegando á porta da casa das persoas maiores, vivan onde vivan, servizos de máxima calidade que lles fagan a vida máis doada, sen que teñan que desprazarse fóra da súa localidade ou da contorna máis inmediata. Deste xeito, puxemos en marcha unha iniciativa innovadora no rural, como é o programa ou Proxecto europeo Red May, ou tamén Programa de cuidados porta a porta, co que se achegan aos maiores que viven en concellos pequenos servizos —como vostede ben dicía— de optometría, de podoloxía, de estimulación da memoria e tamén servizos de apoio persoal e asesoramento en diversos temas como pode ser a interpretación das facturas da auga, da luz, ou en temas tamén diversos como as receitas médicas ou servizos bancarios.



Con este programa, señorías, no ano 2019 atendéronse xa a máis de 2.100 persoas maiores en 20 concellos distintos de toda Galicia; 5 localidades en cada unha das provincias galegas; máis de 2.100 persoas atendidas no seu primeiro ano, e, o que é máis importante, un nivel de satisfacción dos usuarios e dos propios concellos nos que se levou a cabo esta iniciativa moi, moi alto. Porque cando as cousas funcionan consideramos que hai que apostar por elas, e por esa mesma razón a Xunta de Galicia multiplicará neste ano 2020 por 10 o alcance deste programa para chegar a 200 concellos da nosa comunidade.

Mediante os diferentes recursos que ofrecen as unidades móbiles do Programa de coidados porta a porta, o Goberno galego conseguiu dar un paso máis no seu compromiso de facer do rural un lugar máis amigable e coidadoso coas galegas e cos galegos de máis idade e tamén unha terra viva, dinámica e con futuro. Pero fundamentalmente o que se conseguiu con este servizo foi facer realidade o desexo maioritario dos nosos maiores, que non é outro que permanecer nas súas casas e na súa contorna.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora conselleira.

(Aplausos.)

Para a réplica ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas.

Señora conselleira, queda claro que o que para a oposición era ridículo non o é para esas 2.100 persoas maiores que foron atendidas a través deste Programa de coidados porta a porta. Porque achegar ás persoas maiores que viven nos concellos do rural servizos sociais de proximidade, dende logo, para nós non é ridículo. Garantir a permanencia nos fogares desas persoas maiores para nós non é ridículo, nin é ridículo que as persoas maiores que viven soas se sintan seguras no seu fogar, nin é ridícula a súa calidade de vida, en esencial a daquelas persoas en situación de dependencia. En todo este asunto o único que foi ridículo foi a postura da oposición, que esperemos que agora que saben que este programa funciona, que as persoas están contentas, que hai usuarios no rural que necesitan este programa e que se vai ampliar por parte da Consellería que deixen de pensar que é ridículo.

Moitas grazas, señora conselleira. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Rodríguez Arias.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a señora conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidenta.

Deputada Rodríguez Arias, moitísimas grazas polas súas achegas. Como xa dixen na miña primeira intervención, o Programa de coidados porta a porta é un programa e son uns servizos que se prestan que superou todo tipo de expectativas e que garante o dereito de facerse maior na súa casa a quen así libremente o desexe.



Pero, como saberán, este non é o único servizo que a Xunta de Galicia presta nos propios domicilios ou na contorna das persoas maiores, senón que a Xunta de Galicia tamén presta distintos servizos, como pode ser o servizo de axuda no fogar, no que Galicia é unha comunidade pioneira a nivel nacional; é un dos servizos mellor valorados polas persoas maiores porque queren, precisamente, ser atendidos nas súas propias casas e co que achegamos atención profesional a 24.000 persoas maiores, a 24.000 domicilios —1 de cada 3 persoas dependentes atendidas, seis veces máis que no ano 2009—.

Tamén prestamos outro servizo moi importante para todas aquelas persoas maiores que xa non poden ou non desexan cociñar, para que teñan unha alimentación sa e equilibrada, como é o Servizo de xantar na casa, co que a Xunta de Galicia presta 40.000 menús cada mes ás persoas maiores.

Tamén prestamos o servizo de teleasistencia básica e agora xa teleasistencia avanzada, que fai a Xunta de Galicia en colaboración coa Cruz Vermella, do que desfrutan preto de 6.000 usuarios na nosa comunidade e que funciona 24 horas ao día.

E tamén a Rede de casas do maior, que, como ben saben, son pequenos centros de día no rural galego totalmente gratuítos para todos os usuarios e que no 2020 duplicará a súa presenza ata chegar a 60 instalacións.

Señorías, a boa acollida de todos estes programas pon de manifesto que a Galicia de hoxe continúa sendo un referente nuns servizos que permiten que os nosos maiores poidan permanecer no seu fogar e na súa contorna sen renunciar nunca a ser atendidos coas máximas calidades e garantías.


Moitas grazas a todos. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora conselleira.

Non habendo máis asuntos que tratar, finaliza a sesión.

Remata a sesión ás sete e trinta e tres minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

